


MIAREMIA GNUM

publicación galega sobre os trastornos do espectro do autismo

 n° 14 - 2010


*UN FUTURO
PARA O AUTISMO*



UN FUTURO

AUTISMO GALICIA

PARA O AUTISMO

MAREMAGNUM
 AUTISMO GALICIA
Nº 14. Ano 2010
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Secretaría Xeral de Política Lingüística e

Felicia Estévez Salazar

Ilustración portada

Reimundo Patiño

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Difux, S.L.

Sumario

5

Editorial

UN FUTURO PARA O AUTISMO

9

GALICIA NO ANO EUROPEO DE LOITA CONTRA A POBREZA

Santiago González Avión

25

A EDUCACIÓN DE ADULTOS PARA AS PERSOAS CON TEA:
ANÁLISE EPISTEMOLÓXICA E ALGUNHAS PROPOSTAS PARA O SEU
DESENVOLVEMENTO

Domingo García Villamisar e Araceli del Pozo Armentía

41

RECOÑECEMENTO DAS EMOCIÓNS EN PERSOAS CON TEA

Manuel Ojea Rúa

51

TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO:
TERAPIA GRUPAL E TEATRO DE TEXTO

Ermel Morales Ramón

59

OS DEREITOS DAS PERSOAS ADULTAS CON TEA E A CONVENCIÓN
DA ONU DE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Inés de Araoz Sánchez-Dopico

65

O FUTURO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ENVELLECIDAS

Cipriano Luís Jiménez Casas

75

CLAVES PARA A REFLEXIÓN SOBRE A ATENCIÓN A PERSOAS ADULTAS
CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO EN GALICIA

M^a Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez

93

O CASO BEGONIA

Manuel Rivas Barrós

99

REIMUNDO PATIÑO NOS SEUS ANOS INICIAIS

X. L. Méndez Ferrín

UN FUTURO PARA O AUTISMO

Editorial

“A Future for Autism–Un futuro para o Autismo”. Velaí o slogan que Autismo Europa (AE), vai utilizar para o seu IX Congreso Internacional, que se celebrará en Catania-Sicilia (Italia), do 8 ao 10 de outubro de 2010. Os temas a debater neste Congreso xiran arredor da neurociencia, funcionamento cognitivo, neurobioloxía, epidemioloxía e xenética, tratamento e servizos de cara a un mellor futuro para as persoas con trastornos do espectro do autismo (TEA) e as súas familias. Cada catro anos, AE trata de poñer o día e informar das achegas que sobre os TEA, están levando a cabo equipos interdisciplinarios de investigación a nivel internacional, dando a coñecer a través dos expertos máis salientables neste campo, os progresos máis recentes tanto na abordaxe como no tratamento que este colectivo precisa.

Estas actividades que desenvolven AE, así como a Organización Mundial do Autismo (OMA), tratan de rachar coas falsas crenzas do pasado sobre un trastorno, considerado enigmático. Fronte a posición de AE, atopámonos no día a día con noticias e informacións sobre os TEA, que tratan de ofrecerlle a poboación en xeral e sobre todo as familias, descubrimentos e expectativas, non sempre rigorosas e que crean estados de opinión especulativos, por non dicir tendenciosos. Isto é ben coñecido polos profesionais e as propias familias das persoas con TEA, na medida en que estamos diante dun dos problemas mais complexos e problemáticos, tanto no terreo científico, como humano e por suposto social.

A esta circunstancia hai que engadir unha incidencia do autismo, que pasou dos 4-5 casos por 10.000 persoas, a unha taxa na que 6 de cada 1000 menores de 10 anos, poderían ter afectadas a súa capacidade de comunicación, relación e imaxinación. En Galicia, cunha poboación de 224.292 nenos e nenas menores de 10 anos (2008), atopariámonos con 1.345 casos de nenos e nenas con autismo en idades escolares. Sen embargo, o incremento da pre-

valeza neste tipo de trastornos, actualmente considerase en 1 de cada 110 nacementos, polo que nos atopamos cun trastorno que esta a crear grande preocupación sanitaria, económica e por suposto social, considerando o autismo, en certos sectores, como unha crise de saúde pública.

As Nacións Unidas, profundamente preocupadas pola elevada incidencia do autismo nos nenos e nenas de tódalas rexións do mundo e polos seguintes problemas de desenvolvemento que afectan os programas a longo prazo de saúde, educación, capacitación e intervención emprendidos polos gobernos, as ONGs e o sector privado, así como polas súas terribles consecuencias nos nenos e nenas, as súas familias, as comunidades e a sociedade, proclamou que o día 2 de abril e desde o ano 2008 se celebre: “O Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo”.

O autismo pode aparecer en calquera tipo de familia, independentemente da súa pertenza a un grupo étnico ou social e afecta de forma severa e profundamente a forma na que a persoa se comunica e relaciona co seu medio. O autismo é un trastorno complexo, que perdura ao longo da vida. As súas causas son múltiples e perturba o funcionamento cerebral podendo ser identificado desde a infancia. Os mecanismos implicados na súa disfunción neurolóxica aínda son imprecisos.

Non existe a día de hoxe ningún tratamento para este trastorno xeneralizado do desenvolvemento. Sen embargo, as persoas con autismo poden facer verdadeiros progresos si o diagnóstico precoz e seguido por un tratamento tempera e unha educación especializada e adaptada a cada persoa.

A maioría das persoas con autismo e as súas familias teñen necesidade dun apoio intenso ao longo da súa vida de cara a reforzar o seu potencial e suavizar o día a día duramente afectado polo autismo.

Neste numero de *Maremagnum*, coincidente co: Ano Europeo de loita contra a pobreza, Santiago González Avión, trata deste tema, especialmente referido a súa situación en Galicia. A revista trata de desenvolver toda unha serie de temas fundamentais de cara a ser participes e apostar por: “Un futuro para o autismo”, tal como AE, vai tratar no seu Congreso de Catania (2010). Domingo Garcia Villamisar e Araceli del Pozo Armentia desenvolven unha cuestión fundamental e de fai tempo demandada; “A educación de adultos para as persoas con TEA. Análise epistemolóxica e algunhas propostas para o seu desenvolvemento”; Manuel Ojea Rúa, trata un tema de máxima intres, o que se están dedicando actualmente outros investigadores; “O recoñecemento das emocións nas persoas con TEA”; Ermel Morales Ramón, fai un achegamento interesantísimo sobre; “Terapia de grupo e teatro de texto en persoas con TEA”, como modelo que procura o desenvolvemento da capacidade comunicativa nos TEA. Inés de Araoz Sánchez-Dopico, como responsable da área xurídica da Confederación Autismo España nos achega un tema capital para as persoas con TEA; “Os dereitos das persoas adultas con TEA e

a convención da ONU de dereitos das persoas con Discapacidade”; Cipriano L. Jiménez Casas, trata de introducir o debate sobre as futuras residencias para persoas con autismo envellecidas, co artigo; “O futuro das persoas con discapacidade envellecidas”. M^a Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez, en función da súa experiencia e do seu posto de traballo como directores xerentes de ASPANAES e Fundación Menela, respectivamente, nos dan unha visión da situación en Galicia das persoas adultas con TEA, no seu traballo: “Claves para a reflexión sobre a atención a persoas adultas con trastornos do espectro do autismo en Galicia”.

Na nosa “sección cultural”, xa consolidada, contamos coa colaboración de dous académicos excepcionais. X. L. Méndez Ferrín e Manuel Rivas Barrós. O profesor Méndez Ferrín, Presidente da Real Academia Galega e proposto por varias institucións como candidato para o Premio Nobel de Literatura, escribe sobre a figura de Reimundo Patiño. Manuel Rivas, o mais internacional dos nosos escritores contemporáneos, nos regala unha historia fantástica: “O caso Begonia”.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director de *Maremagnum*

GALICIA NO ANO EUROPEO DE LOITA CONTRA A POBREZA

Santiago González Avión*

Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galicia)

RESUMO

A finais dos anos 80, o equipo de Jacques Delors, daquela presidente da Comisión Europea, chegou á conclusión de que para crear cohesión social en Europa cumpría unha estratexia decidida a prol do emprego (Crecemento, competitividade, emprego- Retos e pistas para entrar no século XXI -Libro branco- COM (93) 700, decembro de 1993). Ao pouco tempo, agregouse a esa axenda de traballo, como un engadido, aínda non como un sistema integrado, unha aposta polos servizos sociais, como un piar máis da construción europea (Política social europea -Un paso adiante para a Unión - Libro branco. COM(94) 333, xullo de 1994). Completou a reflexión unha indicación clara de que a educación e a formación debía avanzar de cara a un sistema integrado, e formaban parte do futuro do benestar en Europa (Libro branco sobre a educación e a formación - Ensinar e aprender – Cara á sociedade cognitiva COM(95) 590, novembro de 1995).

* Licenciado en Filoloxía Hispánica (UNED-Madrid), Socioloxía (UNED-Madrid) e Teoloxía (P.U. Comillas-Madrid). Participou en asociacións xuvenís, culturais, veciñais, comunitarias e deportivas. En 1984 entrou no mundo do voluntariado, primeiro con colectivos de excluídos (esp. comunidade xitana), e logo en ONG de Cooperación e desenvolvemento. A súa experiencia no voluntariado levouno á acción social en Cáritas e no Secretariado Gitano, Fundación que coordina en Galicia desde hai case unha década.

Foi relator e formador en diferentes xornadas e seminarios, tanto a nivel nacional como internacional (Portugal, Holanda, Francia, Marrocos...). Como ensaísta publicou: *Abrente Incerto: pobreza, dereitos e desenvolvemento na Galicia de hoxe* (Sotelo Blanco, 1998), Premio Vicente Risco 1998 de ensaio e *O voluntariado social. Un camiñar compartido* (Xerais 2001).

Introducción

O futuro do benestar en Europa tendo en conta as políticas a favor do emprego, a educación e a formación deberían avanzar e formar parte dun sistema integrado polos servizos sociais, tal como así fora proposto polas políticas sociais enunciadas pola Unión Europea. Estes elementos foron integrados na Estratexia de Lisboa, unha clase de plan estratéxico da Unión Europea que pretendía converter a economía da Unión na economía do coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo, antes do 2010, capaz dun crecemento económico duradeiro acompañado por unha mellora cuantitativa e cualitativa do emprego e unha maior cohesión social.

Ademais, a Unión Europea comprometeuse cos obxectivos de desenvolvemento do milenio, tanto desde o punto de vista de loita interna de loita contra a pobreza extrema e as súas causas, como desde a óptica da cooperación internacional.

Fixéramos como europeos unha aposta por acabar coa pobreza e coa exclusión social, de maneira que viviríamos nunha sociedade de xustiza, de cohesión social e de prosperidade. Parecía que os poderes públicos, os movementos sociais e a sociedade civil, cada quen desde a súa óptica, pero de xeito concertado, uniran as súas vontades para lograr unha transformación positiva da sociedade, que evitase os males do pasado e que fose estable de cara ao futuro.

Non obstante, lonxe do futuro idílico que proxectamos, a crise do capitalismo global desatada a partir de mediados de 2007 e desenvolta en dúas vagas, a primeira de carácter financeiro e a segunda relativa á débeda soberana dos estados, particularmente relacionada cos plans de rescate e cos plans de estímulo, consecuencias da primeira onda, está deixando un panorama pouco alentador. Existían dous camiños posibles ante esta situación: abordar primeiro o crecemento económico e a estabilidade financeira, e deixar para un segundo momento a creación dun marco de equidade e de seguridade para as persoas, ou conxugar as medidas de carácter económico coas de índole social e ambiental.

Os sindicatos, os movementos ambientalistas e o sector social mobilizáronse na defensa das persoas e da Europa social, e crearon a Alianza de Primavera no ano 2009. Non obstante, outras decisións importantes ao respecto estaban xa en marcha.

Unha decisión institucional, un compromiso de Europa

“A Unión Europea é unha das rexións máis ricas do mundo, porén, o 17% dos europeos carecen dos recursos necesarios para cubrir as súas necesidades básicas”¹. Con esta afirmación encabeza a Comisión Europea a súa funda-

1. <http://ec.europa.eu/social/main.jsp?langId=es&catId=637>

mentación para declarar (o 22 de outubro de 2008) o ano 2010 como Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social. Paga a pena seguir a argumentación da comisión, porque non se trata de manifestacións feitas por activistas, senón polo máximo órgano de xestión da Unión Europea²:

“Case 84 millóns de europeos corren o risco de caer na pobreza, é dicir, viven na inseguridade e vense privados do que a maioría das persoas dan por sentado.

Vivir na pobreza pode carrexar diversos problemas, desde non ter diñeiro suficiente para comprar alimentos e roupa até vivir nunha vivenda precaria ou mesmo carecer de fogar. A pobreza significa tamén ter un estilo de vida con menos opcións, que pode levar á exclusión social.

Inspirándose no principio fundacional de solidariedade, a Unión Europea xuntou esforzos cos estados membros para converter 2010 no Ano Europeo de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social. Os obxectivos principais son sensibilizar os cidadáns sobre esta cuestión e renovar o compromiso político da UE e os estados membros coa loita contra a pobreza e a exclusión social.

O principio reitor do Ano Europeo 2010 é canalizar as preocupacións das persoas que sofren a pobreza e a exclusión social e fomentar a participación dos cidadáns europeos e outras partes interesadas nestas cuestións vitais.

Este ano europeo pretende ademais combater os estereotipos e a imaxe que ten a xente da pobreza. Partindo dos principios europeos de solidariedade e cooperación, 2010 quere facer un chamamento para abordar directamente as causas da pobreza e asegurarse de que todo o mundo participa plenamente e de forma activa na sociedade.

Unha decisión tan transcendente non sería posible se o máximo órgano de representación existente na Unión Europea, o Parlamento Europeo, non fixese unha significativa declaración ao respecto³:

“(11) Na súa Resolución de 15 de novembro de 2007 sobre a avaliación da realidade social, o Parlamento Europeo destacou que o fortalecemento da cohesión social e a erradicación da pobreza e da exclusión social deben converterse nunha prioridade política da Unión Europea.

2. <http://www.2010againstopoverty.eu/about/?langid=es>

3. DECISIÓN 1098/2008/CE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 22 de outubro de 2008 relativo ao Ano Europeo de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social (2010)

(12) A loita contra a pobreza e a exclusión social hase de abordar tanto no seo da Unión Europea como no ámbito exterior, con arranxo aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio das Nacións Unidas que subscribiron a Unión Europea e os seus Estados membros.

(13) O problema da pobreza e a exclusión social adopta formas amplas, complexas e pluridimensionais. Gardan relación cunha gran cantidade de factores, como os ingresos e as condicións de vida, a necesidade de oportunidades educativas e de traballo dignos, os sistemas de protección social eficaces, a vivenda, o acceso a servizos sanitarios e outros servizos de boa calidade, así como unha cidadanía activa. Por conseguinte, deben participar os interesados en todos os ámbitos políticos pertinentes.

(14) Daquela, a prevención e a loita contra a pobreza requiren políticas pluridimensionais a nivel nacional, rexional e local que garantan o equilibrio entre as políticas económicas e sociais e estratexias focalizadas para os grupos ou as persoas en situacións particularmente vulnerables. O Ano Europeo pode axudar a estimular este tipo de políticas pluridimensionais, do mesmo xeito que o desenvolvemento posterior dos indicadores pertinentes”.

O Parlamento incluso indica as prioridades concretas que se pretenden desenvolver. Son as seguintes:

–“promover estratexias integradas pluridimensionais para previr e reducir a pobreza, especialmente a pobreza extrema, e enfoques que se integrarán en todas as políticas relevantes,

–loitar contra a pobreza infantil, incluída a transmisión da pobreza dunha xeración a outra, así como a pobreza nas familias, con especial atención ás familias numerosas, ás monoparentais e ás familias cunha persoa dependente a cargo, e a pobreza na que viven os nenos nas institucións,

–promover mercados laborais que propicien a inclusión, abordando o problema da pobreza no emprego e a necesidade de facer que traballar resulte rendible,

–erradicar as desvantaxes en materia de educación e formación, incluída a formación en alfabetización informática e a promoción do acceso igualitario ao TIC, prestando especial atención ás necesidades específicas das persoas con discapacidade,

–abordar as perspectivas de xénero e idade da pobreza,

–garantir o acceso igual a servizos e recursos adecuados, incluídas unha vivenda digna, a sanidade e a protección social,

- facilitar o acceso a oportunidades culturais e de lecer,*
- superar a discriminación e promover a inclusión social dos inmigrantes e das minorías étnicas,*
- promover enfoques integrados de inclusión activa,*
- abordar as necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias, das persoas sen fogar, así como dos demais grupos ou persoas en situacións vulnerables”.*

Estas prioridades revelan a existencia dunha análise fonda, tanto das problemáticas existentes como das alternativas que xa teñen demostrada eficacia na loita contra a pobreza e a exclusión social no noso contexto social e político. Acaso sería oportuna unha maior xerarquización entre as diferentes realidades relacionadas, así como unha maior clarificación dos diferentes termos empregados, que os faga comprensibles fóra do contexto das declaracións políticas da Unión Europea. Pero, en calquera caso, pola nosa parte concordamos na existencia desas prioridades na actuación e na pertinencia das propostas realizadas.

Contexto e retos do Ano Europeo

O problema da xerarquización das prioridades enunciadas polo Parlamento está relacionado cos contextos nos que se programou e, sobre todo, nos que se está a celebrar o Ano Europeo contra a Pobreza.

En primeiro lugar, a crise. Desenvolta como crise financeira, pero comezada como crise alimentaria e incrementada como carestía das materias primas en xeral. A crise pon en cuestión tanto o modelo de desenvolvemento (claramente insostible e desigual) como o modelo de financiamento (coa importación dos aforros dos países emerxentes para manter os niveis de vida dos países centrais). A saída da crise financeira pide un novo axuste entre as principais moedas do mundo, e unha maior correlación entre capacidade de crecemento e capacidade de financiamento. Os ataques contra o euro debemos enmarcalos non só nos procesos especulativos, que existen, senón sobre todo na necesidade de que a libra e o euro valgan menos e o dólar e especialmente o yuan valgan máis nos mercados internacionais. Pero eses ataques tamén o son contra os estados soberanos que sosteñen o euro. Porque deben diñeiro que neste momento rende moito máis nos países emerxentes (os BRIC⁴, por empregar unha terminoloxía actual pero efémera). Estamos camiño dun novo equilibrio entre crecemento e financiamento, e dificilmente

4. Brasil, Rusia, India e China, así como os restantes países emerxentes, tanto de América Latina como de Asia, incluído algún africano e de Medio Oriente.

podemos seguir beneficiándonos dun xogo que nos favoreceu pero que comeza a prexudicarnos.

A perda de capacidade de financiamento tamén está asociada á perda de pulo demográfico. Os países centrais, e especialmente Europa, camiñan de cara a un ocaso demográfico que dificulta o crecemento futuro. Mentres, os países emerxentes teñen potenciais demográficos moito máis fortes, aínda que equilibrados. Os países máis pobres carecen dese equilibrio, e non teñen posibilidades sociais, económicas nin culturais de crear unha educación formal que dea oportunidades aos seus novos habitantes no marco da sociedade mundial.

Así mesmo, as melloras sanitarias dos tres últimos séculos, conduciron a que as sociedades europeas teñan máis persoas maiores dependentes, e fagan moito máis viables socialmente as persoas con discapacidade. Son ambas as dúas excelentes noticias e que falan da capacidade de humanización que creou a conxunción entre a nosa ética (de raíz cristiá fortemente secularizada) e a nosa tecnoloxía. Pero que constitúen un reto asociado ao avellentamento e á falta de pulo demográfico.

A ética, a tecnoloxía e o poderío militar foron as claves do dominio Europeo durante os últimos cinco séculos. O poderío militar quedara nun segundo plano logo da 2ª Guerra Mundial, sometido á polaridade entre os EUA e a URSS. Agora o que preocupa é a perda de dinamismo tecnolóxico. A estratexia de Lisboa pretendeu situar a sociedade do coñecemento no couzo entre a creación de riqueza e a distribución do benestar.

Pero Europa, a pesar da excelencia de moitas empresas e ámbitos de desenvolvemento, está lonxe de andar na vangarda tecnolóxica. Consume máis que innova. E tamén neste ámbito as posibilidades de crecemento son minúsculas.

Queda, acaso, o liderado social. O chamado “modelo social europeo” constitúe un armazón institucional, político, e social, fundamentado nos valores compartidos polas diversas tradicións culturais europeas que configura un espazo de benestar, de liberdade, de seguridade e de equidade sen igual no mundo. Acaso a barbarie da guerra que levou ao declive militar durante o século XX foi o fundamento último da aposta europea para crear este espazo. A súa conservación, porén, non está garantida. Lonxe da conciencia común, na que parece connatural aos pobos de Europa a equidade e a protección social, existen fortes tensións que ameazan con levar da escena política a nosa solidariedade cando máis precisamos dela.

Existen dúas cuestións sociais que, lonxe de estar estabilizadas, continúan a establecer novas dinámicas positivas, pero tamén novas fendas nas sociedades europeas, e non podemos prognosticar nin o seu alcance nin o seu resultado a medio prazo para a inclusión social. Dunha banda está a cuestión de xénero, como apuntaban as prioridades do Parlamento Europeo. Doutra está todo o relativo á diversidade cultural. A cuestión cultural é crecemente-

mente complexa, porque o nacionalismo dos séculos XIX e XX non foi capaz de facer coincidir as fronteiras dos estados coas realidades nacionais, porque os dereitos das minorías non sempre son recoñecidos polos sistemas maioritarios e porque as migracións establecen graos crecentes de heteroxeneidade cultural, especialmente no ámbito relixioso, xa que as bases tecnolóxicas das culturas están a esvaecer e que devala a diversidade lingüística.

Para facer fronte a este conxunto de retos, a Unión Europea xa puxera en marcha a Estratexia de Lisboa, con tres piares fundamentais: o económico, coa súa aposta polo coñecemento como base do desenvolvemento; o social, coa súa focalización no desenvolvemento das persoas como base da cohesión; e o ambiental, incorporado no cumio de Gotemburgo, coa súa prioridade pola sustentabilidade. O pilar económico, como teñen reflectido numerosas críticas, está reforzado polo Pacto de Estabilidade e Crecemento (con capacidade sancionadora) e polos criterios de converxencia, mentres que os criterios ambientais e sociais dependen en exclusiva do Método Aberto de Coordinación (MAC) que tamén é aplicable aos obxectivos económicos.

Ademais, a avaliación intermedia da estratexia (realizada polo equipo de Wim Kok, ex-primeiro ministro de Holanda en 2005) apuntaba a un fracaso relativo da estratexia e insistía en concentrarse nos aspectos económicos, e deixaba en segundo plano os sociais e ambientais. A primeira presidencia do Consello de Durão Barroso (a partir de 2004) non é allea a este cambio de orientación. Só a insistencia dos axentes sociais e da sociedade civil conseguiu salvar parcialmente o proceso.

A irrupción da crise tivo o dobre efecto de situar as problemáticas sociais no centro da preocupación dos cidadáns, e de convencer a unha parte importante dos decisores da primacía da axenda económica.

Os dogmas económicos indican que sen crecemento económico non hai distribución posible. Os datos empíricos impoñen o convencemento de que durante os anos de crecemento (1993-2007) se incrementaron as desigualdades.

Os froitos do Ano Europeo

Con Europa progresivamente virada para a dereita e para a nacionalización progresiva das políticas comúns, a presidencia española durante o primeiro semestre de 2010 asumiu os retos de reforzar a gobernabilidade europea e de darlle un novo pulo á axenda social. Máis alá dos debates domésticos, as tensións vividas nos meses de maio e xuño levaron a un recorte drástico do gasto social para sanear as finanzas dos estados membros da Unión e para salvar o euro, como pilar económico e simbólico da construción europea. A pesar dos efectos fondamente negativos deses recortes do gasto público e do investimento en cohesión, o semestre da presidencia española conclúe con dous resultados esperanzadores: a creación de novos mecanismos de goberno económico europeo e a aprobación da Estratexia 2020.

Os mecanismos de goberno económico son consecuencia dunha febleza estrutural da moeda única europea: a carencia de mecanismos reguladores, máis alá do Banco Central, para a toma de decisións económicas vinculantes. Porque os ataques dos especuladores contra a débeda soberana dos países mediterráneos que forman parte da Eurozona non serían importantes salvo porque existen problemas de fondo nesas economías que non foron abordados, nin para a través dos mecanismos de compensación territorial (fondos estruturais, fondos de cohesión), nin a través dos mecanismos reguladores de entrada no euro, e, menos aínda, polas inercias dos mercados nos tempos de bonanza económica. A especulación contra a débeda dos países ten un efecto directo sobre a solvencia da moeda común, polo que os países centrais, sobre todo Alemaña, tiveron grande interese no establecemento de novos mecanismos de supervisión e control económico.

Sen estabilidade económica (e non estou a falar de crecemento) a cohesión social non é viable. Pero a estabilidade non garante a existencia dunha sociedade inclusiva. Por iso resulta radicalmente importante a existencia dunha estratexia común na procura dun crecemento intelixente, sostible e integrador. Debo insistir que, desde un punto de vista crítico, a procura do crecemento non é de seu unha pretensión. A pregunta é se debemos crecer e, sobre todo, en que sentido. Cando unha parte dos pensadores máis lúcidos comezan a falar de “decrecemento”, precisamente coa vista posta na sustentabilidade da vida sobre a terra, cómpre preguntarse pola intelixencia, a cohesión e a integración ambiental do crecemento que propoñamos.

Cómpre salientar que a redacción da estratexia foi precedida dunha consulta europea para tal fin. E que foi a insistencia das organizacións sociais a que axudou a convencer a Comisión de que non era o tempo de prescindir da axenda social e ambiental, como se tentara facer a mediados da década, logo dos sucesivos atrasos e fracasos parciais da estratexia 2010.

A consulta demostra que, aínda lonxe de calquera experimento de democracia participativa, a mobilización das persoas no marco dos mecanismos de consulta e participación establecidos, poden ter un efecto positivo na introdución de presións políticas de carácter transparente e solidario.

Tres son as dimensións básicas declaradas da Estratexia 2020⁵: a economía do coñecemento e a innovación, a sustentabilidade ecolóxica e a cohesión social e territorial. En coherencia con esas prioridades, márcanse os seguintes obxectivos, de carácter cuantificable, aínda que algunha das súas formulacións resulte ambigua:

–“O 75 % da poboación de entre 20 e 64 anos debería estar empregada.

5. Cf. *Europa 2020. Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador*, en <http://ec.europa/2020>

–O 3 % do PIB da UE debería ser investido en I+D.

–Debería alcanzarse o obxectivo «20/20/20» en materia de clima e enerxía (incluído un incremento ao 30% da redución de emisións de darse as condicións para iso).

–A porcentaxe de abandono escolar debería ser inferior ao 10% e polo menos o 40 % da xeración máis nova debería ter estudos superiores completos.

–O risco de pobreza debería ameazar a 20 millóns de persoas menos⁶”.

En efecto, a formulación menos clara fai referencia ao uso da enerxía. E, mesmo clarificando que se trata dunha mellora dun 20% da eficiencia enerxética (menor consumo), un incremento nun 20% das enerxías renovables e unha diminución dun 20% dos gases de efecto invernadoiro, que podería chegar a ser un 30% de darse as circunstancias oportunas, ese obxectivo non deixa de ser pouco claro na súa redacción e pouco ambicioso no seu horizonte. En cambio, os tres parámetros sociais son claros na súa formulación e ambiciosos no seu alcance. Trátase de reducir nun 25% a extensión da pobreza en Europa, de mellorar a dotación de capital humano e de reducir o fracaso escolar, e deixar o abandono prematuro (entendido como abandono anterior á maioría de idade) por debaixo do 10% e lograr un 75% de ocupación entre os 20 e os 64 anos. Neste obxectivo está implícito un obxectivo de paridade de xénero no mercado de traballo, así como de emprego xuvenil e de inserción laboral das persoas maiores de 45 anos. A conxunción deste primeiro obxectivo co derradeiro de loita contra a pobreza, deseña tamén unha acción concertada contra a pauperación dos participantes no mercado de traballo.

A aprobación desta estratexia constitúe un éxito para quen procura “unha Europa na que poidamos confiar”. E, non obstante, trátase dun éxito insuficiente. Non porque debamos esperar máis das instancias de coordinación europea, senón porque a execución das políticas correspóndelles aos estados membros, e mesmo aos mecanismos de descentralización existentes (no caso do Estado español, as comunidades autónomas), polo que resulta imprescindible preguntarnos polo momento que estamos a vivir en Galicia e as posibilidades que temos de intervir nas políticas sociais do noso país.

A pobreza e a exclusión social en Galicia

Comparado co conxunto do Estado español, e tamén da Europa occidental (A Unión Europea de 15 estados membros) Galicia é un país pobre aínda

6. Idem., páx. 3.

que relativamente ben cohesionado. Sobre a primeira afirmación, a súa condición de país “Obxectivo converxencia”, implica que a finais de 2005 non atinxira o 75% da renda media da Europa de 15 membros. Con posterioridade, o noso país mellorou a súa posición relativa no seo da Unión, e, afortunadamente, resulta imposible manter a actual cualificación no seo dunha Europa de 27 membros. Pero iso non anula a desvantaxe relativa respecto da Europa Occidental, que en termos xerais viuse reducido nos anos de pertenza á Unión. Sobre a segunda afirmación, o nivel de dispersión da renda en Galicia é menor que no conxunto de España e similar ao da Unión Europea de antes da ampliación. A diferenza está en que, mentres que nos países nórdicos e centrais a cohesión é froito das políticas de benestar e solidariedade, en Galicia é froito dunha enorme fragmentación da propiedade, para comezar pola propiedade da terra e para seguir pola dimensión media das empresas. Ambos os factores teñen un peso decrecente na estrutura económica e social do país, polo que a desigualdade tende a incrementarse, e as políticas sociais son a ferramenta correctora que debe tomar protagonismo para os próximos tempos.

Agora ben, cando falamos de pobreza no noso contorno, estamos a referirnos a un parámetro exclusivamente económico que medidos en función da renda dispoñible por persoa e por unidade familiar. Concretamente, en Europa vimos considerando pobres as persoas que teñen menos do 60% da mediana da distribución dos ingresos. Con anterioridade, empregábase o 50% da media. Pero de todos é sabido que as desigualdades sociais fan que o valor mediano na distribución da renda estea distante, nun nivel inferior, do valor medio. O axuste realizado dá un valor relativo máis adecuado ás dinámicas sociais de precariedade.

Pero estas dinámicas só quedan adecuadamente reflectidas baixo o concepto de exclusión social. Por exclusión social entendemos os procesos de perda de integración ou participación da persoa na sociedade nos ámbitos económico, político-administrativo, social e cultural, que dificultan ou impiden exercer os dereitos sociais con que conta a maioría da poboación.

En Galicia, durante os anos 90 do pasado século produciuse unha forte controversia sobre a extensión e a intensidade da pobreza, especialmente no que atinxe á primeira das magnitudes. Non se trataba só de reducir ou incrementar o número das persoas pobres, conforme aos lexítimos intereses de cada quen, senón tamén de dirimir se era preciso tomar como universo á propia Galicia ou o conxunto do Estado. A polémica foi cedendo na medida que o equipo do profesor Carlos Gradín, da Universidade de Vigo, foi situando o debate sobre a pobreza en termos exclusivamente económicos, como propoñemos na nosa interpretación, permitindo o establecemento de cotas comparativas tanto desde o punto de vista interno da propia sociedade galega, como desde a comparación co conxunto do Estado e mesmo de Europa a través das series estatísticas dispoñibles, especialmente da enquisa de orzamentos familiares.

De feito, unha das conclusións máis relevantes da publicación *A pobreza e a exclusión social en Galicia* (Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2006) é que considerando a mediana do ingreso estatal o risco de pobreza en Galicia situábase arredor do 20%, mentres que referindo a pobreza ao ingreso mediano na sociedade galega esta posibilidade diminúe ata o 14,8% en 2004. Esta mesma diferenza era apreciable a mediados da década anterior entre quen tomaba Galicia como termo de comparación (Jordi Estivill para a Xunta de Galicia) e quen falaba da pobreza en relación coa media do Estado (Informe FOESSA que estimaba un 19.9% de poboación pobre en Galicia, tomando como referencia o 50% da renda media). Agora ben, ambos os estudos procuraban realizar un achegamento ás variables sociais e persoais da vivencia da pobreza, achegándose ao criterio interpretativo da exclusión social. En cambio, a literatura dispoñible na primeira década deste século ten afondado menos nos procesos de exclusión que, non obstante, se converte na matriz interpretativa fundamental para a acción social desde a avaliación dos programas “pobreza” da Unión Europea.

Non obstante, resulta claro que as principais tendencias continúan o seu decurso, e mesmo se teñen afondado⁷. Concretamente, a primeira fenda social divide a Galicia interior e a Galicia costeira, e coincide coa fenda entre a Galicia envellecida e unha Galicia que aínda ten un futuro demográfico posible. Porque ser maior é o primeiro risco de pobreza entre a poboación adulta, e porque os maiores incrementos de risco de pobreza entre 2001 e 2004 se producen nesa franxa de idade. Por outra banda, a residencia en concellos pequenos (de tamaño inferior ao 20.000 habitantes) incrementa o risco de pobreza case un 2,5% respecto da poboación total. Este panorama modifícase parcialmente cando falamos da pobreza extrema. Porque entre os adultos, as pensións temperan a presenza de persoas maiores de 65 anos, mentres que a exclusión do mercado de traballo eleva de forma relevante a presenza de xente que ten entre 45 e 64 anos.

Agora ben, o máis salientable é que tanto baixo o limiar da pobreza, como baixo o da pobreza extrema, sempre o primeiro colectivo son os menores de 16 anos. Digámolo dun xeito gráfico: na historia de Galicia nunca os menores de 16 anos foron porcentualmente tan poucos. E nunca tantas desigualdades houbo entre eles. Porque a medida que diminúe a natalidade, maior representación teñen nela as familias con menos medios económicos. Cómpre, daquela, pensar nunha política distributiva da igualdade de oportunidades para a infancia similar á de protección da terceira idade, para garantir a viabilidade demográfica e a cohesión social do país de cara ao futuro.

Desde o punto de vista de xénero, a feminización da pobreza parece un camiño imparabile, fronte ao que debemos reflexionar e actuar. Entre 2001 e

7. Cf. *A pobreza e a exclusión social en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2006.

2004 as mulleres pasan de ser o 52,5% ao 53,8% da poboación pobre. Non estamos diante das cifras arrepiantes das sociedades verdadeiramente pobres do mundo, pero a maior lonxevidade das mulleres, que son de seu un factor de empobrecemento, e máis cando falamos das viúvas, así como o incremento do número de familias monoparentais, deseñan a desigualdade entre homes e mulleres (aínda que este último factor pareceu atenuarse entre 2001 e 2004, e pasou do 12,3% ao 9,4% do conxunto da poboación pobre).

Desde o punto de vista da ocupación, durante os últimos anos medrou o desemprego, a pesar da tímida recuperación dos últimos meses. Pero, desde o punto de vista da estrutura da ocupación, debemos destacar a perda de peso progresiva do emprego autónomo e dos réximes especiais de cotización, así como o incremento da salarización da sociedade galega, que vai camiño da converxencia do conxunto de España. A Organización de Profesionais Autónomos de Galicia (OPA-Galicia) calcula unha perda de 220 postos de traballo autónomos mensuais en Galicia. En principio, esta tendencia obedece a outra máis ampla de tránsito das antigas ás novas clases medias, xunto cos procesos de urbanización e modernización económica. E, con todo, Galicia segue a estar sobre-representada no traballo autónomo, agrario e pesqueiro, fronte ao mundo do traballo por conta allea no réxime xeral.

Precisamente esa hipótese é a que fai comprensible o feito de que o risco de pobreza entre os traballadores asalariados (5,7% en 2004), sexa significativamente menor que o existente entre empresarios, con ou sen asalariados (10,4% e 17,4% respectivamente). Pero non impide que un 9% das persoas ocupadas se atopen en situación de pobreza (elévase ao 20% cando se trata de persoas ocupadas a tempo parcial). Aínda que este porcentual é inferior ao do conxunto do país, implica que para loita contra a pobreza cómpre elevar o salario mínimo interprofesional e, a un tempo, a produtividade dos factores, especialmente a través da cualificación progresiva da man de obra, cuestións ambas moi coherentes co marco estratéxico de loita contra a pobreza e a exclusión.

Que esperamos para Galicia?, que podemos facer?

Desde o noso punto de vista, a loita contra a pobreza debe ser unha prioridade en Galicia. E debe selo, comezando por considerar que non debemos resignarnos a continuar sendo un país pobre.

Esta circunstancia, á que podemos sacar importancia no debate da pobreza, está a configurarnos como un país que é a un tempo receptor de inmigrantes e emisor de emigrantes. Perdemos activos formados no país e dos que depende a súa reprodución demográfica, e gañamos outros activos formados fóra (aínda que relativamente menos formados, o que supón un factor de descapitalización) e que contribúen ao relevo xeracional e a novas formas de diversidade cultural. Ademais, mantemos a produción e perdemos poboación,

co que gañamos na distribución da renda. Esperamos para Galicia un cambio nas dinámicas da poboación que non proceda das inercias herdadas, senón que introduza un novo pulo.

En segundo lugar, cómpre substituír as dinámicas de cohesión tradicionais por outras modernas. Iso non implica que o sistema de propiedade herdado non sexa unha boa base para manter a cohesión social; senón que esta debe progresar de cara a un modelo de distribución salarial e fiscal por esa orde. Porque, como vimos comentando, nas sociedades modernas as rendas procedentes do traballo son a principal forma de distribución da riqueza, polo que as sociedades gañan en cohesión o que avanza en participación no mercado de traballo. Pero as rendas do traballo non son suficientes para crear cohesión, nin de cara aos maiores, nin de cara ás persoas con discapacidade, nin para a paridade de xénero nin para os colectivos máis desfavorecidos, especialmente as minorías, os desempregados de longa duración e as persoas con baixa cualificación. En todos eses ámbitos é fundamental contar cunha boa política fiscal. Parecería que pouco podemos facer a ese respecto, dado que non é no noso espazo político autónomo onde se toman as grandes decisións de política fiscal, pero a defensa da progresividade fiscal debe ser unha das bandeiras da loita contra a pobreza en todos os ámbitos de opinión e de decisión.

En terceiro lugar, Galicia debe gañar en cohesión territorial. Agora ben, dado que as entidades administrativas de carácter local non ofrecen niveis de eficiencia adecuados (nin os concellos nin as deputacións), o primeiro factor correctivo que debemos aplicar debe centrarse antes nos dereitos das persoas que no das institucións, e darlles prioridade antes aos dereitos de carácter persoal que aos de carácter territorial. E o segundo factor debe ser a creación de entidades máis eficientes, gañar en dimensión e evitar duplicidades, reforzar a concertación, mancomunar servizos e clarificar estratexias.

A prioridade que indicamos para os dereitos das persoas debe reforzar a transferencia de rendas ás persoas maiores e reconducir o seu empobrecemento progresivo. Pero fai falta dotarse dunha clara política de loita contra a pobreza infantil e contra a reprodución xeracional da pobreza. E iso só é posible cunha política de rendas para a infancia que se conxugue cunha política de igualdade de oportunidades educativas. Se no ámbito da xente maior existen poucas iniciativas sólidas, e os sucesivos atrasos no desenvolvemento da Lei de dependencia non son a mellor noticia, no ámbito dos máis novos, o debate é case inexistente.

Necesitamos con urxencia dotarnos dun bo diagnóstico de situación e celebrar debates que posibiliten o establecemento de verdadeiras políticas de compensación educativa, de atención á diversidade funcional e cultural, así como de inserción da xente nova nos mercados de traballo máis dinámicos da nosa terra.

Convén atender aínda ás políticas de paridade de xénero. Fronte ás prácticas de igualdade real, están as realidades da disparidade salarial e da feminización da pobreza. Cómpre tomar conciencia de que xa non é tempo das políticas de vulto, onde abonda con enunciarse unha prioridade para achegala. Agora cómpre traballar en matices, que teñen a súa relevancia. Por iso é máis necesario que nunca analizar os lugares sociais, espazos xeográficos, xurídicos, culturais ou simbólicos onde se producen as diferenzas para poder actuar. Pero, de primeiras, parece evidente que resulta necesario completar o acceso das mulleres ao mercado de traballo, e de compensar as desvantaxes procedentes da súa función cultural tradicionalmente reprodutiva co establecemento de mecanismos de profesionalización do coidado das persoas que permitan unha emancipación real. Do contrario os homes seguirán a ter unha función exclusivamente produtiva, mentres que a conxunción entre as funcións produtivas e as reprodutivas na biografía das mulleres dificultarán o fin do proceso. Tamén é necesario avanzar no recoñecemento social e salarial dos traballos que eran reprodutivos e pasan a ser produtivos.

Queda dito que cómpre atender á loita contra a desocupación e o desemprego, especialmente contra o desemprego de longa duración, o xuvenil e o das persoas maiores de 45 anos. Mellorar o sistema educativo, procurar un tránsito adecuado entre o mundo educativo e o mundo produtivo, reducir a porcentaxe de persoas inactivas entre 20 e 64 anos, capacitar as persoas e crear pontes para o mercado de traballo, son retos ineludibles para a próxima década. E, aínda que a flexibilidade laboral e a precariedade dos postos de traballo formen parte do panorama dunha primeira fase de recuperación do emprego, nunha segunda fase cómpre desenvolver políticas moi activas contra a depauperación dos traballadores, evitando unha dualización do emprego, e completar con medidas de protección social as de flexibilidade. Ata agora parece que na “flexecurity” o máis importante na axenda foron as medidas de “liberalización”, que deixaron na sombra as de protección e as de adaptación aos novos contextos produtivos (políticas activas de emprego e oportunidades laborais).

Queda por dicir que esta axenda non vén soa. Que require de axencias que a consoliden e difundan. Definimos as axencias como o ámbito intermedio de articulación social, entre as persoas e as estruturas. Daquela, podemos confiar no papel das axencias públicas, como pode ser o II Plan galego de inclusión social. Pero precisamos doutras axencias, independentes, que fagan da loita contra a pobreza e a exclusión social a súa razón de ser. Entre elas, ten sentido o reforzamento mutuo e a creación de grupos de presión e de opinión como a Rede Galega contra a Pobreza (EAPN-Galicia), como entidade de segundo nivel que agrupa e articula a outras nos seus intereses comúns de creación dunha sociedade máis xusta e cohesionada.

Por suposto que, para levar adiante esa axenda, será necesaria a creación de alianzas renovadas, tanto con instancias gobernamentais como con axen-

tes sociais (sindicatos, empresarios) e cos movementos sociais (ecoloxistas, feministas...). Pero, sobre todo, cómpre levar este debate ao conxunto da sociedade. Porque os ideais de liberdade, igualdade e fraternidade non deben formar parte da lembranza, senón que deben articular os valores que nos farán gañar o futuro para todas e cada unha das persoas que vivimos na Galicia de hoxe e soñamos a Galicia e a Europa do futuro.

Bibliografía

- AA.VV. *Claves sobre a pobreza e a exclusión social en España*, Fundación Luis Vives, Madrid, 2008.
- AA.VV. *A pobreza e a exclusión social en Galicia*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2006.
- EDIS, *Las condiciones de vida de de la Población Pobre de Galicia*, FOES-SA-Fundación Barrié de la Maza, Madrid-A Coruña, 1998.
- GONZÁLEZ AVIÓN, S. *Abrente incerto. Pobreza, dereitos e desenvolvemento en Galicia hoxe*, Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 1999.
- GRADÍN, DEL RÍO, *Desigualdad, pobreza y polarización en la distribución de la renta en Galicia*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2001.
- GRADÍN, DEL RÍO, CANTÓ, *La distribución de la renta en Galicia*, Fundación Caixagalicia, A Coruña, 2006.
- MUÑIZ, R. *O Pobo Oculto, pobreza e acción social en Galicia*, Ed. A Nosa Terra, Vigo, 1996.
- Discriminación, marxinación e exclusión social en Galicia*, Valedor do Pobo, Santiago de Compostela, 1998.
- II Plan galego de inclusión social*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2009.

A EDUCACIÓN DE ADULTOS PARA AS PERSOAS CON TEA: ANÁLISE EPISTEMOLÓXICA E ALGUNHAS PROPOSTAS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO*

Domingo García-Villamizar¹ e Araceli Del Pozo Armentia²
Departamento de Personalidade, Avaliación e Psicología Clínica
Universidade Complutense de Madrid

RESUMO

Neste artigo introdúcese as bases epistemolóxicas da educación de adultos do espectro autista. Pasa revista aos aspectos máis nucleares dende o punto de vista terminolóxico e conceptual e analízase a estreita vinculación existente entre as necesidades específicas dos adultos con autismo e a filosofía da educación de adultos e demóstrase que non só son compatibles, senón que é posible na práctica deseñar e desenvolver programas que satisfán as necesidades destas persoas.

**Palabras clave: autismo, poboación adulta, educación continua, rehabilitación neuropsicolóxica.*

1. Psicólogo. Profesor Titular de Psicopatoloxía e Psicología Clínica e Director da Sección Departamental de Personalidade, Avaliación e Psicología Clínica da Universidad Complutense de Madrid. Foi profesor das Universidades de Santiago de Compostela e Central de Barcelona. Investigador visitante nas universidades de Carolina do Norte, Penn State, Manchester, Londres e Milán (Departamento de Psiquiatría. Hospital Universitario de San Pablo) entre outras. Asesor científico e consultor de varias sociedades dedicadas a atención de persoas con trastornos mentais: Eltern für Integration (Alemania), Asociación Nuevo Horizonte (Madrid) e da Confederación Autismo España. Membro do Comité de Expertos do Consello de Europa en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento e dos grupos de investigación Metacognición e Trastornos Emocionais, Memoria, Emociones e Autismo. Universidades de Manchester, Edimburgo e George Mason (EE.UU). Liderou arredor de 15 programas de investigación e publicou máis dun centenar de artigos científicos e varios libros, a maioría en colaboración con outros profesores e investigadores tanto a nivel nacional como internacional. Algúns títulos recentemente publicados son: *Las depresiones infantiles, Terapia familiar y conyugal, El autismo y las Emociones, La hiperactividad infantil, El autismo en la vida adulta, El estrés de los profesores: Una perspectiva internacional, El autismo en personas*

Educación de adultos: Novo marco terminolóxico e conceptual

A educación de adultos, hoxe por hoxe, non se cuestiona como dereito da persoa, no marco amplo do dereito á educación.

As seis conferencias internacionais de educación de adultos convocadas pola UNESCO nos anos 1949 (Elsinor), 1960 (Montreal), 1972 (Toquio), 1985 (París), 1997 (Hamburgo) e 2009 (Brasil), supuxeron o maior impulso internacional á difusión e implantación do proxecto da Educación de Adultos.

O tema da conferencia ditada pola UNESCO en Montreal (1960): “A educación de adultos nun mundo en transformación”, introduce o concepto de continuidade da educación. Na declaración xeral, o fin da educación de adultos remítese ás esixencias máis profundas e globais do home, un ser complexo polas súas múltiples necesidades (De Natale, 2003), e a partir dos anos 80 a educación é concibida como un proceso continuo, propio da traxectoria biográfica da persoa na súa globalidade.

A medida que se foi modificando o modo de concibir a educación de adultos, xerouse unha diversificación terminolóxica que, supuxo, non obstante, un enriquecemento do termo.

Detémonos agora, con máis detalle nalgúns dos termos que contribuíron á evolución e configuración do concepto actual.

a) Educación de adultos

Na *Declaración de Nairobi* (1976): “A expresión educación de adultos, designa a totalidade dos procesos organizados de educación, sexa cal sexa o contido, o nivel e o método, sexan formais ou non formais, sexa que prolonguen ou substitúan a educación inicial dispensada nas escolas e universidades ou en forma de aprendizaxe profesional, grazas ás cales, as persoas consideradas como adultos pola sociedade á que pertencen, desenvolven as súas aptitudes, enriquecen os seus coñecementos, melloran as súas competencias téc-

adultas: Nuevas perspectivas de futuro, El síndrome del Perfeccionista. El anancástico. Na actualidade, os seus intereses centranse tanto a nivel clínico como de investigación na ansiedade, a depresión, os trastornos obsesivo-compulsivos e o trastorno por déficit de atención con hiperactividade e os trastornos do espectro do autismo.

2. Profesora. Facultad de Educación. Universidad Complutense de Madrid, Área de Personalidad, Evaluación y Tratamiento Psicológico. Investigadora no ámbito da “*pedagogía hospitalaria*” e na “*Educación Especial y Discapacidad*”. Colabora en proxectos de investigación no Autismo e Psicopatoloxía. A súa teses doutoral: “*Diseño y aplicación de un programa de intervención psicopedagógico en niños con cáncer*”, levouna a investigación en temas da infancia en situación de desvalemento. Últimamente, as súas investigacións están relacionadas coa área específica do Departamento de Personalidade, Avaliación e Tratamento. Facultad de Educación. Universidad Complutense de Madrid. Publicacións en Psicología da Personalidade e a Psicopatoloxía. Área da psicopatoloxía, proxecto de investigación financiado pola Consejería de Educación de la Comunidad de Madrid, denominado: “Programa de Educación de personas adultas - Formación para la Transición a la vida adulta de personas con autismo”.

nicas ou profesionais ou lles dan unha nova orientación e fan evolucionar as súas actitudes ou o seu comportamento na dobre perspectiva dun enriquecemento integral do home e unha participación nun desenvolvemento socioeconómico e cultural equilibrado e independente (UNESCO, 1976).

A educación de adultos non pode ser considerada intrinsecamente, senón como un subconxunto integrado nun proxecto global de educación permanente (*El libro blanco de la educación de adultos*. MEC. 1986).

Na actual terminoloxía utilizada no noso país aparece o concepto de educación de adultos como “Educación de persoas adultas”. Tamén o sumario lexislativo recollido na páxina web da comunidade de Madrid (www.madrid.org), utiliza igualmente este termo a partir da *Lei orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE, 1990)*.

b) Educación continua

Termo que evolucionou na súa concepción dende os anos 60 e cuxo significado se foi delimitando de xeito progresivo: de educación orientada a adultos que volven á educación formal, por non ter a oportunidade formativa axeitada no seu momento, a un significado máis actual cun matiz de formación profesional e vocacional orientado a programas de adestramento e dirixido a niveis formativos de persoas que xa posúen unha boa e axeitada formación (Rogers, 2003).

c) Educación permanente

Na Recomendación relativa ao desenvolvemento da educación de adultos, aprobada pola UNESCO en 1977, pódese ler o seguinte: “A expresión educación permanente designa un proxecto global encamiñado a reestruturar o sistema educativo existente e a desenvolver as posibilidades de formación fóra do sistema educativo. Neste proxecto o home é o axente da súa propia educación por medio da interacción permanente das súas accións e a súa reflexión. A educación permanente lonxe de limitarse ao período da escolaridade, debe abranguer todas as dimensións da vida, todas as ramas de saber e todos os coñecementos prácticos que poidan adquirirse e contribuír a todas as formas de desenvolvemento da personalidade.

Á educación permanente chamóuselle tamén educación vitalicia, educación continua, educación recorrente, educación non formal, desenvolvemento comunitario, educación popular (Pérez Montañés, 2000).

d) Aprendizaxe permanente

O termo de *Aprendizaxe Permanente* concíbese como o sistema dos sistemas educativos ligados ao desenvolvemento persoal e social (*El libro blanco de la educación de adultos*. MEC. 1986)

O “*Memorando sobre a aprendizaxe permanente*” publicado en Bruxelas no ano 2000 fai fincapé na aprendizaxe dende a etapa preescolar ata despois da xubilación e afirma que a aprendizaxe permanente debe abranger todo o espectro da aprendizaxe formal, non formal e informal. Poñendo de relevo os obxectivos da aprendizaxe que inclúen a cidadanía activa, a realización persoal e a integración social, así como aspectos relacionados co emprego. Os principios que subxacen na aprendizaxe permanente e que guían a súa realización, resaltan o papel central do alumno, a importancia da igualdade de oportunidades e a calidade e relevancia das oportunidades de aprendizaxe” (Memorando sobre a aprendizaxe permanente, 2000).

Este documento é completado no ano seguinte cun novo traballo: Facer realidade un espazo europeo da aprendizaxe permanente (Bruxelas, 2001). Avógase, neste estudo, “pola creación dun espazo europeo da aprendizaxe permanente os obxectivos do cal sexan: capacitar os cidadáns para que poidan moverse libremente en ámbitos de aprendizaxe, empregos, rexións e países distintos, potenciando ao máximo os seus coñecementos e aptitudes, e cumprir as metas e ambicións de prosperidade, integración, tolerancia e democratización que teñen a Unión Europea e os países candidatos” (Facer realidade un espazo europeo da aprendizaxe permanente, 2001).

No noso país, estes documentos teñen o seu correlato no Informe nacional sobre o debate acerca da aprendizaxe permanente en España (2002). O informe recolle as conclusións dun “debate amplo e diversificado sobre como aplicar a estratexia de formación ao longo da vida, que foi posible grazas a unha nova forma de traballo colectivo, no que se tratou de establecer o xeito máis eficaz de poñer en práctica aquelas accións que mellor conducen ao logro do obxectivo transversal da aprendizaxe permanente. (...) o desafío da Administración española diríxese a promover e a facer posible o acceso universal ao coñecemento, que faga realidade no Estado español unha “sociedade da aprendizaxe”, onde todas as persoas poidan aprender e actualizar as súas competencias ao longo da vida, para inserirse de forma eficiente no mundo do traballo, conseguir a súa realización persoal e colaborar no desenvolvemento dunha economía que logre a prosperidade de todos os cidadáns e cidadás, a través do vínculo que relaciona o rendemento económico e o progreso social” (Informe nacional sobre o debate acerca da aprendizaxe permanente en España, 2002).

e) Educación recorrente

O *Centro de Investigación e Innovación da Educación* (CERI), organismo dependente da OCDE, no ano 1997 publicou un estudo cuxo título era: “*A educación recorrente. Unha estratexia para a aprendizaxe permanente. Tendencias e problemas*”. Neste documento o concepto aparece así delimitado: “a educación recorrente ten como característica esencial a distribución da

educación ao longo da vida do individuo de xeito recorrente, é dicir, alternando con outras actividades, principalmente co traballo, pero tamén co ocio e o retiro” (Centro de Investigación e Innovación Educativa, 1997).

f) Educación compensatoria

O termo *educación compensatoria* vén definido como “o proceso educativo que tende a completar e suplir unha carencia educativa non adquirida por falta de acceso ou abandono do sistema escolar formal” (*El libro blanco de la educación de adultos*. MEC. 1986).

Na Consellería de Educación da Comunidade de Madrid o programa de educación compensatoria é definido como “un programa que destina recursos específicos, materiais e humanos, a garantir o acceso, a permanencia e a promoción no sistema educativo do alumnado en situación de desvantaxe social” (©Consejería de Educación de la Comunidad de Madrid, 2000).

g) Formación ao longo da vida: Lifelong learning

Na actualidade está a cobrar auge o termo saxón *Life Long Learning* ou aprendizaxe ou formación ao longo da vida.

A formación ao longo da vida é concibida como “toda actividade de aprendizaxe realizada ao longo da vida co obxectivo de mellorar os coñecementos, as competencias e as aptitudes cunha perspectiva persoal, cívica, social ou relacionada co emprego” (©Ministerio de Educación y Ciencia).

h) Andragoxía: a aprendizaxe dos adultos

O concepto, foi utilizado por primeira vez en 1833 polo mestre alemán Alexander Kapp. No século XX Eugen Rosenback retómao para referirse “ao conxunto de elementos curriculares propios da educación de adultos: profesores, métodos e filosofía”. A “andragoxía” persegue lograr un cambio substancial das formas de ensino clásico cara a novos enfoques e métodos no ensino de adultos dende todos os compoñentes humanos: psicolóxico, biolóxico e social.

Malcon Knowles, considerado o pai da andragoxía, defínea como “a arte e a ciencia de lles axudar aos adultos a aprender baseándose en suposicións acerca das diferenzas entre nenos e adultos e opoñéndoas a unha pedagogía que sería a arte e a ciencia de lles ensinar aos nenos. Os principios fundamentais da andragoxía non se reducen ao respecto básico polo alumno senón que se considera o alumno como o recurso primario de todo o proceso de aprendizaxe” (Knowles, 1998).

As persoas con autismo e a educación de adultos

Dende unha perspectiva xeral, en palabras de Pérez Montañés (2000), a *educación permanente* converteuse non só en esixencia senón en necesidade

ineludible para vivir nunha sociedade dinámica que se abre ao novo milenio con desafíos insospeitados.

A aprendizaxe permanente constitúe, na actualidade, o principio reitor das estratexias de política para alcanzar obxectivos que inclúen, dende o benestar económico dos países e a competitividade, ata a realización persoal e a cohesión social. Hai un amplo consenso en que se trata dunha cuestión importante para todos e, xa que logo, debe estar ao alcance de todos (OCDE, 1996).

Dado que as persoas con autismo teñen dereito a unha plena integración social e laboral, é necesario apoiar os recursos necesarios para facilitar o logro de tales propósitos. A educación permanente para este colectivo é, sen lugar a dúbidas, un apoio básico e irrenunciábel para conseguir os fins que o Consello de Europa proclama para todos os cidadáns.

Neste sentido, as persoas con autismo, como membros activos da sociedade, figuran entre as persoas máis necesitadas deste tipo de educación, pois grazas a esta formación poderán alcanzar un maior nivel de realización persoal, de calidade de vida e de integración na propia sociedade.

A. A educación de adultos como mellora de calidade de vida das persoas con autismo

Calquera proxecto de educación destinado a adultos con autismo débelle dar resposta ás demandas educativas das persoas afectadas polo trastorno e axustarse ao nivel de desenvolvemento individual e ao grao de patoloxía que presente. Estas variables son determinantes para o éxito destes programas.

Baseándose nos imperativos da aprendizaxe permanente, dáse por sentado que para que a aprendizaxe dure verdadeiramente toda a vida, a educación posterior á escolaridade formal, debe proporcionar non só oportunidades esporádicas, senón un proceso continuo de aprendizaxe. No ámbito do autismo existe o risco de considerar o autismo como unha enfermidade das primeiras etapas do desenvolvemento: o autismo “infantil”. E de aí a importancia de ampliar o concepto de educación a toda a vida do individuo e considerar, o trastorno do autismo, como un problema crónico e non limitado exclusivamente á infancia.

B. Do centro educativo á vida adulta

Un dos momentos críticos na traxectoria da educación permanente prodúcese cando a persoa, calquera persoa, alcanza a maioría de idade e debe abandonar o centro educativo. Este cambio esixe un importante proceso de adaptación xa que a persoa debe abandonar o centro no que se formou durante longos anos e emprender un novo tipo de vida, con outros condicionamentos de tipo laboral, ocupacional e social. O cambio non resulta doado e pode chegar a ter graves consecuencias.

No caso das persoas con necesidades educativas especiais e, de xeito, se cabe, máis acentuada, nas persoas con trastorno autista, o dito proceso adaptativo é aínda máis complexo, non é automático nin está libre de riscos.

Afirma Wheman (1996), que a educación da persoa con discapacidade é vital como fundamento do futuro axuste desta persoa á súa vida adulta. Neste sentido, unha educación que, dende o principio, non estea orientada cara ao desenvolvemento das competencias persoais, ás habilidades de autonomía e ás futuras oportunidades de emprego e ocupación, non logrará a desexada finalidade dunha adaptación e un axuste integrado da persoa con discapacidade na sociedade na que vive.

No autismo unha das carencias máis evidentes, e dificilmente solucionadas, é precisamente a enorme dificultade na adaptación aos cambios, a calquera variación ou modificación na rutina cotiá, por insignificante que esta poida parecer. Canto máis, se se trata de cambios substanciais, como o que aquí se está a considerar, que someten á persoa a situacións de todo novas e que modifican e alteran, case por completo, o estilo de vida, de funcionamento, de formas de facer.

Neste sentido Morgan (1996), afirma como a falta de flexibilidade é sen dúbida o factor que en maior medida condiciona a vida do adulto con autismo e insiste na necesidade de ter en conta esta dificultade á hora de orientar o traballo de adaptación e de cambio cara aos novos contextos que esixe a transición cara á vida adulta.

C. Necesidade de introducir o concepto de transición

O concepto de transición converteuse, dende o ano 1990, no punto clave da atención nos temas sobre educación especial. O termo “transición” fala de paso, de cambio, de alternancia dun estado a outro ou dunha circunstancia a outra. Jenaro (1999), enumera algunhas das cuestións, que non convén esquecer, analizando con todo detalle cuestións referentes ás claves do éxito no proceso de transición, aos obstáculos que con maior frecuencia aparecen, aos pasos que se van seguir en calquera proceso de transición etc., conclúe cunha referencia moi interesante na que se recolle a opinión do que demandan as persoas con dicapacidade.

Fóra do noso país, o concepto de transición contempla, non só a preparación ao emprego, senón tamén unha preparación a unha vida máis autónoma en todas as súas facetas e dimensións. Os “servizos de transición” consisten nun conxunto de actividades para o estudante que promoven e facilitan o cambio da escola a un ámbito non escolar e contemplan un amplo abano de posibilidades: dende a preparación ao emprego, á elección vocacional, á educación continua de adultos, a servizos culturais de adultos, a promover e facilitar a vida independente e autónoma e a participación na comunidade local (*The National Transition Network*, 1989).

No estado de Virxinia trabállase, dende hai anos, nos programas de “Intervención individualizada na educación das persoas con discapacidade: IDEA (*Individuals with Disabilities Education Act*)”. Este programa subliña a necesidade de preparar os alumnos con discapacidade no proceso e adaptación á etapa adulta, ao emprego e á independencia ou relativa autonomía da propia vida, prestando un especial interese no modo en que discorre o proceso de educación e formación. Existen tamén os chamados “Programas educativos individualizados: IEP (*Individualized Educational Program*)”. No caso dos programas de transición, o equipo do IEP diseña un plan con varios anos de antelación, no que se inclúen para cada estudante os servizos que van ser necesarios no proceso da transición comezando con este programa, non máis tarde dos 16 anos.

A transición é un proceso inclusivo que comprende a mellora das posibilidades de emprego, as opcións da vida na casa e a promoción na participación de actividades sociais unha vez concluída a etapa escolar formativa.

Enténdese por “Transición”, nos IEP, a planificación e servizos necesarios para preparar progresivamente e de forma axeitada os mozos con discapacidade no paso da escola á vida adulta. No estado de Nova York os programas de transición atópanse enxertados nos IEP. Todos os alumnos entre os 14 e os 21 anos contan, nos seus programas personalizados, cos compoñentes relativos a un posible programa de transición en razón do tipo de discapacidade. Nestes programas establécense criterios cronolóxicos e de inclusión dos candidatos a participar no programa.

Considérase axeitado para o inicio dos programas, non superar os 14 anos de idade. Mesmo antes, se o alumno precisa atencións ou servizos particulares á hora de desenvolver determinadas estratexias ou habilidades específicas. En canto á implicación dos pais recoméndase que esta sexa mesmo previa ao momento no que se inicia a preparación do programa, mediante cartas informativas ou sesións conxuntas nas que se dá unha axeitada información en función das necesidades particulares de cada familia. En ocasións, resulta tamén de grande utilidade a posibilidade de contar con pais que xa se atopan implicados activamente no programa dende hai algún tempo (Sharon deFur, 2000).

No Plan de transición, segundo o deseño de IDEA vense implicados os seguintes elementos: o alumno, os pais e a familia enteira, se así o desexa, o profesor de educación especial, o profesor de educación ordinaria, un representante dos organismos educativos locais e calquera outra persoa que se considere axeitada para poder colaborar no programa. De todos eles, o elemento relevante, sen dúbida, é o propio alumno e todos e cada un dos compoñentes do equipo necesitan ser informados dos obxectivos, progresos e actividades que se vaian deseñando.

D. Estado da cuestión sobre o tema: de novo os documentos oficiais

Na *Recomendación relativa ao desenvolvemento da educación de adultos de Nairobi* (1976), o documento exprésase nos seguintes termos: “... no caso das persoas con deficiencia física ou mental, as actividades de educación de adultos deberían ir encamiñadas, en particular, a axudalos a recuperar ou compensar unha capacidade física ou mental que quedara diminuída ou perdida a causa da deficiencia que padecen e a permitirlles adquirir os coñecementos e, se fose necesario, a capacitación profesional necesaria para a súa inserción social e para o exercicio dun oficio compatible coa súa deficiencia”. (Unesco, 1976)

Na *Declaración mundial sobre educación para todos: Satisfacción das necesidades básicas de aprendizaxe* (Jomtiem, Thailandia, 1990), o artigo 3 aparece formulado do seguinte modo: “Universalizar o acceso á educación e fomentar a equidade”, e recolle no último punto a seguinte afirmación: “As necesidades básicas de aprendizaxe das persoas impedidas precisan especial atención. É necesario tomar medidas para garantir a esas persoas, nas súas diversas categorías, a igualdade de acceso á educación como parte integrante do sistema educativo”.

No documento aprobado polo Marco de acción de Dakar do foro mundial sobre a educación do ano 2000, faise unha referencia explícita ao caso das persoas con necesidades educativas especiais: “Unha tarefa esencial será procurar que a ampla visión da educación para todos, como concepto integrador, se reflita nas políticas de cada país e dos organismos de financiamento. A educación para todos deberá abranger non só os destinatarios do ensino primario senón tamén (...) todos aqueles que teñen necesidades especiais de aprendizaxe”.

A OIT elabora un ambicioso índice no que se contemplan dende os máis variados enfoques o que hoxe supón a formación e a aprendizaxe. O anexo III, é a *Carta de Colonia Educación Permanente: obxectivos e aspiracións* (1999), e no dito documento asúmese o compromiso de investir en educación presupoñendo estes tres principios: Que todo o mundo teña acceso á educación e formación, non só os dotados intelctualmente ou os privilexiados economicamente; que se alente e se lle ofrezca a todo o mundo a posibilidade de continuar aprendendo permanentemente e non soamente durante os anos da escolaridade obrigatoria; que se axude os países en desenvolvemento a establecer sistemas de educación completos, modernos e eficaces.

No *Diario oficial de la Unión Europea, la Resolución del Consejo Sobre la igualdad de oportunidades en educación y formación para los alumnos y estudiantes con discapacidad* (2003), afírmase no relativo ao tema da formación e da educación de adultos: “Os estados deben recoñecer o principio da igualdade de oportunidades de educación nos niveis primario, secundario e superior para os nenos, xente nova e os adultos con discapacidade en ámbitos

integrados” e que “debe prestarse especial atención aos seguintes grupos: nenos moi pequenos con discapacidade, nenos de idade preescolar con discapacidade e adultos con discapacidade sobre todo as mulleres”.

O noso país

No noso país, esta realidade está xa ordenada, no ámbito lexislativo, e é contemplada na Orde do 22 de marzo de 1999, pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados aos alumnos con necesidades educativas especiais escolarizados en centros de educación especial (BOE do 10 de abril de 1999, n.º 86).

O Decreto 128/2001 polo que se establece o marco de actuación para a educación de persoas adultas na Comunidade de Madrid, aborda esta mesma cuestión e pon de manifesto o que podería ser unha alusión ás persoas con necesidades educativas especiais: “(...) estimularase a participación no deseño do seu itinerario educativo e darase atención preferente aos sectores sociais con carencias e necesidades de formación básica ou con dificultades para a súa inserción laboral” (...) “a educación débelle dar resposta ás situacións das persoas adultas con demandas específicas de formación social e cultural”.

Concluimos este repaso coa Lei 51/2003 do 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, na que se afirma que: “As persoas con discapacidade constitúen un sector de poboación heteroxéneo, pero todas teñen en común que, en maior ou menor medida, precisan de garantías suplementarias para vivir con plenitude de dereitos ou para participar en igualdade de condicións que o resto de cidadáns na vida económica, social e cultural do país. (...) Os poderes públicos deben asegurar que as persoas con discapacidade poidan gozar do conxunto dos dereitos humanos: civís, sociais, económicos e culturais. (...) Transcorridos máis de vinte anos dende a promulgación da Lei de integración social dos discapacitados, sen poñer en cuestión a súa vixencia, considérase necesario promulgar outra norma legal, que a complementa e que sirva de renovado impulso ás políticas de equiparación das persoas con discapacidade”.

Breve desenvolvemento dun currículo adaptado ás necesidades da vida adulta das persoas con TEA

Expoñemos a continuación algunhas idas potencialmente útiles para o desenvolvemento de programas na vida adulta, á luz do Programa de educación de adultos da Asociación Nuevo Horizonte (Cfr. García-Villamizar, 2002, 2007; García-Villamizar et al. (2006).

Programas de estimulación cognitiva

Este tipo de programas diríxense ao enriquecemento das principais funcións cognitivas afectas no trastorno autista: percepción- atención, memoria, solución de problemas e funcións executivas.

Percepción e atención

Son dúas funcións básicas frecuentemente alteradas nas persoas con autismo. O currículo contempla a activación de diversas funcións perceptivas tales como a visual, a auditiva, a olfactiva e a táctil. Ao mesmo tempo adótranse diversas modalidades de atención, tales como a atención dividida e a atención selectiva.

Memoria

A función da memoria consta de diversos módulos, entre os que cabe mencionar a terapia de orientación na realidade, con memorización explícita de rutas, eventos, persoas etc. A terapia de reminiscencia pretende activar os recordos máis entrañables destas persoas e failles revivir importantes secuencias da súa vida pasada. Tamén se dispón de exercicios especiais para o desenvolvemento da memoria prospectiva e cultívase a memoria autobiográfica para fortalecer a identidade persoa. O programa consta tamén dunha interesante batería de probas para a activación da memoria sensorial, a memoria a curto prazo e a memoria de traballo. Algunhas destas probas aparecen descritas nalgúns traballos previos do noso grupo de investigación (Cfr. García-Villamizar & Della Sala, 2002; 2010).

Rehabilitación das funcións executivas

O programa consta dunha serie de actividades dirixidas á rehabilitación de diversas funcións executivas moi importantes no ámbito do autismo, tales como a flexibilidade, inhibición, cambio, auto regulación, solución de problemas etc. Estas actividades están configuradas por unha serie de exercicios tanto de papel e lapis coma de ordenador e tamén actividades da vida diaria, outorgándolle así unha forma máis ecolóxica. (Cfr. García-Villamizar & Hughes, 2007; Gray, García-Villamizar & Della Salga, 2002).

Terapia de solución de problemas

De particular interese resulta esta modalidade de intervención que pretende axudar a persoa con autismo a identificar e definir os problemas cotiáns e a solucionarlos dunha forma reflexiva, evitando incorrer na impulsividade ou na apatía.

Estimulación socio-emocional

Desenvolveuse un programa *e-learning* en liña para fomentar a estimu-

lación socio-emocional. (Cfr. García-Villamizar, & Moia, C., 2008, 2009). O programa consta de varios módulos. O primeiro módulo ten por obxecto avaliar o procesamento socio-emocional e establecer o nivel de déficits de cada usuario. Trátase polo tanto, dun módulo dirixido ao diagnóstico e á valoración inicial. Este módulo aplícase ao final do proceso de adestramento para valorar de forma obxectivo o progreso alcanzado. O segundo módulo consta de máis de 400 actividades distribuídas por nivel de dificultade. Cada usuario comeza a súa formación no nivel estipulado no proceso de diagnóstico. O programa complétase con outros módulos relativos á resolución de historias sociais e de problemas vinculados ao procesamento socio-emocional. (Cfr. García-Villamizar et al., 2010).

Plan de prevención do estrés

O programa ten por obxecto paliar o estrés que frecuentemente experimentan as persoas con autismo. Por unha parte, procúrase previr o estrés, actuando sobre as diversas fontes de malestar, axudando as persoas con autismo a afrontar esas situacións nas mellores condicións posibles. Por outra banda, actúase sobre as respostas do organismo ao estrés, procurando desactivar as emocións negativas e o malestar que toda resposta de estrés produce. Para iso desenvólvense diversas actividades de tipo ecolóxico e de ocio (García-Villamizar & Dattilo, 2010a e 2010b) á parte de exercicios de carácter individual, co fin de mitigar os efectos negativos das resposta ao estrés.

Fomento da calidade de vida a través dunha vida de calidade

O obxectivo final do proxecto é mellorar a calidade de vida, fomentando unha vida de calidade de cada unha das persoas ás que vai dirixido o programa. Esta vida de calidade refírese ao estilo de vida que posibilita este programa enfocado á busca da satisfacción persoal e ao benestar.

Neste sentido, cabe resaltar que o programa lles axuda ás persoas con autismo a controlar o seu medio e sentirse dominadoras deste. Tamén se intenta anticipar o futuro, fomentando determinados desexos e marcando así unha traxectoria de acción. Cóidase especialmente a autorealización persoal de cada usuario, estimulando as calidades e destrezas que cada un posúe. Insítese na autoaceptación e a tolerancia cun mesmo e co ámbito. Por último, foméntanse as relacións interpersoais para favorecer os lazos afectivos e a expresión de emocións.

A xeito de conclusión

Con todo o dito, e as suficientes argumentacións que existen sobre a necesidade de soste e fomentar a educación ao longo da vida, é obvio que este dereito, esta necesidade, esta esixencia se refire non só a un determinado

tipo de persoas, non só a unha elite de seres humanos, senón que é un dereito universal que se apoia nos principios antropolóxicos básicos de todo ser humano: o dereito a ser máis e mellor, a crecer, a madurar, a seguir completando, ata o final da propia traxectoria vital, o proceso de perfeccionamento, desenvolvemento e mellora que está na base da capacidade perfectible de cada suxeito.

A educación, en palabras de importantes pedagogos, consiste na capacidade do ser humano de seguir perfeccionándose sempre ata o final da vida, porque sempre se está a aprender, sempre se está en disposición de adquirir novos coñecementos e habilidades ou, en calquera caso, de asumir novas experiencias que van chegando á nosa vida.

E isto acontece, non só nas persoas con capacidade cognitiva intacta, senón en toda persoa, polo mero feito de ser “persoa” e coa dignidade que lle confire ese mesmo estatus *de persoa*. Tamén naquelas que, en razón da idade, van perdendo as súas capacidades ou habilidades, tamén en aquelas que, en razón do vivido, perderon a motivación e as ganas de seguir vivindo, tamén naquelas que, polas súas circunstancias, naceron con determinadas enfermidades que xa dende a súa primeira infancia hipotecaron o seu desenvolvemento e maduración.

É este o apaixonante reto que nos formula a cuestión da educación de adultos nun ámbito tan especial e tan descoñecido ao mesmo tempo, como é o amplo horizonte dos trastornos do espectro do autismo.

O artigo conclúe brindándolle ao lector unha breve panorámica relativa a un potencial currículo de educación de adultos baseado na experiencia realizada na Asociación Nuevo Horizonte, de Las Rozas (Madrid) e fai especial énfase no obxectivo final do proxecto que é a mellora da calidade de vida a través dun plan de vida de calidade apoiada nos principios do benestar psicolóxico.

Bibliografía

- Asemblea Xeral das Nacións Unidas. (2007): Aplicación da resolución 60/251 da Asemblea xeral do 15 de marzo de 2006, titulada Consejo de derechos humanos. El derecho a la educación de las personas con discapacidades. Informe del relator especial sobre el derecho a la educación. Vernor Muñoz.
- BOE (1990): Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo. Lei 1/1990 do 3 de outubro (BOE do 4 de outubro de 1990).
- BOE (1999): Orde do 22 de marzo de 1999, pola que se regulan os programas de formación para a transición á vida adulta destinados aos alumnos con necesidades educativas especiais escolarizados en centros de educación especial. 10 de abril de 1999, n.º 86.

- CENTRO DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA (1997): *La educación recurrente. Una estrategia para el aprendizaje permanente. Tendencias y problemas*. Kapelusz. Buenos Aires.
- COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS (2000): *Memorándum sobre el aprendizaje permanente*. Bruselas.
- COMISIÓN DAS COMUNIDADES EUROPEAS (2001): *Hacer realidad un espacio europeo del aprendizaje permanente*, Bruxelas.
- CONSELLO EUROPEO DE LISBOA (2000): *Conclusiones de la presidencia*. 23 e 24 de marzo 2000.
- CONSELLO EUROPEO. CUMIO DE BARCELONA (2002): Dentro del proceso de Bolonia.
- DE NATALE, M.L. (2003): *La edad adulta. Una nueva etapa para educarse*. Narcea, Madrid.
- Decreto 128/2001 polo que se establece o marco de actuación da educación de persoas adultas na Comunidade de Madrid. BOCAM.
- Designing Individualized Education Program (IEP) *Transition Plans. The Eric Clearing house on disabilities and gifted education*. (2000): The Council for Exceptional Children. Arlington, Virginia.
- Diario oficial de las comunidades europeas*, Resolución del consejo sobre la educación permanente. (2002):
- FORO CONSULTIVO INTERNACIONAL SOBRE EDUCACIÓN PARA TODOS (2000): Declaración mundial sobre educación para todos “Satisfacción de las necesidades básicas de aprendizaje”. Jomtien, Tailandia.
- FORO MUNDIAL EDUCACIÓN PARA TODOS (2000): *Educación para todos. Cumplir nuestros compromisos comunes*. Dakar. Senegal.
- GARCÍA GUTIÉRREZ, J. (2009): La dimensión cultural del derecho a la educación y su expresión a través del ideario de los centros docentes. *Revista española de pedagogía*. Año LXVII N.º 244. 529-544.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D. (2002). *El autismo en la vida adulta. Aspectos clínicos y asistenciales*. Promolibro. Valencia.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D. (Ed). (2007) *El autismo en personas adultas: Nuevas perspectivas de futuro*. Real Patronato de Educación Especial.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D. & DEL POZO, A. et al., (2006). *Educación de personas adultas con autismo*. Consellería de Educación. Comunidade de Madrid.
- GARCÍA-VILLAMISAR D., HUGHES C. (2007). *Journal of Intellectual Disability Research*. 51(2), pp. 142-150.
- GARCÍA-VILLAMISAR D., DATTILO J. (2010a). *Journal of Intellectual Disability Research*. 54(7), pp. 611-619.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D. DATTILO, J. (2010b) Social and clinical effects of a

- leisure program on adults with autism spectrum disorders. *Research in Autism Spectrum Disorders*, Volume 4, Issue 4, October-December.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D., DELLA SALA, S. (2002) Dual-task performance in adults with autism. *Cognitive Neuropsychiatry*, 7: 63-74.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D. & DELLA SALA, S. (2010). *Neuropsychological Mechanisms of False Memories in People with Autism*. Research Project in progress. Universidad Complutense & Edimburgh University (UK).
- GARCÍA VILLAMISAR, D. & MUELA, C. (2008). Programa e-learning on line para la evaluación del procesamiento emocional de personas con TEA. Consellería de Familia e Asuntos Sociais. Comunidade Autónoma de Madrid.
- GARCÍA VILLAMISAR, D. & MUELA, C. (2009). Programa e-learning on line para la estimulación del procesamiento emocional de personas con TEA. Consellería de Familia e Asuntos Sociais. Comunidade Autónoma de Madrid.
- GARCIA-VILLAMISAR, D., ROJAHN, J., ZAJA, R. & JODRA, M. (2010) Facial emotion processing and social adaptation in adults with and without autism spectrum disorder, *Research in Autism Spectrum Disorders*, Volume 4, Issue 4, October-December, Pages 755-762.
- GRAY, GARCÍA-VILLAMISAR, & DELLA SALA, S. (2002). Procesos ejecutivos, teoría de la mente y el autismo. En D. García-Villamizar (Ed.). *El autismo en la vida adulta*. Promolibro. Valencia.
- HOLFORD, J.; JARVIS, P. e GRIFFIN, C. (1998): eds. *International Perspectives on Lifelong Learning*. London: Kogan Page, 1998.
- Informe nacional sobre o debate acerca da aprendizaxe permanente en España. (2002)
- JENARO, C. (1999): *La transición a la vida adulta en jóvenes con discapacidad: necesidades y demandas*. III Jornadas Científicas de Investigación sobre personas con discapacidad. Salamanca.
- KNOWLES, M. S. (1998): *Andragogía*. Oxford University Press. Mexico.
- LOCE. Ley orgánica de calidad da educación. 8.2002 Liñas xerais da Lei orgánica de calidade da educación.
- LOXSE. Lei 1/1990 de 3 de outubro (BOE do 4 de outubro de 1990). Outubro de 1990.
- MEC (1986): *Libro blanco de la educación de adultos*. Madrid. MEC.
- MEC (1989): *Libro blanco para la reforma del sistema educativo*. Madrid. MEC.
- MEC (1990): *Lei xeral de ordenación do sistema educativo*. Madrid. MEC
- MORGAN, H. (1996): *Adults with autism*. Cambridge University Press. New York.

- Oficina Internacional do Traballo. (OIT) (1998): “La educación permanente en el siglo XXI: nuevas funciones para el personal de educación”. Informe para el debate de la reunión paritaria sobre la educación permanente en el siglo XXI: nuevas funciones para el personal de educación. Copyright © Organización Internacional do Traballo. Xenebra.
- Oficina Internacional do Traballo. (OIT) (1999): “Aprender y formarse para trabajar en la sociedad del conocimiento”. Carta de colonia Educación permanente: objetivos y aspiraciones. Adoptada polo (G 8). Xenebra.
- ORGANIZACIÓN DAS NACIONS UNIDAS. (1997): Para la educación, la ciencia y la cultura. Quinta Conferencia Internacional Sobre Educación De Adultos. (Confintea V) Hamburgo, 14-18 de xullo de declaración de Hamburgo. Sobre la educación de adultos.
- PÉREZ SERRANO, G. (2000): *Aprender a lo largo de la vida. Desafío de la sociedad actual*. Universidade de Huelva.
- ROGERS, A. (2003): *Teaching Adults*. Library of Congress Cataloging in Publication Data. London.
- SHARON DEFUR (2000): *Designing Individualized Education Program (IEP) Transition plans*. ERIC Clearinghouse on disabilities and gifted education. Virxinia.
- UNESCO (1976): Actas de la Conferencia General. 19.^a reunión. Nairobi, 26 de outubro-30 de novembro de 1976. Volume 1. Resoluciones. París: UNESCO, 186 pp.
- UNESCO (1990): Conferencia mundial sobre a educación para todos. Satisfacción de las necesidades básicas de aprendizaje: una visión para el decenio de 1990. Jomtien, Thailandia.
- WHEMAN, P. (1996): *Life beyond the classroom*. Brookes. Baltimore.

RECOÑECEMENTO DAS EMOCIÓNS EN PERSOAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO

Manuel Ojea Rúa¹

Profesor da Universidade de Vigo

RESUMO

Este estudo ofrece unha investigación educativa no que se expoñen os datos resultantes do deseño e aplicación dun programa de desenvolvemento da comprensión social (PDCS) elaborado por Ojea (2010, documento sen publicar).

O PDCS foi aplicado durante 12 semanas a unha mostra de 22 suxeitos con trastornos do espectro autista, dos cales 11 conformaron un grupo experimental e outros 11 suxeitos un grupo control.

A metodoloxía de investigación constitúe un deseño cuasi experimental pre-postest de dous grupos e os datos comparativos entre os grupos permiten concluír que as persoas con trastornos do espectro autista integrantes do grupo experimental melloraron sensiblemente en tarefas de recoñecemento das emocións e comprensión social en relación cos seus homólogos do grupo control.

Introdución

Os postulados teórico- prácticos da Teoría da Mente mostran que as persoas con trastornos do espectro autista (en adiante TEA) fallan significativamente na comprensión, identificación e recoñecemento das expresións emo-

1. Doutor en Psicopedagogía pola Universidade de Vigo. Catedrático de Orientación Educativa de Educación Secundaria, Profesor da Universidade de Vigo, da Área de Psicoloxía Básica, do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa na Facultade de Ciencias da Educación en Ourense. *Enderezo:* Campus Universitario, R/As Lagoas, s/n, Pavillón 2, despacho 29 (32004-Ourense). E- mail: moxea@uvigo.es.

cionais en relación a si mesmos e aos demais. O desenvolvemento emocional constitúe un dos vehículos evolutivos máis importantes para a existencia da comunicación intencional ou protodeclarativa nos seres humanos, que se sitúa máis alá do desenvolvemento da linguaxe oral ou comunicación lingüística nun sentido estrito (Baron-Cohen, Leslie e Frith, 1985; 1987; Brown e Whiten, 2000; Frith, 2004; Happé, 1994; Hermelin, 2001; Mesibov, Adams e Klinger, 1998; Rutter, 1983; Safran, 2001; Yhu Chin e Bernard-Opitz, 2000). Precisamente, os déficits a nivel de comprensión social ou recoñecemento das emocións so os que explican, en parte, as condutas deficitarias en tarefas de comunicación oral, xa que, como mostran as investigacións realizadas por Howlin, Baron-Cohen e Hadwin (2006) e Hobson (1993), xa que a incapacidade para inferir os estados afectivos do interlocutor e poder observar os intereses do oínte fan que a interacción comunicativa nun senso estrito sexa, incluso cando esta se produce, verdadeiramente primitiva e limitada.

As dificultades semántico-pragmáticas para a comprensión e o recoñecemento emocional son un tema tratado a nivel experimental en numerosos traballos actuais, os cales se relacionan co estudo de tarefas de recoñecemento das emocións tanto simples como cognitivas nas persoas con TEA, nos que se mostra a importancia do seu desenvolvemento para facilitar a comunicación e a interacción social (Deruelle, Rondan e Salle-Collemiche, 2008; Golan, Baron-Cohen e Hill, 2006; Grossman e Tager-Flusberg, 2008; Hubert, Wicker e Monfardini, 2009; Kuusikko, Haapsamo e Jansson-Verkasalo, 2009; Rieffe, Meerum e Kotronopoulou, 2007; Rutherford e Towns, 2008).

Os déficits en comprensión social son, segundo as recentes investigacións apoiadas pola Teoría da Coherencia Central Cognitiva, unha das consecuencias da existencia nas persoas con TEA dun estilo cognitivo de carácter débil (Frith, 2004; Happé, 1994).

En efecto, Frith (2004) mostra como as poboacións con TEA tenden a realizar un procesamento da información similar a un estilo cognitivo caracterizado pola independencia de campo ou codificación cognitiva baseada na análise das partes dos estímulo percibidos. Posiblemente, as dificultades derivadas da existencia dun procesamento da información de carácter débil, así como os déficits achados nos procesos de percepción, codificación e relación dos contidos aprendidos entre a información novamente adquirida e a información xa existente nas pegadas mnésicas da memoria a longo prazo explican porqué as persoas con TEA manifestan importantes dificultades para realizar un recoñecemento global das caras, expresións faciais e outras tarefas de comprensión e recoñecemento emocional ou comprensión social (Ojea, 2008).

Precisamente estas consideracións son as que motivan o interese por realizar o deseño do Programa de Desenvolvemento da Comprensión Social (en adiante PDCS), que constitúe a base da investigación que se presenta a continuación.

Método

O deseño de investigación empregado baséase nun estudo *cuasi experimental pre-postest de dous grupos*, un grupo experimental, ao que se lle aplicou o PDCS e un grupo control, que seguiu as actividades inicialmente previstas no currículo base.

Obxectivo xeral

Esta investigación ten como obxectivo xeral facilitar o desenvolvemento, comprensión e recoñecemento emocional ou comprensión social das persoas con TEA, coa finalidade última de mellorar os parámetros de comunicación e interacción social global.

Hipótese de partida

En efecto, espérase que unha vez aplicado o PDCS ao grupo experimental, os suxeitos que conforman este grupo obterán melloras sensibles en comprensión social en comparación cos suxeitos que forman o grupo control.

Mostra

A poboación foi seleccionada entre alumnos e alumnas con diagnóstico clínico oficial de trastorno xeneralizado do desenvolvemento, ben de tipo autista, ben de tipo síndrome de Asperger, emitidos e certificados polos servizos sanitarios e/ou educativos provinciais.

A mostra está composta por un total de 22 suxeitos, distribuídos en igual número entre o grupo experimental e o grupo control, de acordo cunha distribución equilibrada entre os dous grupos, segundo as variables de diagnóstico, idade, sexo e nivel cognitivo. Desta forma, os 11 suxeitos que constitúen o grupo experimental, están distribuídos do modo seguinte: 6 posúen diagnóstico de trastorno autista e 5 de síndrome de Asperger, 3 sitúanse no intervalo de idade de 4-6 anos, 6 no intervalo de 7-9 anos e 2 no intervalo de 10-12 anos, 10 suxeitos son de sexo masculino e 1 é de sexo feminino, 7 estudantes mostran nivel cognitivo baixo, 3 nivel medio e 1 nivel alto. O grupo control, pola súa banda, está constituído así mesmo por 11 suxeitos, dos cales 6 padecen trastorno autista e 5 síndrome de Asperger, 3 están situados no intervalo de idade de 4-6 anos, 5 entre os 7-9 anos e 3 entre os 10-12 anos, 10 son de sexo masculino e 1 feminino, o nivel cognitivo correspóndese con 6 estudantes de nivel baixo, 4 de nivel medio e 1 de nivel alto.

Procedemento

As fases que compoñen esta investigación son as seguintes:

1. Análise previo: o obxectivo desta fase consiste en seleccionar a mos-

tra que está composta so por aqueles suxeitos con TEA que teñen adquirido as competencias básicas para utilizar o acto de sinalar como resposta ás demandas do medio.

2. Estudo pretest: está conformado pola realización da avaliación inicial do nivel de recoñecemento das emocións polos suxeitos seleccionados. O proceso de avaliación orientouse a partir dos traballos de Ekman (1993) e Ekman e Friesen (1975), adaptados ao contexto concreto mediante o Sistema de Comunicación de Intercambio de Imaxes (PECS) e o Programa “Sclera Pics”.
3. Deseño do PDCS: o programa está deseñado para a aprendizaxe de 15 emocións básicas: *ledicia, enfado, tristeza, interese, medo, dolor, sorpresa, cansazo, vergonza, celos, pena, aburrimiento, diversión, ilusión e desexo*. A aprendizaxe de cada emoción está estruturada en tres apartados claramente diferenciados: 1) as emocións, 2) role-playing e 3) discriminación emocional. Así mesmo, o primeiro apartado “as emocións” está subdividido, a súa vez, en 7 pasos serialmente secuenciados: 1) recoñecemento das expresións faciais, 2) procesos de imitación das expresións faciais, 3) análise das partes das expresións faciais, 4) construción xestáltica das emocións, 5) identificación das emocións baseado en crenzas, 6) identificación das emocións baseado en situacións, 7) aplicación das aprendizaxes en contextos cotiáns.
4. Aplicación do PDCS durante 12 semanas.
5. Estudo postest: realízase o mesmo procedemento que no estudo inicial coa finalidade de comparar os resultados.

Resultados

Unha vez realizado o estudo comparativo entre os datos obtidos antes e despois da aplicación do programa, así como feito a análise estatística correspondente t para a igualdade de medias de dous grupos, pódese concluír que os suxeitos que conforman o grupo experimental melloraron sensiblemente en tarefas de comprensión e recoñecemento das emocións e, consecuentemente, en comprensión social como consecuencia da aplicación do PDCS en comparación cos seus compañeiros/as do grupo control.

En efecto, como pode observarse na táboa 1, as diferenzas de medias (M) respecto ás puntuacións das melloras no postest en comparación coa avaliación inicial na comprensión social dos estudantes con TEA son, para o grupo experimental (4.74), mentres que para o grupo control, en termos diferenciais, ese mesmo dato é sensiblemente menor (1.32).

Táboa 1: proba *t* para a igualdade de medias

	GRUPO EXPERIMENTAL			GRUPO CONTROL		
	<i>M</i>	σ	<i>t</i>	<i>M</i>	σ	<i>t</i>
<i>PRETEST</i>	10.1	3.36	.26	9.72	3.22	.26
<i>POSTEST</i>	5.36	2.54	-2.93	8.4	2.9	-2.6

Demóstrase así que o PDCS facilita a mellora do recoñecemento das emocións, non so respecto ao recoñecemento das expresións faciais sobre si mesmo, senón tamén en relación a comprensión emocional sobre as crenzas e as situacións, o que implica a aprendizaxe tanto das emocións simples como das emocións de tipo cognitivo, mostrando a bondade do PDCS en base a procurar a mellora da comprensión social en persoas con TEA.

Discusión

Desde un punto de vista xeral, a comunicación supón algo máis que as palabras pronunciadas, polo contrario, comunicarse implica unha comprensión das intencións do interlocutor para poder relacionarse con este en termos interactivos. Precisamente, estes aspectos, nos que son deficitarios as persoas con TEA, precisan a aplicación de programas psicoeducativos que teñan como finalidade mellorar a comprensión social, coa intencionalidade de facilitar o desenvolvemento da comunicación social, xa que esta última ten que superar os criterios exclusivamente lingüísticos.

En efecto, os diferentes programas “tradicionais” centrados nas áreas comunicativas argumentan resultados satisfactorios no desenvolvemento da interacción social e da comunicación das persoas con TEA (Mundy, Kasari, Sigman e Ruskin, 1995; Nind e Hevett, 1994; Ojea e outros, 2007; Schaefer, Musil, e Kollinzas, 1980; Schopler e Reichler, 1979; Watson, 1989), sen embargo non hai evidencias empíricas que reflicten melloras nos procesos de comprensión social e ademais os diferentes estudos aplicados mostran que as persoas con TEA aos que se aplicaron os programas citados, seguen sendo deficitarias nos niveis de xeneralización da comunicación ou das condutas aprendidas a outras situacións.

Nos últimos anos son numerosas as investigación realizadas neste ámbito conceptual de traballo, nas que se documentan os beneficios dos programas de desenvolvemento da comprensión social (emocional) sobre a conduta comunicativa social das persoas con TEA, así como nas áreas globais do desenvolvemento persoal (Bal, Harden e Lamb, 2010; Balconi e Carrera, 2010; Bauminger, 2007; Beaumont e Sofronoff, 2008; Bellini e Akullian, 2007; De Jong, van Engeland e Kemmer, 2010; Golan, Ashwin e Granader, 2010; Golan, Baron-Cohen e Golan, 2008; Lacaba, Golan e Baron-Cohen, 2007; Mazefsky e

Oswald, 2007; Pernon e Baghdadli, 2007; Scambler, Hepburn e Rutherford, 2007). Tódolos programas sinalados sustentáanse sobre bases hipotéticas teóricas diferentes. O PDCS deseñado e aplicado neste estudo está fundamentado nun proceso serial sucesivo estruturado en pasos debidamente encadeados baixo os presupostos teóricos da Teoría da Coherencia Central Cognitiva (Frith, 2004) e da Teoría da Percepción (Ojea, 2008), pero, en calquera caso, tódalas investigacións nas que se mostra a súa efectividade deberanse ter en conta para a súa aplicación educativa, ben de xeito fusionado nos programas máis globais, ben a carón dos demais programas específicos empregados.

Bibliografía

- BAL, E.; HARDEN, E., e LAMB, D. (2010). Emotion recognition in children with autism spectrum disorders: relations to eye and autonomic state. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 40 (3), 358-370.
- BALCONI, M., e CARRERA, A. (2010). Emotional representation in facial expression and script: a comparison between normal and autistic children. *Research in Developmental Disabilities: A Multidisciplinary Journal*, 28 (4), 409-422.
- BARON-COHEN, S., LESLIE, A. M., e FRITH, U. (1985). Does the autistic child have a “theory of mind”? *Cognition*, 21, 37-46.
- BAUMINGER, N. (2007). Brief report: individual social multi modal intervention for HFASD. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 37 (8), 1593-1604.
- BEAUMONT, R., e SOFRONOFF, K. (2008). A multi component social skills intervention for children with Asperger Syndrome: the junior detective training program. *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 49 (7), 743-753.
- BELLINI, S., e AKULLIAN, J. (2007). A meta-analysis of video modelling and video self-modelling interventions for children and adolescents with autism spectrum disorders. *Council for Exceptional Children*, 73 (3), 264-287.
- BROWN, J., e WHITEN, A. (2000). Imitation, Theory of Mind and related activities in autism. An observational study of spontaneous behaviour in everyday contexts. *Autism, The International Journal of Research and Practice*, 4 (2), 185-204.
- DE JONG, M. C.; VAN ENGELAND, H., e KEMMER, C. (2010). Attentional effects of gaze shifts are influenced by emotion and spatial frequency, but not in autism. *Journal of the American Academy of Child & Adolescent Psychiatry*, 47 (4), 443-454.
- DERUELLE, C.; RONDAN, C., e SALLE-COLLEMICHE, X. (2008). Attention to low and high spatial frequencies in categorizing facial identities, emotions and gender in children with autism. *Brain and Cognition*, 66 (2), 115-123.

- EKMAN, P. (1993). Facial expression and emotion. *American Psychologist*, 48 (4), 384-392.
- EKMAN, P., e FRIESEN, W. V. (1975). *Unmasking the face. A guide to recognizing emotions from facial clues*. Englewood Cliffs, New Jersey: Prentice-Hall.
- FRITH, U. (2004). *Autismo. Hacia una explicación del enigma*. Madrid: Alianza Editorial.
- GARCÍA-VILLAMISAR, D., e POLAINO-LORENTE, A. (2000). *El autismo y las emociones. Nuevos hallazgos experimentales*. Valencia: Promolibro.
- GOLAN, O.; ASHWIN, E., e GRANADER, Y. (2010). Enhancing emotion recognition in children with autism spectrum conditions: an intervention using animated vehicles with real emotional faces. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 40 (3), 269-279.
- GOLAN, O.; BARON-COHEN, S., e GOLAN, Y. (2008). The “reading the mind in films” task complex emotion and mental state recognition in children with and without autism conditions. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 38 (8), 1534-1541.
- GOLAN, O.; BARON-COHEN, S., e HILL, J. (2006). The Cambridge Mindreading (CAM) Face Voice Battery: testing complex emotion recognition in adults with and without Asperger Syndrome. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 36 (2), 169-183.
- GROSSMAN, R., e TAGER-FLUSBERG, H. (2008). Reading faces for information about words and emotions in adolescents with autism. *Research in Autism Spectrum Disorders*, 2 (4), 681-695.
- HAPPÉ, F. (1994). *Introducción al autismo*. Madrid: Alianza editorial.
- HERMELIN, B. (2001). *Bright splinters of the mind: a personal story of research with autistic savant*. London: Jessica Kingsley Publishers.
- HOBSON, P. (1993). *Autism and the development of mind*. Philadelphia PA: Lawrence Erlbaum Associates.
- HOWLIN, P.; BARON-COHEN, S., e HADWIN, J. (2006). *Enseñar a los niños autistas a comprender a los demás. Guía práctica para educadores*. Barcelona: CEAC.
- HUBERT, B. E.; WICKER, B., e MONFARDINI, E. (2009). Electrodermal reactivity to emotion processing in adults with autistic spectrum disorders. *Autism: The International Journal of Research and Practice*, 13 (1), 9-19.
- KUUSIKKO, S.; HAAPSAMO, H., e JANSON-VERKASALO, E. (2009). Emotion recognition in children and adolescents with autism spectrum disorders. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 39 (6), 938-945.
- LACAVALA, P.; GOLAN, O., e BARON-COHEN, S. (2007). Using assistive technology to teach emotion recognition to students with Asperger Syndrome: a pilot study. *Remedial and Special Education*, 28 (3), 174-181.

- MAZEFSKY, C., e OSWALD, D. (2007). Emotion perception in Asperger's Syndrome and high functioning autism: the importance of diagnostic criteria and cue intensity. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 37 (6), 1086-1095.
- MESIBOV, G., ADAMS, L., e KLINGER, L. (1998). *Autism: understanding the disorder*. New York: Plenum Press.
- MUNDY, P., KASARI, C., SIGMAN, M., e RUSKIN, E. (1995). Nonverbal communication and early language acquisition in children with Down syndrome and in normally developing children. *Journal of Speech and Hearing Research*, 38, 157-167.
- NIND, M., and HEVETT, D. (1994). *Access to communication: developing the basics of communication with people with severe learning difficulties through intensive interaction*. London: David Fulton.
- OJEA, M. (2008). Síndrome de Asperger en la Universidad. Percepción y construcción del conocimiento. Alicante: Editorial Club Universitario.
- OJEA, M.; RODRÍGUEZ, I.; LIMIA, L. M., e DIÉGUEZ, N. (2007). *Autismo: entender, leer y hablar. Cuaderno de trabajo para el alumno/a*. Málaga: Aljibe.
- PERNON, E., e BAGDADLI, A. (2007). Autism: tactile perception and emotion. *Journal of Intellectual Disability Research*, 51 (8), 580-587.
- RIEFFE, C.; TERWOGT, M., e KOTRONOPOULOU, K. (2007). Awareness of single and multiple emotions in high functioning children with autism. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 37 (3), 455-465.
- RUTHERFORD, M. D., e TOWNS, A. (2008). Sean path differences and similarities during emotion perception in those with and without autism spectrum disorders. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 38 (7), 1371-1381.
- RUTTER, M. (1983). Cognitive deficits in the pathogenesis of autism. *Journal of Child Psychology and Psychiatry*, 24, 513-531.
- SAFRAN, S. P. (2001). Asperger syndrome: the emerging challenge to special education. *Exceptional Children*, 67 (2), 151-160.
- SCAMBLER, D. J.; HEPBURN, S., e RUTHERFORD, M. D. (2007). Emotional responsiveness in children with autism, children with other developmental disabilities, and children with typical development. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 37 (3), 553-563.
- SCHAEFER, B.; MUSIL, A., e KOLLINZAS, G. (1980). *Total communication*. Illinois: Research Press.
- SCHOPLER, E., e REICHLER, R. J. (1979). *Individualized assessment and treatment for autistic and developmentally disabled children: Psychoeducational profile* (vol. 1). Baltimore: University Park Press.
- WATSON, L. R. (1989). *TEACCH. Teaching spontaneous communication to autistic and developmentally handicapped children*. New York: Irvington.

YUN-CHIN, H., e BERNARD- OPITZ, V. (2000). Teaching conversational skills to children with autism: effect on the development of a theory of mind. *Journal of Autism and Developmental Disorders*, 30, 6, 569-583.

TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO: TERAPIA GRUPAL E TEATRO DE TEXTO

Un modelo que procura o desenvolvemento da capacidade comunicativa nos trastornos do espectro do autismo

Ermel Morales Ramón¹

Profesor da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

RESUMO

“O cabalo coxo” é un proxecto que parte das expectativas de traballo formulados nos estudos previos que levei a cabo na Fundación Menela grazas á confianza dos seus empregados e á entrega dos participantes. Estes estudos previos, experimentados dende xaneiro de 2008 ata xuño de 2009, servíronme para crer plenamente nos obxectivos, contidos e metodoloxía que se detallan a continuación.

Os participantes con trastornos do espectro do autismo que se entregan a este proxecto, responden aos estímulos propostos con éxito, e os logros comunicativos vanse afianzando sesión tras sesión. O traballo foi exposto en público no Seminario Internacional de Animación Sociocultural e Necesidades Educativas Especiais, realizado en abril de 2010, na cidade de Chaves (Portugal) e organizado pola Promoção e Divulgação Cultural.

*“Un cabalo coxo,
Un cabalo coxo.
Din os cabalos:
Vai rinchar!,
Que non podes xogar!*

(Fragmento do conto El caballo Cojo, unha creación do taller de teatro)

1. O autor (Barcelona, 1981), é profesor de Interpretación Textual da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Titulado superior en Arte Dramática polo Institut do Teatre de Barcelona. Formación continuada na técnica análise da tonalidade da voz Coralina Colom. Curso de Aptitude Pedagóxica

Introdución

Aínda que iniciar un taller lúdico e pedagóxico acerca do uso de técnicas teatrais ao servizo dos trastornos do espectro do autismo e as súas posibilidades comunicativas, podía parecerme un traballo de longo percorrido e coas limitacións que implicaba pretender isto nun centro tan especializado como o Centro Castro Navás da Fundación Menela, pronto descubrín que a experiencia iría moito máis alá do que se puidese conseguir, pois moi cedo me empecei a sentir parte dun grupo que non só intentaba facer teatro. E con estas dúas palabras, grupo e teatro, empezou o relato do meu labor en centro, porque o grupo, facendo o seu teatro, me ensinou moito máis do que eu poida pretender ensinar. Augusto Boal vai ao teatro como unha forma de coñecemento que debe ser tamén un medio de transformación da sociedade (Boal, 2004, p.10-11) pero os grandes cambios prodúcense a pequena escala e eu vívoos, ao ver sorrir e traballar os rapaces ao mesmo tempo.

O grupo de teatro *El Caballo Cojo de Castro Navas* –nome inspirado no conto creativo do taller– compóñeno todos aqueles rapaces da fundación e participaron algunha vez nas actividades propostas polo taller de teatro.

O maior obxectivo: traballar o texto e a súa linguaxe de xeito comprensivo

O obxectivo común grupal: adquirir competencias teatrais e comunicativas, intentando traballar sempre a linguaxe dos textos teatrais en relación co pensamento e nunca como acto puramente memorístico. Para observar o contexto, o medio e os destinatarios para planificar a acción no proceso de intervención, necesitaba adaptarme á organización do centro e que o centro entendese as miñas necesidades; ambas as dúas cousas sucederon con fluidez, e así, a frase, que non me cansarei de repetir, de Estrella Vázquez, directora do Centro *Castro Navás*, “*A proposta vai ser un caramelo para os rapaces*”, desvelaba que o envoltorio o facilitaba todo para que a experiencia se puidese producir co aval da confianza.

Despois de analizar o grupo de xeito reflexivo para poder ordenar as actividades previstas e as súas posibles estratexias dentro do marco teatral, decidín que a tipoloxía do grupo, esixía grupos de traballo reducidos (5-10 persoas) de presenza rotativa con guía participativo.

(CAP) por la Universitat Autònoma de Barcelona (2007). Está a desenvolver o seu material de tese en relación coa elaboración de pensamento, a fala e os procesos de memorización asociados á linguaxe no mestrado en Artes Escénicas da Universidade Rey Juan Carlos de Madrid. Actor e asesor de actores. Foi formador de monitores socioculturais, director artístico en empresas de animación e organizador de actividades comunicativas para o campo empresarial e o ensino. Na actualidade, crea e desenvolve proxectos teatrais para persoas con necesidades educativas especiais.

Correo electrónico: ermelmorales@hotmail.com / ermelmorales@edu.xunta.es

Correo postal: Estrada Balsa, nº 98, 36213, Vigo, Pontevedra.

Coñecer as posibilidades do proceso de intervención para que as técnicas, estruturas e feitos específicos fosen adquiridos para conseguir o máximo rendemento en relación co contexto, implicaba proxectar a metodoloxía elixida para conseguir os fins de creación esperados, atendendo á evolución do proceso de intervención en relación coas competencias adquiridas polos participantes e á incidencia do grupo no participante: interacción que motivase o traballo en equipo, a aceptación dos membros e as presenzas rotativas, a escoita activa durante todos os exercicios individuais ou colectivos e a liberdade para participar nas tarefas de grupo.

Convíña contemplar parámetros relativos ao traballo de texto e flexibilizar as diferentes técnicas de interpretación, adaptadas ás necesidades do grupo: ao construír o traballo creativo a través do imaxinario épico como fonte de motivación e ao precisar investigar a repercusión expresiva do “efecto repetición” das situacións escénicas propostas, tomei a decisión de xogar cun texto fixado que facilitaba a transición da narración á representación.

O conto, como estratexia, é a base do traballo coral efectuado no taller. O texto do conto pasou por distintas fases: nun primeiro lugar ía elixindo situacións e personaxes para detectar que contido épico espertaba máis interese entre os participantes. Deste xeito fun compoñendo un conto que primeiro relataba eu e co que realizabamos exercicios para potenciar a relación entre significado e significante. A medida que o proceso de traballo avanzaba, os rapaces empezaron a ir tomando responsabilidades, aprendendo a interactuar a través do texto aprendido e interpretado, encarnando eles mesmos os personaxes do conto, cos seus compañeiros. Finalmente centrámonos en poñer atención no papel do actor e do público para establecer vínculos entre o emisor e o receptor do feito teatral.

Esta última fase do traballo, a da conciencia de traballar para un acto público máis alá do adestramento interno, deu os seus froitos na mostra que realizamos no Seminario Internacional de Animación Sociocultural e Necesidades Educativas Especiais de Chaves, Portugal. (Morais, 2010 p.249-254).

Creamos tamén escenas que incorporaban condutas afastadas das súas personalidades. As persoas con autismo presentan afectacións que inciden na súa afectividade. A súa habilidade para establecer relacións afectivas, para intercambiar xestos emocionais e a utilización, en ton emotivo, de palabras novas (Greenspan, 2008, p.19-41) traballábase no taller dende o imaxinario. As escenas baseadas en situacións cotiás axudáronlles aos participantes a entender a idea de teatro e texto como elementos da ficción, a entender as accións e reaccións como pactos afastados da realidade; as indicacións externas que se lles daba aos rapaces empezaron a ser comprendidas con máis fluidez e, a día de hoxe, a miña intervención como guía absoluto está collendo un camiño máis próximo ao de guía espectador.

O taller ensinoume a que, efectivamente, “sistematizar en materia de

expresión é moi difícil. Cada xesto nace nun contexto determinado e posúe códigos específicos” (Poveda, 1995, p.116) e que cada instante de expresividade, de comunicación, e de emotividade, ha de ser entendido como acto de transformación e evolución do individuo.

Cara a unha metodoloxía flexible que facilite a asimilación de contidos

A presenza do responsable do proxecto teatral é indispensable para o control e avaliación dos obxectivos. Trátase dunha metodoloxía dialéctica, baseada na cohesión do grupo a través do teatro como plataforma de comunicación.

O enfoque metodolóxico previsto para a asimilación de contidos, a pesar da necesidade dunha secuenciación e cronograma que esixen unha programación guiada absolutamente polo responsable, non pasará por ser dogmático ou impositivo senón que buscará empatizar coas necesidades afectivas do grupo, atendendo á simplicidade das estratexias, á participación activa de todos os membros do grupo, á adecuación da secuencia tempo-investimento da enerxía e a preocupación por seguir o proceso de xeito personalizado.

A Triada de Wing (Wing, 1998, p.44-59) marca unha tendencia común onde a imaxinación, a comunicación e a interacción se erixen como características que limitan pero que compracen o esforzo dos participantes.

No taller de teatro só se producen situacións relativas ao teatro. É dicir, a linguaxe extra cotiá substitúe o cotián e mesmo os momentos de distensión e transición entre exercicio e exercicio están previstos coa introdución de minutos de silencio e inmovilidade relativa que favorece a liberación expresiva durante as actividades propostas.

Estúdase, en maior ou menor medida e sempre coa adaptabilidade que corresponda a cada participante e en función da competencia lingüística:

- A percepción e a expresión.
- A emotividade a través do imaxinario.
- O estímulo e a resposta.
- A relación entre significado e significante.
- A elaboración e a reprodución das palabras.
- A imaxe e a palabra.
- O subtexto e o texto.
- Secuenciación e disposición do discurso.
- Direccionalidade: a relación co público e cos compañeiros de escena.
- A información no corpo e a voz a través das palabras.
- A distancia: como intensificar a proxección da voz sen perder a noción de todos os aspectos relacionados coa expresividade.
- A tensión e a distensión a favor da percepción.

Este traballo non impide incluír participantes sen linguaxe verbal para que realicen un traballo de asociación entre pensamento e linguaxe, a través de exercicios destinados a asociar a percepción sonora a estímulos observables.

A colaboración de Elisenda Renom, axudoume nunha recente, pero intensa, etapa do traballo. Como profesora de expresión corporal e especialista no Método Feldenkrais, que é un proceso educativo e un sistema de ensino somático, o seu propósito é que o corpo dos rapaces estea organizado para moverse cun mínimo esforzo e máxima eficacia, non a través da forza muscular, senón dun maior coñecemento do seu funcionamento.

Os indicadores obxectivamente verificables e a súa repercusión: do traballo interno á representación pública

Despois de case tres anos de adestramento no centro, incrementouse a interacción dos participantes a través do teatro como acto comunicativo, logrouse un ambiente de traballo lúdico pero con fins pedagóxicos. A concentración establece un clima que favorece o incremento do rendemento e o nivel de activación óptimo. É importante apreciar que os participantes traballan a comunicación a través do teatro, teñan ou non teñan competencia lingüística e abeiro á premisa é, por riba de todo, que vivan a experiencia de xeito prazenteiro e motivante.

Obsérvase, en relación con resultados específicos esperados en participantes con competencia lingüística, que:

Melloran a capacidade de relacionar significado e significante nos textos interpretados, porque centran a súa participación en reproducir os textos de xeito reflexivo e interpretan as súas accións en función das repercusións do momento por momento.

Conseguen logros progresivos con respecto á secuenciación das imaxes do discurso, pois identifican as pasaxes do texto en concordancia coa lóxica dos acontecementos.

Existe relación directa da memorización e expresión oral do texto con melloras na fonación. Este dato ofréceme a oportunidade de afondar en aspectos técnicos relativos aos formante da voz e a hipotonía vocal que apreciamos na maioría de participantes con trastornos do espectro do autismo. Deste xeito, os rapaces, desenvolven a capacidade de adestrar a articulación e a capacidade fonadora a través da interpretación dos textos.

Os participantes responden con éxito a exercicios que relacionan o pensamento coa consecución de fonemas e son capaces de aprender a organizar a respiración con respecto ao texto de xeito lóxico.

Ao mellorar a memoria retentiva en relación ás sensacións vivenciadas a través do texto, o texto funciona, cada vez máis, como estímulo emocional.

Sen esquecer nunca o contexto que determina a acción, centran a súa capacidade de memorización e elocución nos acentos rítmicos do texto, e danlle o valor que corresponde a cada palabra do discurso. Nalgúns casos é recoñecible a tendencia a improvisar estruturas de texto totalmente vinculadas ao texto previamente aprendido, factor que determina a integración de estruturas mentais asociadas á linguaxe utilizada.

Nesta liña é interesante ver que a súa capacidade de memorización e elocución está baseada na división estruturada das oracións en sintagmas fonolóxicos e que existe unha relación directa entre a expresividade e o adestramento da tensión e a distensión na elocución dos textos.

Melloran progresivamente o adestramento acción-reacción a través da interpretación de textos memorizados, sen anticipar o texto aos acontecementos. Non obstante empezan a producirse erros tamén comúns en actores profesionais, referentes á transposición de oracións ou accións dunha escena a outra. Estas situacións aparecen, na práctica, actitudes relacionadas coa capacidade de corrixir e de divertirse co erro.

Responden positivamente a exercicios destinados a relacionar a expresividade física e vogal cos textos interpretados. A autoestima, consecuencia positiva directa, do pracer de tomar conciencia dos avances individuais, non está disputada coa insistencia de establecer un traballo marcado pola responsabilidade e a correcta utilización das directrices.

Desenvolven, a través da interpretación dun texto, a capacidade de controlar perturbacións de linguaxe en estado de concentración. Saben que han de facer o esforzo de utilizar só a linguaxe que pertence ao marco teatral. Si que é frecuente, nalgúns casos, a presenza de metalinguaxe no seu sentido máis inmediato, é dicir, algúns participantes emiten as súas frases acompañadas dunha reflexión acerca delas do tipo “díxenlle isto” ou “me respondeu o outro”.

Pero, sen dúbida ningunha, e sintetizando todos os logros, o que máis agrada de ver, é como conseguen adestrar a diferenza entre a reprodución de palabras e a elaboración de palabras a medida que transcorre a acción, evidenciando que a memorización de patróns repetitivos non debe estar asociada a condutas que non deixen lugar á conciencia e á comprensión de situacións que desencadean palabras. Estas palabras, aínda que aprendidas previamente, xorden da necesidade de finxir un momento que podería estar a producirse por primeira vez.

Estas avaliacións acerca do traballo realizáronse xusto antes da nosa visita ao Seminario Internacional de Animación Sociocultural e Necesidades Educativas Especiais en Chaves, Portugal, coordinado polo mestre, na súa distinción tan humana como profesional, Marcelino de Sousa Lopes e a psicóloga Mariana Salgado Peres.

Aínda que a planificación da saída –avalado dende o principio polo noso

director xeral Dr. Cipriano Luis Jiménez Casas– comportase unha organización rigorosa e preventiva, o maior reto estaba por chegar.

Xa en Portugal, os rapaces, realizaron o seu último ensaio cun público moi especial: Mónica e J. Araujo, monitores de Castro Navás, presenciaron con moito cariño e tacto a que ía ser a súa última sesión de adestramento antes da función. Era un bo augurio observar que os rapaces, lonxe do centro e con ausencias no grupo que podía desequilibrar o traballo coral, eran capaces de adaptarse con éxito a unha sala totalmente descoñecida para eles, e que diante dos seus monitores –que tanto me axudaron neste momento especial– conservaban a conciencia de público sen alterar o seu comportamento.

Lonxe quedaba xa a experiencia das sesións de traballo conxuntas con actores externos da Escola Superior de Arte Dramática (en decembro de 2008). Nestas ocasións, os participantes con trastornos do espectro do autismo acudían á actividade como espectadores do xogo teatral, e o desenvolvemento da animación estaba especialmente vinculado á súa participación activa. O centro Castro Navás reuníase para presenciar as animacións teatrais pero sempre no ámbito interno, nunca de xeito público.

Agora, pois non deixará nunca de ser un “agora eterno” aquel 16 de abril de 2010, era o momento do auditorio de Chaves, un lugar con 250 prazas, que me atrevería a dicir que estaba case en plena ocupación, e os rapaces estaban a punto de subirse ao escenario e facer unha demostración práctica dos seus exercicios de aula.

Os nosos protagonistas alcanzaron realizar a representación con maior concentración que en calquera ensaio anterior e a súa voz amplificábase de xeito consciente. Porque nos ensaios previos, unha das miñas preocupacións era a proxección sonora dos textos e foron sempre necesarias as indicacións ao respecto: no momento crucial –coma se escoitasen a miña voz sen que eu me pronunciase– adecuáronse sós á situación, interactuar entre si e comigo de xeito lúcido e activo, sen que eu fose o fío condutor que corruxía erros, pois non houbo cabida para erros determinantes que esixisen a miña intervención.

Gozando dos aplausos do público e dirixíndome continuas miradas cómplices de “mira que ben o fixen”, os rapaces deixaron o escenario emocionados. Cadrado explica que a persoa con autismo ten uns sentimentos e emocións que non saben expresar de maneira que poidan ser interpretados polos que os rodean (Cadrado, 2005, p.25) pero cando se producen momentos así, todo esforzo por conseguir instantes de excepcionalidade cobran sentido.

Nese preciso momento máxico no que os protagonistas baixaban do escenario, entendín que o noso cabalo coxo se librara da súa coxeira.

Bibliografía

- BOAL, A. (2004). *Xogos para actores e non actores* [Jogos para atores e não atores] (Ed. ampliada e revisada.). Barcelona: Alba.
- CADRADO, P., & VALENTE, S. (2005). *Nenos con autismo e TGD ¿como pode axudalos? Pautas para pais e profesionais*. Madrid: Síntese.
- GREENSPAN, S. I., & WIEDER, S. (2008). *Comprender o autismo* (1ª ed.). Barcelona: Integral.
- MORAIS, E. (2010). “Teatro, Texto e Trastorno do Espectro Autista“, p. 249-254. En: *I Seminário Internacional de Animação Sociocultural e Necessidades Educativas Especiais*. Associação para a Promoção e Divulgação Cultural. 16-17 Abril, Chaves, Portugal.
- POVEDA, L. (1995). *Ser ou non ser. Reflexión antropolóxica para un programa de pedagogía teatral*. Madrid: Narcea.
- WING, L. (1998). *O autismo en nenos e adultos: Unha guía para a familia* (1ª ed.). Barcelona: Paidós.

OS DEREITOS DAS PERSOAS ADULTAS CON TRASTORNOS DO ESPECTRO DO AUTISMO E A CONVENCIÓN DA ONU DE DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Inés de Araoz *

Responsable da área xurídica da Confederación Autismo España

RESUMO

A entrada en vigor da Convención de la ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade supón un fito que é preciso destacar no recoñecemento de dereitos das persoas con discapacidade, e no que o Estado español se compromete a facer un esforzo para lograr o exercicio efectivo e real destes.

Este traballo pretende facer un percorrido polos conceptos máis importantes da Convención e, posteriormente, resaltar algúns dos dereitos que recoñece a Convención e que poden estar máis relacionados coa etapa adulta das persoas con trastornos do espectro do autismo.

* Inés de Araoz Sánchez-Dopico é licenciada en Dereito pola Universidade de Salamanca (1991-1996) e especializouse posteriormente en asesoría xurídica de consumo. Pertence á Confederación Autismo España dende o ano 2002 e conta cunha ampla experiencia e coñecementos relativos á protección de dereitos das persoas con discapacidade en xeral, e das persoas con TEA en particular. É membro de diversas comisións de traballo do CERMI Estatal (seguimento da Lei 39/2006, formación e emprego, educación e cultura, familia etc.). Ademais, ten diversas publicacións na súa gran maioría centradas no Sistema para a autonomía e atención á dependencia, entre as que destaca como coordinadora e co autora da *Análise dos desenvolvementos normativos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD). Estudo comparativo autonómico*.

Acreditada como árbitro ante a Xunta arbitral central do sistema arbitral para resolución de queixas e reclamacións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal por razón de discapacidade para a resolución de procedementos en que as partes optasen pola decisión en dereito.

Aspectos xerais da Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade

O día 13 de decembro de 2006 aprobouse a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade. Foi ratificada por España o 3 de decembro de 2007 e entrou en vigor o 3 de maio de 2008, ao cumprirse os 30 días dende a ratificación de 20 estados parte. Este tratado internacional, en primeiro lugar, supón un xiro na forma de abordar a discapacidade xa que as persoas con discapacidade deixan de ser obxecto de políticas asistenciais para pasar a ser suxeitos de dereitos humanos.

É preciso ter en conta que conforme ao artigo 96.1 da Constitución española «os tratados internacionais validamente celebrados, unha vez publicados oficialmente por España, pasarán a formar parte do ordenamento xurídico interno», o cal implica que non hai que esperar á adaptación da nosa normativa, senón que a Convención é directamente aplicable e de obrigado cumprimento.

Así mesmo, a súa entrada en vigor obriga a iniciar o proceso de revisión e modificación de calquera norma ou disposición que poida resultar contraria. Ademais, deberá ser un instrumento de interpretación da normativa.

De todos os xeitos, a nosa lexislación en materia de discapacidade é unha das máis avanzadas do mundo e a maioría dos dereitos xa se atopan recoñecidos nela, aínda que ás veces con diferentes matices. O problema moitas veces atópase na falta de efectividade ou dificultade á hora de facer efectivo do dereito.

A Convención no seu artigo 1 establece a súa finalidade que non é outra que «promover, protexer e asegurar o gozo pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade, e promover o respecto á súa dignidade inherente». É preciso destacar que a Convención estende a súa eficacia a todas as persoas con discapacidade e, polo tanto, deberá facerse real para calquera persoa con discapacidade independentemente do tipo e grao de discapacidade existente.

No artigo 3 recóllense os principios inspiradores desta que deberán informar a súa aplicación. Independentemente de que de forma posterior nos deteñamos nalgúns con maior atención, vale a pena reproducir todos e cada un deles:

- a) O respecto á dignidade inherente, a autonomía individual, incluída a liberdade de tomar as propias decisións, e a independencia das persoas.
- b) A non discriminación.
- c) A participación e inclusión plenas e efectivas na sociedade.
- d) O respecto pola diferenza e a aceptación das persoas con discapacidade como parte da diversidade e condición humanas.
- e) A igualdade de oportunidades.
- f) A accesibilidade.

- g) A igualdade entre home e muller.
- h) O respecto á evolución das facultades dos nenos e nenas con discapacidade e o seu dereito a preservar a súa identidade.

Por outro lado, a Convención da ONU sobre dereitos das persoas con discapacidade resulta de enorme importancia porque supón un cambio de paradigma do concepto de persoa con discapacidade. Considérase que o concepto persoa con discapacidade inclúe a «persoas que teñan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais a longo prazo», pero non abonda con que a persoa teña certas características persoais; a discapacidade unicamente se produce cando ao interactuar con diversas barreiras do tipo que sexan, de carácter físico, cognitivo, social actitudinal, etc. se produza a posibilidade de que poidan impedir a participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais. Hai que ter en conta que non se esixe que se produza o impedimento senón que abonda coa mera posibilidade de que se produza.

Outro concepto que recolle a Convención e que resulta un pilar básico á hora da súa aplicación é o de “discriminación por motivos de discapacidade”. A Convención no seu artigo 5 establece que os estados parte deben prohibir calquera discriminación por motivos de discapacidade e garantirán a todas as persoas con discapacidade protección legal, igual e efectiva contra a discriminación por calquera motivo.

Ademais, co fin de promover a igualdade e eliminar a discriminación, os estados parte adoptarán todas as medidas pertinentes para asegurar a realización de axustes razoables.

Así pois, atopámonos con dous conceptos cuxo contido é necesario precisar:

- Discriminación por motivos de discapacidade:
 - * Calquera distinción, exclusión ou restrición por motivos de discapacidade.
 - * Que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, goce ou exercicio, en igualdade de condicións, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, cultural, civil ou doutro tipo.
 - * Inclúe todas as formas de discriminación, entre elas, a denegación de axustes razoables.
- Axustes razoables: as modificacións e adaptacións necesarias e axeitadas que non impongan unha carga desproporcionada ou indebida, cando se requiran nun caso particular, para garantirlles ás persoas con discapacidade o goce ou exercicio, en igualdade de condicións coas demais, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais.

Ambos os dous conceptos xa estaban recollidos de forma previa pola lexislación española, concretamente na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal (LIONDAU). Esta lei delimita de forma máis clara o concepto de axuste razoable, xa que precisa os elementos que se deben ter en conta para determinar se unha carga resulta desproporcionada ou non (artigo 7.c): os custos da medida, os efectos discriminatorios que supoña para as persoas con discapacidade a súa non adopción, a estrutura e características da persoa, entidade ou organización que debe poñela en práctica e a posibilidade que se teña de obter financiamento oficial ou calquera outra axuda.

Así mesmo, é preciso diferenciar o concepto de axustes razoables do de medidas de acción positiva, recollidas no artigo 8 da LIONDAU e que serían os apoios específicos destinados a previr ou compensar as desvantaxes ou especiais dificultades que teñen as persoas con discapacidade á hora de participar e incorporarse plenamente a todos os ámbitos da vida. Poderán consistir en apoios complementarios como axudas económicas, axudas técnicas, asistencia persoal, servizos especializados e axudas e servizos auxiliares para a comunicación.

Resulta fundamental ter en conta que as medidas de acción positiva van dirixidas a un grupo de persoas con discapacidade, mentres que os axustes razoables teñen carácter individual.

Algúns dereitos das persoas adultas con TEA

Respecto aos dereitos que lles reconece a Convención ás persoas con discapacidade, entre aqueles que maior incidencia van ter na etapa de vida adulta das persoas con TEA podemos destacar:

Igual recoñecemento ante a lei (artigo 12)

Establécese que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais en todos os aspectos da vida. Aplicado ao sistema lexislativo español, debemos interpretar que se está a referir ao que se denomina “capacidade de obrar” que é a capacidade para poder levar a cabo na práctica todo tipo de actos ou negocios xurídicos con eficacia válida.

Así mesmo, os estados parte adoptarán as medidas pertinentes para proporcionarlles o acceso ás persoas con discapacidade ao apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade xurídica. A este respecto existe unha proposta do CERMI para cambiar o modelo de substitución na toma de decisións das persoas con discapacidade que fosen declaradas en situación de incapacidade que actualmente impera en España por un modelo de apoio á persoa con discapacidade á hora de tomar as súas decisións.

É preciso recoñecer, ademais, que o *Código Civil* español xa establece no seu artigo 760 que «a sentenza que declare a incapacidade determinará a extensión e os límites desta, así como o réxime de tutela ou garda ao que deba quedar sometido o incapacitado...» aínda que o certo é que como regra xeral, o esquema das sentenzas conclúe decretando a incapacidade e establecendo a tutela ou curatela, sen graduar máis.

Dereito a vivir de forma independente e a ser incluído na comunidade (artigo 19)

Este dereito implica que a persoa con discapacidade, calquera persoa con discapacidade debe ter a «oportunidade de elixir» «e non se vexan obrigadas a vivir conforme a un sistema de vida específico».

Ademais, é preciso que a persoa con discapacidade teña asegurado o «acceso a unha variedade de servizos de asistencia domiciliaria, residencial e outros servizos de apoio na comunidade, incluídas a asistencia persoal». Esta previsión entronca de forma íntima co dereito á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Especialmente porque se establece explicitamente o dereito o acceso á asistencia persoal, o cal no noso país non se atopa garantido correspondendo á prestación económica de asistencia persoal unicamente o 0,11% do total das prestacións do SAAD concedidas ata agora, é dicir, despois de máis de tres anos de vixencia do sistema.

Ademais, resulta esixible que as instalacións e servizos comunitarios teñan en conta as súas necesidades.

Educación (artigo 24)

Aínda que as previsións relativas á educación na etapa adulta non son excesivas, si se tivo en conta. Os estados parte asegurarán un sistema de educación inclusivo a todos os niveis, así como o ensino ao longo de toda a vida.

Tamén asegurarán o acceso á educación superior, a formación profesional e a aprendizaxe durante toda a vida sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais. Para tal fin aseguraranse que se realicen axustes razoables.

Saúde (artigo 25)

Recoñécese o dereito das persoas con discapacidade a gozar do máis alto nivel posible de saúde sen discriminación por razón de discapacidade. Os estados teñen a obriga de proporcionar os servizos que estas precisen como consecuencia da súa discapacidade.

Consecuencia das previsións anteriores resultaría a esixencia de que os

servizos sanitarios dispoñan dos coñecementos específicos necesarios e que os servizos estean adaptados ás súas necesidades.

Outro aspecto que se debe ter en conta é que os estados parte deben prohibir a discriminación contra as persoas con discapacidade na prestación de seguros de saúde e vida.

Habilitación e rehabilitación (artigo 26)

Resulta esixible que os estados parte adopten medidas efectivas e pertinentes (a través de programas e servizos) para que as persoas con discapacidade poidan lograr manter a máxima independencia, capacidade física, mental, social e vocacional e a inclusión e participación plena en todos os aspectos da vida.

Traballo e emprego (artigo 27)

Os estados parte recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a traballar, en igualdade de condicións que os demais. Iso inclúe o dereito a ter a oportunidade de gañarse a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e un ámbito laborais que sexan abertos, inclusivos e accesibles ás persoas con discapacidade.

Ademais, establécese de forma explícita o dereito á realización dos axustes razoables precisos no lugar de traballo.

Participación na vida cultural, actividades recreativas, o entretemento e o deporte (artigo 30)

Resulta de enorme importancia o recoñecemento deste dereito, tan necesario e tan pouco recoñecido...

Conclusiones

A) A aprobación da Convención sobre dereitos das persoas con discapacidade supón a consagración dun cambio de paradigma.

B) Forma parte do noso ordenamento xurídico interno e é directamente aplicable.

C) É preciso facer fincapé na súa aplicación tanto ante as diferentes administracións públicas coma ante os órganos xudiciais.

O FUTURO DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE ENVELLECIDAS

Cipriano Luis Jiménez Casas¹
Director Xeral Fundación Menela

RESUMO

A expresión “persoa con discapacidade envellecida” e “persoa envellecida con discapacidade”, designan dous grupos de persoas diferentes, pero ao mesmo tempo emparentadas. O primeiro grupo componse de individuos que acadan unha idade determinada (vellez), que sufriron un hándicap ao longo dunha gran parte da súa vida, moitas veces desde o nacemento. Para o segundo grupo, o hándicap aparece a unha idade relativamente avanzada. Así as cousas, este artigo trata de abrir o debate de como temos que proxectar as futuras residencias para as persoas maiores con discapacidade envellecidas, particularmente para as persoas maiores con trastornos do espectro do autismo en situación de dependencia.

1. O autor é médico psiquiatra e psicanalista. Director xeral da Fundación Menela. Didacta da Asociación Española de Psicoterapia Psicoanalítica (AEPP). Vicepresidente da Federación Autismo Galicia. Director da revista *Maremagnum*. Escritor e membro da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Conferenciante e poñente en congresos e seminarios nacionais e internacionais. Director dos proxectos europeos HORIZON (1995-1999) e INTERREG (2003-2007). Fundador en Vigo do Instituto de Estudos Freudianos, Asociación Galega de Terapeutas de Autismo e Psicoses Infantís (AGATAPI), Federación de Asociacións Pro-Deficientes de Pontevedra (FADEP), Federación Autismo Galicia (AG), Fundación Tutelar para Minusválidos Psíquicos SALVORA e Fundación Tutelar Camiño do Miño. Vogal da Fundación Bibliófilos Galegos. Fundador de editoriais Rueiro, Man Común, Lumeiro (Editora da revista *Vagalume*) e a Produtora Cinematográfica Galega *Nós*.

Libros publicados entre outros: *Control de natalidade. Métodos contraceptivos* (Edicións do Rueiro. A Coruña, 1997); *As voces de mármore. Autismo e psicoses infantís en Galicia* (Xerais Universitaria, 1987); *Recursos e prioridades no campo das minusvalías psíquicas na comarca da Estrada* (Edita Excm. Deputación de Pontevedra, 1993); *Lazer sem barreiras* (Guía de turismo

Introdución

O envellecemento da persoa con discapacidade é, un fenómeno relativamente recente, que se verá acentuado nestes próximos anos, ao mesmo tempo co propio envellecemento da poboación xeral. Esta situación debería comprometer fundamentalmente, os profesionais que traballan neste campo, así como a sociedade no seu conxunto. A persoa con discapacidade envellecida e a persoa envellecida con discapacidade, teñen que estar consideradas en función das súas vivencias e non soamente da súa idade. Sabemos, por exemplo, que a vulnerabilidade física ligada á vellez aparece máis cedo no caso da persoa con discapacidade. En función do seu envellecemento a persoa con discapacidade pasa con frecuencia dunha situación de severa a unha gran dependencia. Lembrémonos de que o envellecemento, en xeral, esta acompañado de notables cambios e regresións tanto físicas, como psíquicas e por suposto sociais.

Unha persoa con discapacidade, que ata a vellez era autónoma ten o risco de precisar importantes axudas unha vez acadada a situación de envellecemento. Chegado ese momento, temos que pensar que axudas precisa en función do seu hándicap: físico, mental ou sensorial.

O Consello de Europa, contempla a noción de “*ruptura traumatizante*”, para caracterizar aqueles factores que inflúen sobre o proceso de envellecemento e da persoa con discapacidade. Os factores serían de dúas ordes: 1) Factores internos: patoloxías específicas asociadas; cambios de personalidade; dependencia física e mental; tendencias suicidas; fase terminal da vida... e 2) Factores externos: xubilación; cambios da estrutura familiar; inadaptación á vivenda; illamento; inseguridade; malos tratos; modificación do rol social; pensión; xestión patrimonial e dos seus bens...

A cada un destes factores correspóndelles unha ou varias respostas: 1) Preventivas, tales como; mantemento das funcións adquiridas; rol do médico de cabeceira (tratamentos equilibrados, evitando a súper medicación...); estimulación por parte do persoal coidador; respecto da alternancia actividade/repouso; mantemento das relacións afectivas e interxeracionais... 2) Rehabilitadoras, como; acompañamento social e humano; axudas a adaptación da vivenda; remuneracións nos obradoiros protexidos; pensión antes dos 60 ou 65 anos que facilite o pase dun obradoiro protexido a un centro de día e/ou residencial; instalación de servizos de tele asistencia; salvagarda patrimonial; demótica e axudas técnicas...

adaptado para persoas con discapacidade. Kadmos S.C.L., Salamanca, 2004); *Lecer sen barreiras* (Editado por Fundación Menela. Gráficas Vigo, 2005); Plan estratéxico de emprego (Editado por Autismo Galicia, 2006-2008).

Colaboracións na prensa galega e internacional con artigos relacionados coa psicanálise, ensinanza, discapacidade e cultura en xeral no suplemento Faro da Cultura de *Faro de Vigo*.

A cuestión que se presenta é, cales deben ser as solucións e accións para estas persoas ao final da súa vida laboral: O problema da vivenda? O acompañamento? O seu proxecto de vida? É en definitiva, Que desexa e precisa a persoa con discapacidade envellecida?

Pensemos tamén que, con relación a este problema habería que ter en conta, que nos atopamos diante dun fenómeno relativamente novo, no que existen poucas ou ningunha estatística específica e que os países e comunidades non teñen aínda “plans específicos” sobre os modelos de intervención, tanto en referencia a responsabilidade dos poderes públicos, así como das políticas de intervención.

En Europa, o envellecemento da poboación é un dato mais que constatado e relacionado coa forte caída da natalidade e, por outra parte, dunha cada vez maior esperanza de vida.

Polo tanto, temos que pensar que o fenómeno do envellecemento, tanto en Europa como en España, e particularmente en Galicia, nos concirne a todos: persoa con discapacidade, familias, profesionais de atención directa, centros e servizos, asociacións, poderes do Estado, das CC. AA. e municipais.

Outra cuestión, que se nos entoxa importante é que existe un elemento diferencial: “Non envellecemos todos da mesma forma”. As diferenzas poden remitirnos á maneira en como tivo lugar a experiencia de vida de cada quen.

Para a persoa con discapacidade envellecida, son fundamentais os coitados médicos, sociais e pedagóxicos, as intervencións precoces, os centros residenciais e de día, os obradoiros ocupacionais; as axudas individualizadas de cara á integración, á orientación profesional...

Recomendacións do Consello de Europa sobre Discapacidade e Envellecemento

O día 8 de xullo de 2009, o Consello de Ministros do Consello de Europa dirixiulles aos estados unha recomendación sobre “o envellecemento e a discapacidade”.

É importante subliñar, que esta recomendación trata de distinguir claramente a situación da “persoa con discapacidade envellecida” da “persoa envellecida con discapacidade”. As primeiras, obviamente, parten dunha idade na que sufriron unha discapacidade ao longo dunha gran parte da súa vida, nalgúns casos no mesmo momento do nacemento.

Para as segundas a discapacidade pode aparecer nunha idade relativamente avanzada.

As grandes liñas da nova recomendación do Consello de Europa tratan de promover a autonomía da persoa con discapacidade envellecida, a mellorar a calidade dos servizos e a igualdade de acceso a estes servizos.

O Consello de Europa indica que o envellecemento da persoa con disca-

pacidade, fundamentalmente naquelas onde a súa situación require un elevado grao de asistencia, lles impón aos estados buscar medidas innovadoras, polo que: *“O nivel dos servizos de axuda propostos no seno das colectividades e dos establecementos de coidados, notablemente os destinados ás persoas que presentan trastornos da aprendizaxe, nunca estivo alcanzado, tanto no ámbito cuantitativo como cualitativo. A persoa con discapacidade envellecida, polo tanto, está dobremente desfavorecida, como o demostra o feito de que as súas necesidades son raramente consideradas como prioritarias nas políticas e os servizos sanitarios e sociais”*.

Considerando as súas estruturas nacionais, rexionais ou locais e das súas responsabilidades respectivas, os estados membros do Consello de Europa deben contribuír á creación de recursos duradeiros é permitirlle á persoa con discapacidade envellecida gozar dunha mellor “calidade de vida” nunha sociedade inclusiva.

O Consello de Europa subliña particularmente os puntos seguintes:

- 1) O modo de vida da persoa con discapacidade envellecida (no seu domicilio, en réxime residencial ou nun establecemento de saúde) deberá ter en conta as súas necesidades, os seus desexos e as propias capacidades da persoa con discapacidade unha vez avaliadas de forma global as súas necesidades, fundamentalmente, en relación cos servizos de mantemento.
- 2) O principio de aprendizaxe ao longo da vida será aplicado independentemente da idade e das capacidades da persoa concernida. Os programas para a persoa con discapacidade comportarán un dispositivo de preparación aos cambios de vida.
- 3) A persoa con discapacidade envellecida participará plenamente e directamente no proceso de confección dos servizos, a súa posta en funcionamento e a súa avaliación. A persoa concernida, a familia, os axudantes e os amigos deben tomar parte. Na medida do posible, os servizos deben prestarse no domicilio da persoa afectada ou no seo da colectividade, antes que nun establecemento, e, en todos os casos, o máis preto posible do domicilio desta persoa.
- 4) O persoal responsable dos servizos de axuda recoñecerá, no cadro da súa formación e na practica da súa profesión, o dereito da persoa concernida, a autonomía e o seu dereito a escoller o tipo, o lugar, o momento e o ritmo nos cales eses servizos deben ser aplicados. Os coidadores habituais (membros da familia, asistentes persoais remunerados) deben beneficiarse dunha formación, información e apoios propiciados polo Estado ou polas ONG.
- 5) Os coidadores habituais que axudan a unha persoa con discapacidade envellecida a domicilio deben beneficiarse regularmente de perío-

dos de respiro temporal da persoa con discapacidade coidada, para poder descargarse momentaneamente das súas responsabilidades. Esta practica trata de garantir que a asistencia a persoa con discapacidade poida ser realizada a domicilio durante o maior tempo posible.

- 6) Os servizos de apoio propostos á persoa con discapacidade envellecida, deben estar dotados de recursos financeiros apropiados (públicos, ONG, nacionais e internacionais) para garantir un nivel de calidade satisfactorio.

Os futuros proxectos de centros residenciais

Os futuros centros residenciais, deberan adaptarse á Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e con carácter específico para persoas maiores con autismo e dependencia. Centros residenciais de atención integral para persoas en situación de severa ou gran dependencia, con instalacións e programas de intervención adaptados ao novo marco establecido pola Lei de dependencia, libres de barreiras, seguindo os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos, con proxectos de adecuación ergonómica e accesibilidade integral.

As persoas con discapacidade, tal como acontece nas persoas con autismo, non é necesario que cheguen a unha idade determinada (maiores), para consideralas persoas dependentes, por que, desgraciadamente, en moitos casos, a súa evolución leva consigo unha forte deterioración, que as fai dependentes nun maior ou menor grao.

Ao longo destas ultimas décadas, producíronse fondas transformacións na concepción de “persoa con discapacidade” e a súa relación coa sociedade. Distintas discapacidades implican necesariamente unha multiplicidade de atencións. Polo tanto, debemos pensar en programas adaptados a cada usuario/a como alternativa á oferta de servizos estandarizados. En este terreo, o aproveitamento das novas tecnoloxías, como apoio ao traballo dos profesionais, é imprescindible para acadar un servizo diferenciado e adaptado ás necesidades reais de cada usuario/a.

Algunhas das características para os futuros centros residenciais, terían en conta:

- 1) Instalacións de tecnoloxías de análises biomecánicas con aplicación á valoración da capacidade funcional e seguimento de rehabilitación das persoas residentes, adaptado á Lei 39/2006, que crea o sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), como sistema de protección universal.
- 2) Sistemas de valoración para a determinación de situacións de dependencia e definir o seu grao e nivel.

- 3) Servizos e prestacións acordes co catálogo establecido na Lei 39/2006, que contempla o denominado Programa individual de atención (PIA).
- 4) Servizos de prevención ás situacións de dependencia, que, a día de hoxe, non existe ningún plan autonómico de prevención da situación de dependencia, así como servizos á promoción da autonomía persoal, definidos na Lei 39/2006.
- 5) Servizos residenciais, de día e de noite, fin de semana, tele-asistencia e axuda a domicilio.
- 6) Sistema de “formación” e especialización dentro do campo da discapacidade e dependencia con programas de prevención e promoción da autonomía persoal.

Contidos e obxectivos dos centros residenciais

Os futuros centros residenciais para persoas maiores con autismo e dependencia, daralles atención a aquelas persoas que, polo seu elevado nivel de dependencia, non atopan acomodo na actual rede autonómica de centros asistenciais de Galicia.

No seu deseño procurarase manter a concepción de “centro aberto”, oposto ao concepto de “institución”. Esta idea implica unha organización adaptada ás necesidades asistenciais de cada usuario/a e facilita así a planificación centrada na persoa. É, polo tanto, un lugar de desenvolvemento persoal e de vida, o que implica que a atención deberá ser integral e integrada nun plan xeral de intervención.

Os futuros centros residenciais, para persoas maiores con autismo e dependencia, permitirían resolver toda unha serie de demandas como:

- 1) Asistencia e tratamento, con criterios innovadores para este colectivo, que nos próximos anos acadaran idades moi próximas á vellez.
- 2) Atención a persoas con trastornos do espectro do autismo, que presenten cadros de deterioración na súa evolución, e, polo tanto, precisen coidados e equipos de atención directa preparados para esta nova situación.
- 3) Funcións de “contención”, para todos aqueles casos de usuarios/as, que en calquera outro centro de Galicia, presenten problemas puntuais de descompensación.
- 4) Este tipo de centros residenciais, estará dotado dun persoal de atención directa previamente adestrado e especificamente preparado.

Os obxectivos deben centrarse en procurar unha atención ás persoas maiores con trastornos do espectro do autismo e dependencia e garantir ao máximo o seu respecto e dignidade.

Nesta liña, o futuro centro residencial debe de procurar entre outros, os seguintes obxectivos:

- 1) Mellorar a capacidade funcional e mental, mediante a aplicación das técnicas de rehabilitación máis innovadoras.
- 2) Garantir, na medida do posible, o maior nivel de saúde bio-psíquica-social dos/as usuarios/as.
- 3) Previr o incremento da dependencia, por medio de programas axeitados e personalizados.
- 4) Desenvolver programas de animación social e cultural, realizados baixo a supervisión de profesionais especializados.
- 5) Favorecer os contactos cos recursos da zona como forma de impulsar a coordinación socio-sanitaria e a participación comunitaria.

Os/as usuarios/as serán persoas maiores con autismo e dependencia que precisen dunha atención permanente, de controis médicos periódicos e tratamento sanitario e de rehabilitación.

Tratamento médico-sanitario: medicina preventiva, control dietético, control dos programas de fisioterapia e enfermería. Tratamento psiquiátrico, psicolóxico e pedagóxico. Estimulación psicomotriz e tratamentos de fisioterapia e hidroterapia. Asistencia social aos/á usuarios/as e ás súas familias e servizo de lecer e tempo libre.

Os centros residenciais, deberán contar con unha programación anual xeral e con programas de atención individual. Cada usuario/a contará cun expediente cos seus datos persoais, informe do EVO, programas que se van desenvolver, informes médicos etc.

Un proxecto de vida para persoas maiores con autismo

Os futuros centros residenciais, debido ás características da poboación á que van dirixidos (persoas maiores con autismo e dependencia), constitúen un recurso que poderá ser destinado a paliar o déficit de prazas residenciais especializadas que existen en Galicia.

As persoas con trastornos do espectro do autismo que se achegan á terceira idade (a partir de 60 anos) non contan con outros recursos que os centros residenciais para adultos, nos que comparten estanza con outros/as usuarios/as moito máis novos/as. De sobra é coñecido que coa idade xorden complicacións biopsíquicas que os centros actuais non poden atender por falta de recursos humanos e materiais específicos. Este tipo de residencias ao ser concebidas para a atención de persoas maiores con autismo ofrece os apoios especiais que este colectivo demanda.

Segundo datos publicados pola Xunta de Galicia no Plan de acción 2005-

2008 de persoas con discapacidade, en Galicia existen un total de 5.008 persoas maiores de 65 anos cun grao de discapacidade psíquica igual ou superior ao 65%. Se temos en conta que, segundo o mesmo informe, o total de prazas en centros asistenciais só cobren un 9,09% das necesidades detectadas, concluímos que existe actualmente en Galicia un déficit de máis de 4.500 prazas asistenciais para maiores con discapacidade psíquica gravemente afectados (persoas con dependencia severa e gran dependencia). Esta cifra duplicaríase se incluíramos na estimación o tramo de idade que vai dos 50 aos 65 anos.

A estatística vese perfectamente reafirmada se nos referimos á situación do colectivo de persoas maiores con trastornos do espectro do autismo (TEA) con gran dependencia e graves niveis de dependencia, xa que na actualidade non existe en Galicia ningún centro, público ou privado, que aborde especificamente a súa atención asistencial, polo que a cobertura é nula.

Como acontece con outras discapacidades, as persoas con trastornos do espectro do autismo, poden acadar unha esperanza de vida mellor que hai algunhas décadas. As persoas con autismo adultas con idades, hoxe en día, de máis de 40 anos, non se beneficiaron na súa infancia nin na súa adolescencia dun acompañamento adaptado ás súas dificultades e a maioría delas non tiveron as axudas, que precisaban, para desenvolver as súas capacidades. O seu grao de dependencia, a desaparición ou o envellecemento dos seus familiares obríganos a creación dun “lugar de vida” que os futuros centros residencias contemplan.

Discapacitados desde o seu nacemento, as persoas con trastornos do espectro do autismo necesitan dun acompañamento específico e personalizado e co envellecemento, os seus trastornos debidos ao autismo asócianse aos propios da idade.

As residencias ordinarias para as persoas maiores dependentes non presentan as condicións de acompañamento que son indispensables para as persoas con trastornos do espectro do autismo, que asocian a súa discapacidade ao envellecemento.

É preciso, pois, un “proxecto de vida” adaptado a este colectivo que se vai envellecendo e que evoluciona de tal forma (máximo se toman medicamentos), que os efectos da idade non lles permite a moitos deles, compartir un proxecto con xente nova adulta, baseado nas súas actividades laborais, en función dos horarios, ritmo do propio traballo e máis do grupo, levantarse cedo etc. Polo tanto a condición física, destas persoas que van envellecendo, non é compatible con centros para xente nova adulta.

Debemos anticiparnos a situacións de urxencia en función da degradación da saúde da persoa. Moitas das persoas que van envellecendo, levan bastante tempo (15/20 anos), da súa vida na mesma institución, no mesmo lugar, en compañía dos mesmos residentes. Colleron hábitos. Cambiar de lugar de vida, e habituarse a un medio máis humano, e mellor adaptado é posible sen

que supoña desencadear situacións de ansiedade, se o cambio está preparado e se a persoa aínda está en situación de adaptarse.

Unha agravación da súa saúde e da súa dependencia, pode implicar o desprazamento destas persoas a outro lugar. Este sería o futuro centro residencial, mellor adaptado ás súas necesidades, cun persoal mellor preparado e con servizos médicos e de saúde máis apropiados. Xa non existiría un límite de idade superior polo que os residentes poderían beneficiarse do novo emprazamento, ata o final da súa vida.

Por outra banda, este novo proxecto de centro residencial para persoas maiores con autismo e dependencia tratará de poñer en funcionamento: a) Un servizo terapéutico b) Un sistema de acompañamento e de estimulación, que trate de manter as funcións mais vitais adquiridas e desenvolver outras capacidades culturais e c) Unha función social, que potencie e facilite todo tipo de relacións sociais e culturais co propio contorno.

Bibliografía

- FRIEDEL, EVELYNE (2009). *Recommandation du Comité des Ministres du Conseil de l'Europe sur le vieillissement et le handicap au 21e siècle*. Link Autisme-Europe. N.º 52.
- GOLDWATER, ALYSON (2009). *Dossier Spécial sur le Vieillessement*. Link-Europe. N.º 52.
- D'HOLLANDER, PHILIPPE (1997). "Le vieillissement des personnes handicapées. Intervention au Conseil d'Europe, Attaché A.W.I.P.H." (Agence Wallonne pour des Personnes Handicapées). <http://www.siwadam.com/hmm/v3.htm>
- JIMÉNEZ CASAS, CIPRIANO L. (1990). Maud Mannoni. "Un lugar para la psicosis", pax. 157-172 en *La Contención. Asociación Española de Neuropsiquiatría*. XVIII Congreso da A.E.N. Madrid, 1990.
- MAREMAGNUM 7 (2003). *Envelhecimento, autismo e calidade de vida*. Publicación galega sobre o trastorno do espectro autista. Edita Autismo Galicia. Impresión: Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo-Vigo.
- MILLÁN CALENTI, J. C., et al. (2003). *Discapacidade intelectual e avellentamento*, páx. 21-28. Maremagnum n.º 7. Publicación Galega sobre o Trastorno do Espectro do Autismo. Edita Autismo Galicia. Impresión Comercial Gráfica Nós. Vigo.
- "Rapport sur le renforcement des droits et l'inclusion des personnes handicapées vieillissantes et des personnes âgées handicapées: une perspective européenne", 2009, (gratuit)–disponible sur le site du Conseil de l'Europe. http://www.coe.int/t/f/coh%E9sion_sociale/soc-sp/
- PDF %20Vieillessement %20ID%208310%20Couv%20

handicap%20perspective%20europeenne%20FR%20
couvA5%20du%20patient%20au20cito.pdf

Recommandation CM/Rec(2009)6 du Comité des Ministres aux Etats mem-
bres sur le vieillissement et le handicap au 21e siècle: cadres durables per-
mettant une meilleure qualité de vie dans une société inclusive.

<https://wcd.coe.int/ViewDoc.jsp?id=1470081&Site=CM>

RODRÍGUEZ SANTOS, F. (2003). “Evolución do trastorno autista na idade adulta e problemas de saúde asociados”, páx. 29-37. *Maremagnum n.º 7*. Publicación Galega sobre o Trastorno do Espectro do Autismo. Edita Autismo Galicia. Impresión Gráfica Nós.Vigo.

TABET, A. (2009). “Le Village de Sésame: un projet de vie spécifique pour les personnes avec autisme qui vieillissent”. Link-Europe. N.º 52.

WING, L. Autistic Adults. In: Gilbert C. (Ed), *Diagnosis and Treatment of Autism*. New Eort: Plenum, 1989: 5-22.

CLAVES PARA A REFLEXIÓN SOBRE A ATENCIÓN A PERSOAS ADULTAS CON TRASTORNO DO ESPECTRO DO AUTISMO EN GALICIA

María Teresa Tiemblo Marsal* e José Manuel Varela Rodríguez**

RESUMO

Os Trastornos do Espectro do Autismo (TEA) inciden na vida dos individuos e das familias con toda unha ampla gama de potenciais impactos sobre a saúde, o benestar, a integración social e a calidade de vida. Pero tamén teñen consecuencias económicas notables, xa que supoñen un cada vez máis elevado custo económico que afecta ao conxunto da sociedade e que se mantén ao longo de toda a vida da persoa afectada. Estudos dirixidos por prestixiosos investigadores¹ na Gran Bretaña e nos Estados Unidos durante a pasada década amosan o impacto económico do autismo nas sociedades actuais. Na súa maior parte, este gasto prodúcese durante a idade adulta, aínda que, paradoxalmente, os apoios públicos destinados ás persoas con TEA se concéntran durante a etapa escolar, dando lugar a unha dramática retirada de fondos para programas no momento en que a persoa afectada abandona o sistema educativo e debe iniciar a súa integración laboral

* M^a Teresa Tiemblo Marsal é Directora Xerente da Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do Espectro do Autismo da provincia de A Coruña-ASPANAES.

** José Manuel Varela Rodríguez é Director Xerente da Fundación Menela, Rede de Servizos para o Autismo e a Dependencia de Vigo (Pontevedra).

1. Martin Knapp (King's College de Londres) e Michael Ganz (Harvard School of Public Health de Boston) coinciden en valorar ao redor de 1,5 millóns de euros os custos sociais directos dunha persoa con TEA durante toda a súa vida. No caso de incluír os custes indirectos, perda de produtividade da persoa afectada e a súa familia, o custo total acadaría os 3,5 millóns de euros. No conxunto dos EE.UU o custo total (directos e indirectos) do Autismo estímase en 35.000 millóns de dólares cada ano. (Ganz, 2003).

e social e ademais cando empezan paulatinamente a remitir os apoios que recibía do entorno familiar.

O sistema de atención a persoas adultas con TEA en Galicia, integrado por familias, entidades e administracións, presenta moitas características que son comúns ás do resto do Estado, aínda que tamén conta con graves carencias de seu, fundamentalmente nos aspectos económicos e de recoñecemento social. Os seus xestores, cada un desde o contorno de responsabilidade que lle corresponde, enfróntanse ao reto de atender as expectativas do colectivo e garantir a un número de cidadáns diagnosticados con TEA, en constante expansión, o acceso aos apoios que van a precisar no futuro.

Recoller sinteticamente estas expectativas e fomentar o debate sobre a situación actual e o futuro da atención a persoas adultas con autismo no noso país é o obxecto deste artigo.

Os retos do sector na atención ás persoas adultas con TEA en Galicia diante dunhas necesidades emerxentes

Recoñecemento da especificidade dos Trastornos do Espectro do Autismo

A literatura científica vén incidindo nos últimos trinta anos sobre o carácter específico das alteracións cognitivas e neurolóxicas que dan lugar aos chamados Trastornos do Espectro do Autismo, e que están presentes en todos os individuos do colectivo, con independencia do seu coeficiente intelectual ou do seu nivel de funcionamento. A heteroxeneidade das capacidades cognitivas das persoas con autismo fai que estas presenten grandes diferenzas interindividuais, podendo variar desde a deficiencia mental profunda, que se dá en moitos casos, ata un aceptable nivel de independencia na maior parte dos contornos da vida cotiá, pasando por individuos cun talento extraordinario en certos aspectos pero cunha total incapacidade para desenvolverse socialmente. Trátase, por tanto, dun trastorno con alteracións propias que non están presentes noutro tipo de poboación, incluídas o resto das tipoloxías diagnósticas da discapacidade intelectual.

Sen embargo a presenza nas persoas con TEA de distintos graos de atraso mental convivindo co trastorno autista, que chega a manifestarse ata nun 70% dos casos, explica a tendencia das administracións públicas galegas, fortemente arraigada tamén no conxunto do terceiro sector, a “diluílos” no concepto xenérico de “discapacidade intelectual”, prexudicando o desenvolvemento de programas adaptados ás necesidades deste colectivo, porque acaba sendo asociado con categorías diagnósticas coas que presenta notables diferenzas. Deste xeito, o traslado á práctica desta uniformización por parte das administracións no deseño das súas políticas sociais condiciona os medios

que se poñen a disposición das entidades en Galicia para desenvolver programas de atención ás necesidades das persoas con TEA e, consecuentemente, á calidade do servizo que estas poden ofrecer.

Para os responsables das entidades galegas é unha necesidade prioritaria contar cun recoñecemento do autismo como trastorno específico, posto que a partir deste recoñecemento se pode empezar a falar dunha atención eficaz e eficiente. Non debemos esquecer que, directa ou indirectamente, é precisamente este un dos primeiros e principais motivos que animaron todas as entidades do sector a constituír a finais do ano 1995 a Federación de Entidades e Organizacións Protectoras de Persoas con Autismo de Galicia, “Autismo Galicia”. Hoxe, *A Federación Autismo Galicia* é a voz que defende os intereses de máis do 90% das entidades galegas de atención ás persoas con trastornos do espectro do autismo que prestan servizo ao redor de 650 persoas afectadas e ás súas familias e nas que traballan ao redor de 60 persoas voluntarias e 230 traballadoras.

A cuestión do recoñecemento da especificidade dos TEA ten unha correlación práctica co montante total e o destino dos fondos que se reciben, e consecuentemente, coa calidade dos servizos que se prestan. Estudos como o elaborado por Peñas Aizpuru sobre a variabilidade custo/praza en residencias da terceira idade en Guipuzcoa², chegan á conclusión, despois de realizar unha análise multivariante sobre trece factores, de que tan só tres deles explican o 77% da variabilidade do custo unitario nun centro residencial: a porcentaxe de gasto de persoal, o índice persoal/praza e o custo unitario de persoal. Nos Centros e Servizos para persoas con TEA os factores relacionados coas partidas de persoal poderían ter unha incidencia aínda máis notable debido á dúas circunstancias específicas que caracterizan a atención a este colectivo:

A Dimensión dos Centros e Servizos. Polas características propias do Trastorno Autista, os Centros e Servizos para persoas con TEA adoitan ser de capacidade reducida, o que obriga a distribuír o custo do persoal titulado entre un número escaso de prazas, disparando o gasto unitario.

Os problemas de conduta e emocionais das persoas usuarias: estados de axitación e ansiedade, condutas heteroagresivas e autolesivas. Na idade adulta aumenta o risco de padecer trastornos mentais asociados, tales como depresión, trastorno de ansiedade ou trastornos bipolares.³ Debido á importancia que ten a relación entre o número de profesionais no total de usuarios do servizo na calidade de vida das persoas con Autismo volveremos máis adiante sobre este particular.

2. Un resumo do mesmo está publicado no número 22 da revista *Zerbitzuan* especializada na análise dos servizos e as políticas de benestar social, promovida pola Viceconsellería de Asuntos Sociais do Goberno Vasco.

3. Belinchón 2001, citada por Cuesta 2009 p.24.


O argumento utilizado tradicionalmente para chamar a atención sobre a necesidade de contar cunha política de financiamento específico para o autismo en Galicia está respaldado polo feito de que tal especificidade si está considerada no contorno educativo, mediante a existencia dun módulo específico para autistas diferente dos módulos de discapacidade intelectual, e que na área da atención a adultos xa está implantada noutros territorios do Estado⁴.

Crecedemento e Sustentación: cobertura das demandas de atención no futuro

Outra cuestión presente nas preocupacións dos xestores de servizos para persoas con TEA en Galicia garda relación coa capacidade do sistema para dar atención a medio e longo prazo ao incremento da demanda que se evidencia á vista dos datos que se manexan.

Debido a factores de distinta natureza, os casos de TEA detectados polos servizos de diagnóstico vense constantemente incrementados, nunha proporción moi superior ao incremento producido noutras categorías diagnósticas. Estudos realizados no estado de California (USA) mostran que o incremento da poboación diagnosticada de Autismo no ano 1998 foi algo máis do dobre (un 210, 43%) que os casos diagnosticados once anos atrás, en 1987. Esta variación é tres (3) veces superior ao aumento total da poboación no mesmo período, cinco (5) veces maior que o incremento dos casos de parálise cerebral e sete (7) veces superior ao incremento dos casos de epilepsia.

PORCENTAXE EN DISCAPACIDADES (1994-2002)
(CDER, California 2003)



LENDA AUT: AUTISMO
CP: PARÁLISE CEREBRAL
MR: ATRASO MENTAL
EP: EPILEPSIA

4. Así é, entre outras, en Andalucía. O decreto 246/2003 de 2 de setembro clasifica os Centros Residenciais distinguindo entre “Residencias para persoas gravemente afectadas” e “Residencias para persoas con graves e continuados problemas de conduta”. A resolución de 18 de xaneiro de 2010 da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade de actualización do financiamento de Centros recolle as diferenzas dos módulos a pagar a Centros de Día e Residencias para persoas con TEA das de Centros para persoas con discapacidade gravemente afectadas.

A prevalencia dos TEA na poboación varía segundo os distintos estudos, en función do tamaño da mostra, da poboación seleccionada e dos criterios diagnósticos, aínda que actualmente se vén aceptando unha relación arredor dos 60-63 casos cada 10.000 persoas (1 novo caso cada 166 nacementos), entendendo que se inclúe todo o espectro desde os casos graves ao alto funcionamento. Se nos referimos especificamente ao Trastorno Autista (coñecido por Autismo Clásico ou de Kanner), estas estimacións da prevalencia sitúanse, aproximadamente, en 4-5 casos por cada 10.000 persoas.

Analizando os datos obtidos de 40 estudos epidemiolóxicos realizados en distintas partes do mundo⁵ nas últimas catro décadas (de 1966 a 2007) obsérvase a evolución no índice de prevalencia, tal como se expresa na seguinte táboa:

Período	Criterio Diagnóstico máis utilizado	Nº estudos	Media Casos/10.000 hab.
1966-1979	Kanner	3	4,57
1980-1989	DSM-III	12	5,58
1990-1999	DSM-III-R	8	17,86
2000-2005	CIE-10	12	23,02
2006-2007	DSM-IV	4	48,38

Fonte: Elaboración propia a partir de datos obtidos da ADDM

O último dos estudos incluídos nesta relación, publicado en 2007 pola Rede de Vixilancia do Autismo e as Discapacidades do Desenvolvemento “ADDM Network” que forma parte do grupo Centros para o Control e a Prevención da Enfermidade (CCD) do goberno dos Estados Unidos analiza unha mostra de poboación de 444.050 nenos e nenas de 8 anos, obtendo un índice de prevalencia de 66 casos de TEA por cada 10.000 habitantes.

O manexo de criterios diagnósticos máis flexible vinculados ao concepto de “espectro autista” garda tamén relación co incremento porcentual de casos. Continuando coa ollada aos datos dos 40 estudos epidemiolóxicos, centramos a atención nas prevalencias obtidas a partir da utilización dos distintos sistemas de clasificación diagnóstica utilizados e pódese apreciar unha notable variación dos resultados medios obtidos por cada clasificación categórica, tal como se reflicte a continuación:

5. Europa (25), Estados Unidos (8), Xapón (4) Canadá (2), Australia (1).

Criterio Diagnóstico	Nº estudos	Media (Casos 10.000 hab.)
Kanner	5	4,06
Rutter	2	2,45
DSM-III	8	6,93
DSM-III-R	3	8,77
CIE-10	11	21,06
DSM-IV	11	34,34

Fonte: Elaboración propia a partir de datos obtidos da ADDM

Á vista dos datos medios obtidos concluímos que a utilización dos actuais criterios diagnósticos multiplican de forma significativa (de 8 a 14 veces máis) o número de casos diagnosticados por cada 10.000 habitantes se os comparamos coa aplicación dos métodos clásicos de determinación do autismo. Non entra dentro do alcance deste artigo teorizar sobre esta cuestión, aínda que si parece evidente que existe unha relación directa entre a evolución dos criterios diagnósticos e o aumento da prevalencia ata alcanzar os niveis actuais⁶.

O incremento na prevalencia deste tipo de trastornos⁷ (actualmente considérase aceptable un (1) de cada cento sesenta e seis (166) nacementos), fai necesaria a colaboración de toda a sociedade na procura da pronta detección do trastorno e a inmediata intervención temperá dos servizos especializados, asegurando deste xeito un prognóstico evolutivo positivo e unha redución da carga económica e social dos tratamentos futuros que cómpre ter en conta. De feito, como sostén o Dr. Posada de la Paz *et al.* nesta mesma publicación “A maior preocupación que hai na actualidade no mundo científico do Autismo é comprobar se realmente estamos ou non ante unha epidemia de casos, porque de ser así, os custos sociais e médicos que terían que dedicarse á atención desta Discapacidade dispararíanse espectacularmente”⁸. As entidades, cumprindo a súa función social, teñen a obriga de implicar as Administracións no

6. Un estudo de 132 casos de nenos/as con TEA compara os manuais CIE-10 e o DSM-IV con outros criterios utilizados (DSM-III-R, CARS e ABC) e conclúe que ambos teñen un alto nivel de concordancia DSM-IV e CIE-10 teñen unha concordancia total cos outros instrumentos de uso común tanto na diferenciación do grupo TXD do grupo non-TXD como a diferenciación de autismo/trastorno autista doutros subgrupos do espectro TXD. CIE-10 tende a incluír un número máis alto dentro da gama de TXD” (Sponheim. 1996).

7. Nos EEUU a citada Rede de Vixilancia do Autismo e as Discapacidade do Desenvolvemento (ADDM, polas súas siglas en inglés), recolle na súa páxina web que no ano 2006, 9 de cada 1.000 nenos/as de 8 anos foron diagnosticados con TEA, fronte á prevalencia 6/1.000 estimada no ano 2004 (<http://www.cdc.gov/ncbddd/autism/data.html#prevalence>)

8. MAREMAGNUM nº 10 2006 p.16.

deseño e aplicación de medidas preventivas que repercutan na redución dos enormes custos sociais e económicos futuros.

Aplicando a prevalencia dos trastornos aos datos de nacementos anuais que se rexistran na actualidade é posible levar a cabo unha sinxela proxección do número de persoas adultas con TEA que serían potenciais demandantes de servizos asistenciais, centros de día e residencias, nos vindeiros anos. Toman-do os datos da prevalencia referida (1 cada 166 nacementos) e os datos oficiais de nacementos producidos nun ano en Galicia (23.062 en 2008) segundo o Instituto Galego de Estatística, concluímos que no noso país nacen anualmente entre 110 e 150 nenos e nenas con Trastornos do Espectro do Autismo que precisarán de sistemas de apoio para desenvolver as súas capacidades. Os datos obtidos dos Servizos de Diagnóstico das entidades máis representativas en Galicia no tratamento dos TEA (ASPANAES e Fundación Menela) concordan con esta cifra⁹.

A administración e as entidades provedoras de servizos de atención a adultos con TEA teñen diante, por tanto, o reto de xestionar convenientemente o incremento da demanda que se proxecta no medio prazo, que podería chegar a desbordar as capacidades de atención previstas dos Centros de adultos no horizonte do ano 2020. Por outra parte, os cambios sociais que se están a experimentar, inflúen directamente na capacidade das propias familias de dar o apoio informal que tradicionalmente viña substituíndo, ou como mínimo reducindo, a participación das entidades. Polo tanto, nos vindeiros anos, máis que crise no sistema de atención, o que se vai a producir é unha transformación do mesmo, transformación na que as entidades sociais están chamadas a desempeñar o papel de facilitadoras e coordinadoras de servizos. De cómo se xestione este reequilibrio de forzas entre familias, sector privado e Administración dependerá en boa parte o futuro da atención ás persoas con TEA en Galicia.

Avellentamento e Trastornos do Espectro do Autismo

A cuestión de cómo afrontar a asistencia que precisan as persoas adultas con TEA a medida que vaian acadando a situación de vellez ou “terceira idade”, debe ser considerada como outro dos retos máis decisivos cara ao futuro. A estreita relación existente entre diminución da capacidade funcional e idade, presente en todos os individuos, vese especialmente potenciada no caso dun colectivo de persoas que require, nunha alta porcentaxe, de axuda para realizar moitas das actividades cotiás ao longo de toda a súa vida. A incorporación da compoñente xeriátrica na atención a adultos con TEA conleva unha transformación nas metodoloxías de traballo e no equilibrio finan-

9. No ano 2009 foron diagnosticados como TEA 120 casos.

ceiro do servizo, para o que as entidades debemos estar preparadas. Algúns aspectos a ter en conta poderían ser, entre outros, os seguintes:

- Diminución ou total ausencia de apoios informais prestados á persoa dependente polo seu ámbito familiar debido á diminución das capacidades pola vellez de proxenitores ou outros cuidadores familiares, converténdose eles mesmos en demandantes de cuidados. Esta redución dos apoios familiares incrementa a necesidade de apoios extensos e xeneralizados que superan en moitos casos as posibilidades reais dos Centros co financiamento do que dispoñen.
- A medida en que o grao de dependencia da persoa adulta con TEA aumenta a causa do paso dos anos, os apoios e cuidados de longa duración vanse volvendo máis intensivos, máis continuados, determinando que a compoñente residencial vaia adquirindo maior relevancia substituíndo outras fórmulas de atención (domiciliaria, centros de día, etc.). O incremento da intensidade dos cuidados repercute directamente nas ratios de atención, e por tanto no custo final do servizo prestado. Un sistema de financiamento ríxido, que non considera os niveis de apoio que precisa cada individuo, discrimina as persoas máis dependentes, na medida en que as entidades non poden asumir os custos da atención cando estes superan os ingresos percibidos.
- O deterioro biolóxico propio do avellentamento dá lugar a aparición de enfermidades crónicas (artrite, diabete,...) que complican a atención, e desencadean problemas que unicamente poden ser atendidos no contorno sanitario, con frecuencia mediante a utilización de recursos hospitalarios. O perfil profesional dos cuidadores require un maior nivel de especialización, así como de medios materiais máis sofisticados, o que repercute nos custos laborais da atención prestada, e consecuentemente na viabilidade económica do servizo. Faise preciso dispor de mecanismos de coordinación entre os distintos servizos a distintos niveis, que faciliten o tránsito das persoas con TEA dos recursos asistenciais (centros de día e residencias) aos recursos sanitarios (atención primaria e hospitalaria), o que contribuiría a paliar en boa parte esta circunstancia.

A cuestión do financiamento da atención ás persoas adultas con TEA en Galicia

Apoio nas actividades básicas da vida diaria e calidade

Todas as persoas adultas con TEA usuarias dos Centros de Día e Residencias de Galicia precisan de axuda dunha terceira persoa para poder desenvolver as súas Actividades da Vida Diaria tanto as básicas (ABVDs) como as

instrumentais (AIVDs). Así nas ABVDs, consideradas como “o conxunto de actividades primarias da persoa encamiñadas ao seu coidado e mobilidade, que lle dotan de autonomía e independencia elementais e lle permiten vivir sen precisar axuda continua doutros”¹⁰ as avaliacións realizadas tanto coa escala de Barthel como co Índice de Kazt, amosan uns resultados que sitúan o noso colectivo dentro do nivel de dependencia “grave”. No caso das AIVDs, “as que permiten á persoa adaptarse ao seu contorno e manter a súa independencia na comunidade” (Batzán et al.1994) a dependencia acada o nivel de “total” segundo o Índice de Lawton. Por iso é tan importante para o funcionamento dos Centros non só manter, senón mellorar a ratio *1 persoa coidadora / 3 usuarias*, xa que en todas as ABVD e AIVD se precisa de apoio e supervisión constante, tendo en conta os problemas de conduta (que poden ir de leves a severos, podendo incluír, nos casos máis graves condutas agresivas e/ou autolesivas) cos que se atopan no noso día a día. A presenza de problemas condutuais ou graves deterioro físicos, desestrutura o funcionamento dos Centros tanto na aplicación dos Programas que están en marcha como na prestación da asistencia, en detrimento do resto dos usuarios/as que ven minguada a atención adecuada ás súas necesidades. Diante de certas situacións os responsables das entidades debemos anticiparnos, na medida do posible, buscando alternativas, recursos humanos e económicos que axuden a alcanzar a nosa misión, garantindo a calidade de vida e a seguridade de todas as persoas usuarias.

A calidade de vida é un concepto multidimensional que combina a percepción persoal e o sentimento de benestar de cada individuo (dimensión subxectiva) coas condicións de vida e o contexto social no que se desenvolve (dimensión obxectiva). Debido ás graves dificultades nas áreas de comunicación, interacción social e imaxinación que caracterizan as persoas con TEA, é moi difícil medir a dimensión subxectiva das persoas que padecen este tipo de trastorno, o que obriga a poñernos no seu lugar e atribuírlles ás nosas propias percepcións. Por iso, á hora de medir o nivel de calidade de vida dunha persoa con TEA debemos ir máis aló do subxectivo e dar maior importancia á análise das variables contextuais. (Cuesta, 2009, p.95). Neste senso, o nivel de recursos materiais e, sobre todo, persoais, que se poñan a disposición das entidades vai ser determinante para acadar o benestar físico e emocional, o desenvolvemento persoal e o nivel de inclusión social que determinan, entre outros, unha vida de calidade.

Os custos da atención a adultos con TEA

Baseándonos nas puntuacións e resultados obtidos na proba estandariza-

10. Batzán et al. 1994.

da do ICAP¹¹ (Avaliación da Conduta Adaptativa¹² en Persoas con Discapacidade) pasada aos usuarios de ASPANAES e Fundación Menela (que representan o 85% do total das persoas con TEA atendidas de Galicia) podemos establecer que todos están situados no rango comprendido entre os niveis de “Total Atención a persoas / Supervisión Completa” e “Intensa Atención a persoas / Constante Supervisión”. Ademais da propia sintomatoloxía Autística, detéctanse outros trastornos asociados nas seguintes porcentaxes:

- 100% presenta Discapacidade Intelectual en rango de moderada a severa.
- 30% presenta dificultades graves de mobilidade.
- 13% presenta déficit sensorial.
- 23% presenta Epilepsia.

Debido a que, ademais, todas as persoas usuarias presentan en maior ou menor medida certos síntomas ou condutas que adoitan ir asociadas ao autismo (hiper/ou hiposensibilidade auditiva, alteracións de atención, alteracións do sono e a alimentación, ausencia de medo e da idea de risco, hiperactividade ou hipoactividade e alteracións conductuais, condutas que en función de cada usuario poden ser: autolesivas, agresivas, condutas disruptivas, destrución de obxectos, estereotipias, teimas, obsesións, condutas sociais ofensivas, retraemento, negativismo...). O 16% precisa unha atención extremadamente individualizada de ratio 1/1, pola comorbilidade de trastornos e síntomas que presenta, sendo necesaria a presenza doutra persoa permanentemente para a realización das actividades básicas da vida diaria: alimentación, hixiene diaria, control de esfínteres, mobilidade, desprazamentos,...

Neste punto, cómpre chamar a atención sobre a situación anómala de retirada de apoios, que sofren as persoas con TEA ao chegar á maioría de idade. Previamente, convén lembrar que algúns estudos realizados a principios deste século sobre os custos do Autismo revelan que os gastos directos non médicos dunha persoa con TEA entre os 3 e os 22 anos de vida representan unicamente o 5,2% do total dos seus custos ata a xubilación (65 anos) (Ganz, M. 2007). Datos que son confirmado por outras fontes que inciden no mesmo argumento. Así, segundo a División de Servizos para as Discapacidades do Desenvolvemento do Estado de Delaware (Division of Developmental Disa-


11. O ICAP é “... un instrumento estruturado que serve para valorar distintas áreas do funcionamento adaptativo e as necesidades de servizo dunha persoa. O ICAP pode utilizarse para rexistrar información descritiva, diagnóstico actual, limitacións funcionais, destrezas de conduta adaptativa, problemas de conduta, estatus residencial, servizos de rehabilitación e de apoio, actividades sociais e de tempo libre.”. (Montero 1999, p.82)

12. Conduta Adaptativa “é o conxunto de habilidades conceptuais, sociais e prácticas que foron aprendidas polas persoas para funcionar nas súas vidas diarias” (AAMR 2004, p.97).

bilities Services), o 90% dos custos asociados cos coidados das persoas con Autismo preséntase despois dos 21 anos e sen embargo, os fondos que este Estado inviste na atención a adultos autistas diminúen de forma significativa. No noso país, aínda que non existen estudos concretos de semellante nivel, podemos chegar a conclusións semellantes que confirman esta contradición.


Se se compara o custo por alumno en institucións educativas ordinarias, segundo o nivel de ensinanza no que se atope, obsérvase un incremento de asignación económica baseándose nas necesidades formativas das diferentes etapas educativas. Este incremento faise máis patente cando o alumno chega ao nivel universitario (18 anos), chegando a acadar un 40% sobre os fondos destinados polo Estado á financiar o nivel de bacharelato, un 90% máis que o que o se destina a un alumno de educación primaria e o 110% máis do que inviste en educación infantil. Visto graficamente, a distribución quedaría do seguinte xeito:

GASTO POR ALUMNO EN INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS SEGÚN CINE



Clasificación Internacional Normalizada da Educación (CINE-Datos 2006)

Por contra, no contorno do autismo a progresión dos recursos é inversa. Analizando a asignación económica da Consellería de Educación e O.U. da Xunta de Galicia ao financiamento das prazas escolares para alumnado con Autismo e os fondos que a mesma Xunta destina ao financiamento das prazas nas distintas tipoloxías de Centros para persoas adultas con Autismo, observamos que mentres que os escolares reciben unha atención axeitada ás súas necesidades educativas especiais, ao mesmo nivel que no resto do Estado, na etapa adulta a Administración Autonómica reduce considerablemente a asignación económica para o desenvolvemento das actividades ocupacionais e residenciais para o mesmo colectivo, situando a Galicia na cola do conxunto das comunidades autónomas, como veremos máis adiante e tal como se pode apreciar no seguinte gráfico.




Segundo este datos, o investimento público na etapa educativa sobrepasa os 16 euros/hora, mentres que na etapa adulta, en réxime de Internado con Fin de Semana (24 horas diarias e 365 días/ano) o custo sitúase en algo menos de 3 euros/hora, isto é, menos do 20% que en educación. O grave deterioro que experimentan as persoas con TEA cando a intervención non é continuada e cando non se contemplan programas de formación que dean continuidade aos iniciados na etapa escolar e que dean resposta ás necesidades vitais da etapa adulta, produce un retroceso no seu desenvolvemento que implicará un maior custo de recursos sanitarios futuros.

Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia

Coa aprobación da Lei 39/ 2006, créase un novo dereito subxectivo de cidadanía, o dereito das persoas que necesitan apoios para desenvolver as actividades da súa vida cotiá e recibir a atención necesaria por parte dos Poderes Públicos. A súa aprobación implica o recoñecemento explícito do dereito á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e supón a garantía de atención integral e integrada para os titulares dos dereitos recoñecidos pola lei a través dos recursos, servizos e prestacións establecidos no Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

Extrapolando os datos de referencia de Fundación Menela e ASPANAES recollidos no seguinte cadro podemos concluír que nos Centros Residenciais das asociacións en Galicia o 98,75% das persoas usuarias teñen unha resolución do Grao e nivel de Dependencia comprendido entre o III e II con necesidade de axuda extensa e xeneralizada.



Na Resolución do 2 de decembro do 2008, da Secretaría de Estado de Política Social, Familias e Atención á Dependencia e á Discapacidade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (BOE, mércores 17 decembro 2008), recóllense os cocientes esixibles para o 2011 para a categoría de cuidador en Residencias para persoas con discapacidade intelectual. No caso do Grao III, asígnase unha ratio de 0,44 e para o Grao II unha ratio de 0,42. Isto implica que os usuarios do Grao III, terán un cuidador por cada 2,27 usuarios, e os do Grao II un cuidador por 2,38 usuarios.

Desta volta, o sistema de financiamento da atención a adultos con TEA en Galicia queda en evidencia unha vez máis. Así para o cálculo do custo/praza que servirá de base ao financiamento dos Centros de Día e Residencias actualmente en vigor¹³ establécese unha ratio “mínima” de persoal cuidador de 1 profesional por cada 6 usuarios en quenda de mañá e tarde e 1 profesional por cada 20 persoas usuarias en quenda de noite, claramente inferior ao que establece a Resolución citada. A Administración Autonómica ten en última instancia a responsabilidade de dar cumprimento, dentro dos prazos establecidos, á norma estatal, a fin de garantir uns dereitos que son outorgados polo noso sistema xurídico ás persoas dependentes, e que claramente á día de hoxe están moi lonxe de ser satisfeitos.


Análise económica comparativa con outras Comunidades Autónomas

Por último, a fin de completar a visión sobre as carencias da atención a adultos na nosa comunidade e co obxectivo de obter unha visión global dos

13. Clausula 10. “Persoal” do Prego de Prescricións Técnicas para a Contratación, pola Consellería de Traballo e Benestar, da Reserva e Ocupación de Prazas en Residencia con Centro de Día para Persoas con Discapacidade, mediante a modalidade de Concerto. 2009.

niveis de financiamento atribuídos aos servizos que prestan apoio ás persoas con TEA, efectuamos unha comparativa coa situación económica que se dá noutras Comunidades Autónomas. A análise realizouse utilizando custos -praza/día medios e ponderáronse os datos facilitados polas entidades que forman parte da Confederación Autismo España, segundo o número de días ao ano que prestan cada servizo...

PAGO DE PLAZAS A ENTIDADES DE PERSOAS CON AUTISMO



No nivel de subvención praza/día, existen grandes diferenzas entre comunidades tanto no servizo de centro de día como de residencia. Cómpre salientar que a nosa Comunidade percibe 26,96€ para o Servizo de Centro de Día, a máis baixa de todas as Comunidades obxecto de estudo, fronte a outras, como Valencia que con 85,89€ por praza/día triplica o financiamento galego. O módulo galego estaría ao 70% da media do Estado (46,01€ praza/día). No Servizo dos Centros Residenciais, a nosa Comunidade percibe 64,90€, unha das máis baixas entre todas as Comunidades, menos da metade do que recibe unha residencia en Cataluña (131,06€ praza/día) e un 70% da asignación media no conxunto do Estado (92,26€ praza/día)

Queda en evidencia a variabilidade do nivel de subvención praza/día entre CC.AA, polo que é razoable pensar que segundo a CC.AA. na que a persoa con TEA se atope, vai desfrutar duns rangos de calidade moi dispares de maneira notablemente inxusta.

O sistema de atención ás persoas adultas con TEA en Galicia precisa dunha urxente revisión do seu financiamento que o saque da precariedade e facilite aos individuos diagnosticados con este tipo de trastorno os apoios necesarios para unha vida de calidade. Os recursos financeiros que se requiren, motivado polo baixo número de persoas afectadas e pola responsabilidade das propias entidades ao expresar demandas axustadas ao momento eco-


nómico actual, teñen un impacto nos orzamentos do país moi limitado, pero representan un impulso importantísimo para a mellora de atención e a inserción social deste colectivo. Aínda así, Galicia seguiría á cola no conxunto do resto das Comunidades Autónomas, pero reducindo á súa diferenza coas que presentan o financiamento máis baixo.

No nome do colectivo, a Federación “Autismo Galicia” ven reclamando a Administración un incremento dos módulos de financiamento, que evite que o sistema de atención a adultos na nosa Comunidade quede definitivamente descolgado do resto das Comunidades Autónomas do Estado. No seu conxunto, o incremento vese resumido no seguinte cadro:

CADRO PROPOSTA DE INCREMENTO			
Réxime	Nº Prazas	Importe/Día	Importe Anual
Internado Residencia 365 días	57	8,00 €	164.160,00 €
Internado Residencia 261 días	51	6,00 €	110.160,00 €
Emerxencia Social/Estancia Temporal 365	4	8,00 €	11.520,00 €
Emerxencia Social/Estancia Temporal 261 días	1	6,00 €	2.160,00 €
Media Pensión	69	4,00 €	99.360,00 €
Total			387.360,00 €

Coa aplicación do incremento proposto, a comparativa entre Comunidades Autónomas quedaría do seguinte xeito:

PROPOSTA PAGO DE PLAZAS A ENTIDADES DE PERSOAS CON AUTISMO



Consideración finais

- Propoñer no contexto actual unha mellora na calidade da atención para persoas adultas con Trastorno do Espectro do Autismo non é un crear un problema novo nin recorrer a un feito extraordinario, senón que vén aso-

ciado a un principio valioso en si mesmo que os poderes públicos deben de asimilar: *a consideración de que todos os individuos somos iguais, independentemente dos apoios que precisemos para desenvolvernos en comunidade. Estes tempos de turbulencias económicas, caracterizados pola redución de fondos públicos e de revisión que a sociedade fai do destino que se dá a este tipo de financiamento, deben de aproveitarse como unha oportunidade para reordenar as políticas sociais diante de novas necesidades, e revisar un sistema de financiamento ineficiente que amosa unha escasa flexibilidade ás especificidades de cada colectivo e unha nula capacidade de adaptación ao cambio.*

- As persoas adultas diagnosticados con TEA en Galicia teñen actualmente un nivel de cobertura das súas necesidades moi inferior aos mesmos cidadáns doutras Comunidades do Estado, o que na práctica representa unha clara discriminación. De cara a homologar o sistema galego de atención á persoas adultas con autismo aos da media do Estado Español, vai ser preciso nos vindeiros anos:
 - * Aumentar o nivel de calidade da atención por medio do incremento da dotación media por praza para o mantemento dos Centros, considerando ás necesidades específicas do Trastorno Autista en xeral e das persoas atendidas en particular.
 - * Manter un ritmo de crecemento de prazas nos recursos especializados que permita facer fronte ás demandas que se producirán na atención a adultos, á vez que se potencian programas de inserción social que reduzan a necesidade de recorrer á institucionalización.
- En consecuencia, o sistema de atención a persoas adultas con TEA en Galicia (incluíndo as administracións e as entidades privadas) está condenado á precariedade en tanto que os responsables políticos non tomen conciencia de que nos atopamos diante dun auténtico problema de saúde pública que precisa dunha planificación a longo prazo, rigurosa e con obxectivos e recursos axeitados, na que participen todos os estamentos implicados: usuarios, familias, profesionais socio-sanitarios e a propia administración.

Bibliografía

- American Psychiatric Association (1994): *Diagnostic and Statistical Manual of Mental Disorders*, 4º ed. (DSM-IV). American Psychiatric Association, Washington DC.
- BAZTÁN, J. J. et al. (1994): “Escalas de actividades de la vida diaria” en Del Ser T, Peña J., eds. *Evaluación neuropsicológica y funcional de la demencia*. Barcelona. JR Prous pp 137-164.

- Confederación Autismo España (2010): *Guía para la transición de las Entidades de la Confederación Autismo España al Sistema para la Autonomía Personal y la Atención a la Dependencia*. Madrid.
- CUESTA GÓMEZ, J. L. (2009): *Trastornos del Espectro Autista y Calidad de Vida*. Editorial La Muralla. Colección Aula Abierta, Madrid.
- CUXART, FRANCESC. (1999): “La persona adulta con autismo” en *Trabajo con Apoyo para personas con autismo severamente afectadas*. Barcelona. Asepac (pp. 9-24).
- FOMBONNE, E. (2003): “Epidemiological Surveys of Autism and Other Pervasive Developmental Disorders: An Update”. En *Journal of Autism and Developmental Disorders*, Vol 33, nº 4.
- GANZ, M. L. (2006): *The lifetime distribution of the Incremental Societal Cost of Autism*. Archives of Pediatrics & Adolescent Medicine, nº 161 (pp. 343-349).
- GANZ, M. L. (2006): *The costs of autism*, in *Understanding Autism: From Basic Neuroscience to Treatment*, S.O. Moldin and J.L.R. Rubenstein, Editors. Taylor and Francis Group: Boca Raton, FL.
- KNAPP, M. (2009): “The Economic Cost of Autism in the UK” en *Autism* Vol. 13 nº 3 (pp. 317-336).
- Medical Research Council (MRC) (2001): “Epidemiology and Causes” en *Review of autism research*.
- Organización Mundial de la Salud (O.M.S.), CIE-10 (1992): *Décima revisión de la clasificación internacional de las enfermedades. -Trastornos mentales y del comportamiento. Descripciones clínicas y pautas para el diagnóstico*. Ginebra: OMS. Meditor, Madrid.
- POSADA DE LA PAZ, M. et al. (2006): “O diagnóstico temperán no Autismo e a investigación epidemiolóxica nos Trastornos do Espectro Autista” en *MAREMAGNUM. Publicación galega sobre os trastornos do espectro autista*, nº 10 (p.p. 9-21)
- SPONHEIM, EILI. (1996): “Changing Criteria of Autistic Disorders: A comparison of the CIE-10 Research Criteria and DSM-IV with DSM-III-R, CARS, and ABC”, en *Journal of Autism and Developmental Disorders*, vol. 26, nº 5 (pp. 513-525).
- VV.AA. (2009): *Galicia en Cifras. Anuario 2008*. Instituto Galego de Estatística (IGE). Xunta de Galicia.

“O CASO BEGONIA”

Manuel Rivas Barrós¹

Escritor e Membro da Real Academia Galega

Eu non sei o que lle pasou ao Begonia.

Nin eu nin ninguén. E o que diga o contrario, ten ourizos na boca.

Eu non dixen que o dos compañeiros era un conto. Cando dixen iso? Tampouco que o meu sexa o evanxeo. Pero hai que medir as palabras. Porque é doado enlamar a alguén, botarlle mala sombra, e despois non hai marea que o lave.

Non serei santa Clara, mais falso non son. Pan por pan. Foi un golpe de mar o que escorou o Begonia. Outra cousa non puido ser, penso eu. O emba-

1. O autor (A Coruña 1957) é Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid. Membro da Real Academia Galega, ten o mester de escribir. Xornalista, poeta e narrador, colabora en diversos medios de prensa, radio e televisión. Dende moi novo, con quince anos, comezou a traballar na prensa como *meritorio* no *Ideal Gallego*.

Parte da súa obra xornalística está recollida en libros como *Galicia, bonsai atlántico* (1989); *No mellor país do mundo* (1991); *Toxos e Flores* (Xerais 1992); *El periodismo es un cuento* (1998); *Galicia. Galicia* (Xerais 1999); *Muller no baño* (Xerais 2003); *Unha espía no reino de Galicia* (Xerais 2004); *Os Grouchos* (Xerais 2008) e o máis recente *A corpo aberto* (Unha ollada ‘indie’ dende o local universal).

Como narrador, entre outras obras, publicou os libros de relatos *Todo ben* (Xerais 1985); *Un millón de vacas* (Xerais 1989), Premio da Crítica española, 1990; *Os comedores de patacas* (Xerais 1991) *¿Que me queres, amor?* (1995) Premio Torrente Ballester 1995 e Premio Nacional de Narrativa 1996; *Bala perdida* (1996). Entre as súas novelas, *En salvaxe compañía* (Xerais 2004), Premio da Crítica Galicia; *O lapis do carpinteiro* (Xerais 1998) Premio da Crítica Española, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Premio Arcebispo de Xoán de San Clemente e Premio 50 aniversario da sección belga de Amnistía Internacional (2001); *Ela, maldita alma* (1999); *A man dos paños* (Xerais 2000); *As chamadas perdidas* (Xerais 2002); *Contos de nadal* (Xerais 2003) *Os libros arden mal* (Xerais 2006) Premio da Crítica Galega e Española e Libro do Ano 2006 da Feira do Libro de Madrid.

te fixo correr a carga de peixe na bodega, de estribor a babor. E logo xa non houbo maneira de endereitalo. Non desaugaba. Atrancáranse as portas do rexistro. E as bombas de achicar que tampouco traballaban. Unha cousa rara, é certo. De súpeto, foi así, nada funcionaba no Begonia. E o barco non era malo. Ca. Ás veces pasa iso. O mellor viño vólvese vinagre. Mais a causa foi un golpe de mar. Eu sentín o golpe de mar. Sentino! Que me caían os dentes un a un, se non o sentín.

Eu sentín a trallada do golpe. Estouna oíndo. Trasssssh! Como unha tremenda zorregada do coiro do mar no lombo do Begonia. Que os outros non o oíron? Pois eu non a soñei.

Iso que contaron os compañeiros, iso de que non había mar ningún cando afundimos. Porque algo de mar habería, digo eu. Estabamos aló enriba, onde máis peta, onde máis zoa e zoupa, onde máis rabia. No Rockall, no norte de Irlanda, e no mes de decembro? Non vou medir o vento por arrobas, pero algo de mar habería, digo eu! Xa non falo de temporal, pero aquilo, carallo, non era unha piscina, non era un baño jacuzzi, non lle era un spa. E había montes de brétema. Iso non se me vai da cabeza. O intre en que subín á ponte, cando foi o da chamada da miña muller pola radio, botei o brazo pola fiestra da derrota e podíase coller a néboa a peso como unha manta de la. Nunca tal a vira tan mesta. Semellaba que o Begonia ía cargado con fardelas de néboa e poalla. Iso que pintan de mar calma cando o barco se afundiou iso é moito pintar. Que por que o pintan así? E eu que sei. Parvos non son.

Non, mentireiros tampouco. Se cadra eles viron unha cousa e eu vin outra. Non sei. Se cadra metéuselles unha impresión. Si. Eu coído que iso foi o que pasou. Que se lles meteu unha impresión na cabeza, e non acordan o sucedido, non sentiron a trallada.

Eu non digo que mintan, non, e ademais eles son dez a dicir e eu estou só, pero, imos ver, iso que contan de que o Begonia toleou, de que virou e se remexeu como un ser con ánima, de que se puxo, como quen di, a cravar estacas pola súa conta, brincando cara a diante, de que se anoxou, de que se sacudiu para botarnos fóra, e de que á fin o barco se afundiou adrede, porque quixo afundirse, a min, pan por pan, a min non me cadra, a min non me entra na cabeza. É de película, non si?, como de debuxos animados. Pero

Unha mostra da súa poesía son as obras *Libro do Entroido* (1979); *Anisia e outras sombras* (1981), en colaboración con Xavier Seoane; *Baladas nas praias do Oeste* (1985); *Mohicania* (1987); *Ningun cisne* (1989), Premio Leliadoura; *Costa da morte, blues* (Xerais 1994). Reuniu a súa obra poética en *O pobo da noite* (Xerais 1996) e en *Do descoñecido ao descoñecido* (Obra poética 1980-2003). O seu último libro de poemas é *A desaparición da neve* (2009).

Director da revista *Luzes de Galicia*. Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor do Ano, 2006. A súa obra, escrita orixinalmente en lingua galega, esta traducida a quince linguas e publicada polas máis prestixiosas editoras literarias do mundo.

nós, os do Begonia, somos todos homes feitos e dereitos. Somos ou non somos? Non somos nenos para que nos coen un conto nin vellos para acreditar nun meigallo.

Ah, o do lume! Alguén pode crer iso que din do lume? Que todo comezou polo meu lume? Por favor, por favor! Pero de que lume falan? No Begonia ardeu o que se queimou. Nadiña. Unha frangulla de papel. Vaise un barco a pique por unha faísca, por unha muxica?

Eu ben sei como son. Coñézome. Se cadra baixei do ceo a couces. Okay. O que queiran. Agora, o que non me vai é murmurar, e menos aínda de quen xa despachou deste mundo. Mais eu ben que llo dixen. Eu ben que o avisei. Díxenlle que atendera ao seu. Era o patrón, ben o sei. Era unha boa persoa. Okay. Un corazón na man. Mais tiña esa teima de andar a todo. Eu mira que o avisei. Primeiro, achantei, mais logo díxenllo. Díxenllo ben clariño que non me roera a cabeza. Que me deixara en paz. E que lle deran polo máis chico. Cousas que se din. Para que as palabras termen dun. Nada máis.

Eu con el non tiña nada. Era un bo tipo, un alma de Deus. Como vou negalo? Era un profesional con calo. Que podo dicir? O mellor. Puña os cinco sentidos. Coñecía o mar como os dedos da man. Era moi bo, de acordo. Comigo foi sempre un señor. Confiou en min, cando viñan mal dadas. Foi a man que me deu de comer. Okay, Okay. Si, xa sei que non había quen me quixera no mar e que, de non ser por el, seguiría alí, na escaleira de Santa Lucía, a sacar brillo á varanda de ferro, contando barcos como un xubilado. Pero vou dicir unha cousa. Que non se me mal entenda. Mais se non o digo, rebento. Non estaba onde tiña que estar.

Repito. Non estaba na súa posición.

Estaba alí, ollándome. En vilo. Os ollos cravados nas miñas mans.

Cearamos ben a Noiteboa. A fartar. E delicias, eh!, nada de rancho. O cociñeiro portouse. O gordo suaba pingas de aceite de tanto guisar e enfiar. Tratounos do melloriño. A chea esa non creo que lla dean aos ricos nun cruceiro transatlántico. Dende logo, eu nunca tal comera ese festín. Era o primeiro Nadal que pasaba no Begonia e xa os compañeiros comentaran que se ceaban mellor que nunha voda. Pero a min pareceume moito dicir. Mesmo pensei que era unha retranca que lle tiraban ao cociñeiro, Non acreditei até que o vin. E pensei o que xa pensara antes, ao pouco de embarcar. Que, por unha vez na vida, tiña sorte. Era un choio, o Begonia. Non había ratas nin cascudos. E iso para min xa era unha bicoca, vendo que o se ve polo mar adiante. Andei nun palangreiro onde te comían os bichos. O catre de Noé! Tiñas que ter conta de durmir coa boca pechada cun esparadrapo porque xa non e o primeiro ao que lle ían as cascudas limpar os dentes. Canto vulto fan cen mil cascudas, canta morea? Pois un compañeiro calculou que aló había cen mil cascudas en toda a obra do barco. Polo menos. E outra cousa. Ningún outro bicho, nin as ratas, é quen de comer cascudas. Só as cascudas e os cascudos

poden chegar a comer cascudas e cascudos. Por que Deus inventou cousas como as cascudas e os cascudos? Fai falta ter unha mente retorcida, dispensando. E estar desocupado.

Si, o Begonia era un barco limpo. Pintado. Sen ferruxe. E así era tamén a xente. Ouro de lei. O mellor do Gran Sol. Unha ducia que nin que a escolleran nun campionato mundial de lobos de mar. Largos de man, caedores, con arrestos. O que eles digan de min, tanto me ten. Eu non teño ningunha pega, ningunha conta pendente. O máis frouxo deles faría un bo capitán, que máis podo dicir? O que eles digan, vai á misa. Pero logo está o que non se di. E aí quería chegar eu. Ao que non se di. Porque, se dicimos algo hai que dicilo todo.

O patrón non tiña poalla na gorra. Non a tiña mollada, non. Quen me desmente iso? Ninguén. Porque era así. Non tiña nin pinga de auga. Non estaba no seu sitio. Estaba alí, aloulado, como se eu tivese dous alacrás en vez de mans. Cabe da escaleira da ponte, sen querer subir. Como se eu fixese malabares cos ourizos.

Rematara a cea. Íase descansar unhas horas esa noite. Non habería outro lance até as seis da mañá. Así que todo o mundo estaba de boas. O que pasa é que el andaba adoecido comigo. E iso foi porque oíu a conversa. Se andara ao seu en vez de querer arranxar o mundo pois non pasaría nada. Mais permaneceu alí, na ponte, coa antena posta, e oíu a discusión. A bruxa que pariu á miña muller! E podo dicilo porque hai confianza. Chama pola radio costeira para dicirme que rompeu o coche, sinistro total, un coche do trinque. E o seguro? Cambio! O seguro non cobre a desfeita, só o tiña para danos a terceiros. Cambio! Pois, cambio e corto e que o demo vos confunda a todos. A ti, muller, cabra tola, ao seguro, e a todos os cabróns que estades en terra. Cambio e corto! Non quero saber nada. A tomar polo cu. Pero que dis, ho? Acouga. Pregúntalle á túa muller se se atopa ben. Tivo un accidente, non a oíches? Claro que oín. Sinistro total! Todo canto aforramos, unha morea de chatarra. Xa home, xa. Pero se cadra ela tamén levou un golpe. E os nervios. Estará mal dos nervios. E ademais, non dicías que estaba preñada?

Mal? Dos nervios? Mal estou eu, cago nas isóbaras do Ceo! Sinistro total!

Quería que devolvese a chamada. Que fixese as paces. Que lle dese desculpas á muller. E me interesase polo que levaba dentro. Non se lle fala así a unha muller preñada.

Unha noite como esta, ho.

Pois para min, sabe o lle digo, patrón?, esta é unha merda de noite como outra noite calquera.

E xa non me quitou o ollo de enriba. Colleuno pola tremenda. Púxose moi papahostias. Como a se a felicidade no universo dependese, que carallo,

daquela maldita chamada e do que eu dixera ou deixara de dicir á miña muller. A que tanto rendívú, tanto miramento? Que me deixara en paz, iso lle dixen. Non é certo que o ameazara.

Se quere oír cariños, chame vostede. Chame á súa dona por satélite.

Si, iso si que llo dixen. Si, xa o sabía. Ben sabía que a muller do patrón morrera había pouco por un cancro. Tampouco foi tanta ofensa. Foi unha burrada. Non se caen as trabes do mundo por unha burrada máis.

El tomouno a mal. Notei que acusou o golpe. Mais eu non lle quería facer mal ningún. Eu só quería que non me agoniara. Eu só quería que apartara de min eses ollos de cristo.

Estabamos alí, sentados no comedor, que era de dúas mesas alongadas. Uns estaban a parolar e outros discutían que película poñer no vídeo. E el ficou parado, de pé, cabe da escaleira da ponte, enviso, atento ao que eu facía coas mans. Atento aos recortes. Eu non tiña nada pensado, non foi unha cousa feita adrede, non. Foron os dedos os que traballaron. Había unhas follas de xornal atrasado. Unhas páxinas de anuncios de vivendas, de casas en venda. Lémbrome porque eu mesmo lle botara unha ollada o día anterior. E había algún anuncio sinalado cun círculo. Algún parvo que soñara con casa e xardín. E eu, para matar o tempo, recortei anacos e púxenme a rebeliscar. Algo de maña teño. E saíume unha figuriña. E logo outra. Unha levoume a outra. E a segunda á terceira, ao neno Xesús, que era así, do tamaño do polgar, cabezón e gordiño. E fixen unhas tiriñas de papel a xeito de pallas e deiteino alí. Así saíu. Unha cousa automática. Un belén na escudela de zinc.

Prendín as pallas de papel cun chisqueiro. E iso foi o que ardeu. Todo o que se queimou no Begonia. El botouseme enriba. Como un touro. Se non o apartan, mátame, esgáname con esas mans que tiña que eran como cepos. E todo por nada. Foi un chiste, Okay, unha burrada. Pero por unha burrada máis ou menos non van caer as trabes todas do ceo, digo eu, co que teñen termado xa.

Que cando foi o golpe de mar, a zorregada? E eu que sei! Non sei de que golpe me falan. Eu, como todos. Okay? Oír, oír, eu non oín nada.

REIMUNDO PATIÑO NOS SEUS ANOS INICIAIS

X. L. Méndez Ferrín¹

Presidente da Real Academia Galega

Cada vez máis os ollos da crítica de arte e a atención dos historiadores da cultura vólvense sobre a figura de Reimundo Patiño, o pintor, ideólogo, activista político e poeta que pasou pola nosa vida como un meteoro para morrer cedo. El foi o meu amigo e agora voume ocupar dos seus anos iniciais de formación, pedíndolle a Goethe o empréstimo dos seus *Wilhelm Meisters Lehrjahre*: “*Hai que fundamentar a arte galega nunhas novas matemáticas*” –díxome de súpeto na biblioteca mortuoria do Centro Galego de Madrid un mozo de grande cabeza, rostro triangular e corpo feble que camiñaba cunha coxeira escandalosa. Tras dos lentes, chantáronse en min uns ollos claros e fixos. Como vencendo a timidez intensa, o seu discurso era dificultado por unha paralización do labio superior. Era Reimundo Patiño achegándose a min; estamos en 1958. Os dous acababamos de desembarcar en Príncipe Pío cun fardel de disidencias ao lombo. Cando saímos ao frío do Guadarrama, na Praza de Oriente as estatuas de todos os reis de España foron testemuñas do nacemento dunha alianza contra a historia da que elas eran emblema e dunha fraternidade que só a morte dos dous resolverá para sempre.

1. O autor (Ourense, 1938) é Doutor en Filoloxía e catedrático de Literatura no Instituto Santa Irene de Vigo. Profesor Honoris Causa da Universidade de Vigo. Preparou a edición crítica do *Cancioneiro de Pero Meogo* (1966) e como ensaísta publicou *De Pondal a Novoneyra* (1984). Colaborador no *Faro de Vigo* e director da revista *A Trabe de Ouro*. Membro do grupo literario nacionalista Brais Pinto.

Deuse a coñecer como poeta coa obra *Voce na néboa* (1957), á cal seguiron *Antoloxía popular* (1972), asinado co heterónimo de Heriberto Bens; *Sirventés pola destrución de Occitania* (1975); *Con pólvora e magnolias* (1977), Premio da Crítica; *Poesía enteira de Heriberto Bens* (1980); *O fin dun canto* (1982); *Erótica* (1992) e *Estirpe* (1994), Premio Losada Diéguez, 1995.

No entremedio de moitos cafés en Los Mariscos de Noviciado con San Bernardo, de infinitos chatos da frasca con boquerón en Vallecas, de cubalibres copiosísimos en Sésamo e de tertulias instructivas con republicanismo galego sobrevivente na Capital (Ben Cho Shey, Martínez Barbeito, todos), Patiño foi reconstruíndo para min a súa terríbel infancia ao tempo que eu lle facía o propio coa miña. Nela, na infancia del, fundaméntase a súa arte e a súa personalidade total.

Na Coruña, en 1936, no seo dunha familia ligada ao anarcosindicalismo e ao libre pensamento dende o seu avó Juan Patiño de la Fuente, os seus pais forzados polo clima de represión que se abateu sobre Galicia víronse sometidos á humillación de teren que contraer matrimonio católico e batizar ao seu fillo, que lembraba, non sen unhas pingas de humor acedo, que concorreu en segredo a pía parroquial polo seu propio pé e de pantalón curto. Isto acontecía en Monforte, a onde o pai, traballador de Banca, fora trasladado na inmediata postguerra e onde viviría deica 1946. Non se pode entender a Reimundo sen imaxinar a súa nenez monfortina prostrado na cama, sufrindo unha doenza ósea mentres o seu corpo medraba e se contraía a un tempo e se iniciaba no deseño incesante, cos tebeos como inicial referencia, nun medio familiar fechado e dominado pola angustia e polo medo.

Arredor de 1950 un Patiño felizmente recuperado sae ao mundo exterior, xa afincado cos pais na Coruña, e ingresa na Escola de Comercio, seguindo a carreira até rematar o Profesorado Mercantil cun proxecto final de continuar os pasos do seu pai como empregado bancario. Aquilo foi o choque coa realidade e o encontro con Xohán Casal, unha alma xémea que o azar cruzou no seu camiño. Xohán, era un mozo esguío e lanzal, a que lle lembro grandes semellanzas nas feituradas co Anthony Perkins das primeiras películas. El era a tradición republicana, o galeguismo teórico (escribira por entón “Cara un mapa de cores”, en favor do nacionalismo político), a literatura interior, atormentada.

Escribía contos de homes que vivían en casas fechadas onde copulaban con bolboretas xigantes, adiantábase ao Claude Simon de “La route de Flan-

Como narrador publicou: *Percival e outras historias* (1958); *O crepúsculo e as formigas* (1961); *Arrabaldo do norte* (1964); *Retorno a Tagen Ata* (1971); *Elipsis e outras sombras* (1974); *Antón e os inocentes* (1976); *Crónica de nós* (1980); *Amor de Artur* (1982); *Arnoia, Arnoia* (1985); *Bretaña Esmeraldina* (1987), Premio da Crítica de Galicia, 1988; *Arraianos* (1991), Premio da Crítica de Galicia, Premio Losada Diéguez, Premio da Crítica Española, e *No ventre do silencio* (1999), Premio Eixo Atlántico.

En 1999 foi candidatado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega para o Premio Nobel de Literatura. En 2010, foille concedido o LII Premio Fernández Latorre en base: “a longa e fecunda traxectoria literaria, que o ten convertido na figura fundamental das letras galegas do último medio século, non solo pola súa faceta narrativa e poética, senón tamén pola súa vasta produción periodística e polos seus traballos de investigación e de crítica”.

Neste ano 2010, X. L. Méndez Ferrín asumiu a presidencia da Real Academia Galega.

dre” con noveliñas de tálamos, estética militar e soidades interiores en mansións perdidas nas gándaras máis nórdicas. Casal padecía unha malformación do corazón que o tiña condenado á morte desde a infancia. Con Casal, Patiño frecuentou a José Luís Aranguren (sic), neto do Xeneral Aranguren da Garda Civil que salvara, coa CNT, Barcelona do golpe franquista. Aranguren era un solitario absoluto que escribía, en castelán, o monólogo dun cabalo ou o relato experimental *Elipse* que remata no mesmo punto que escomenza, moi faulkeriano. Casal e Patiño están mortos, Aranguren segue na súa cápsula fechado nalgún cuarto sempre con luz artificial e mergullado no exercicio infinito da escrita. Naqueles primeiros anos cincuenta eran tres espíritos ardentes contra unha cidade, unha Galicia, unha España que odiaban. Tres fillos da guerra civil. A librería Molist fornecíalle os libros ilegais e así nacía Patiño á novela e á poesía, que tan importante lugar ocuparán na súa vida. E nacía contra a literatura castelán, contra Cela e o que representaba, contra Machado e o españolismo de esquerda; con Kafka, sempre con Kafka. Ou sexa, con Pondal.

Moi axiña o seu círculo ampliase e na vida lle entra, como un ciclón, un noiés trouleiro e ledado, de alma aberta e de palabra intensa: Avilés de Taramancos. É o intre da primeira conspiración independentista de Patiño. Aqueles mocíños xuramentábase no castro de Someso e ao pé dos dolmens para liberar a Nación. Casal, Patiño, Avilés, irán un tras outro morrendo sen deixar nunca a un lado o prometido naqueles días aurorais. As súas mentes lúcidas e os seus corazóns de lume querían a pluma romántica dun Murguía en *Los Precursores* para deixarlle ás xeracións vindeiras o trazo da súa grandeza.

Por aqueles días o Polígono Industrial da Grela fixo desaparecer unhas casas que foran as orixinarias da familia Patiño. Tamén se destrúe a casa dos avós Mancebo no Portazgo, a súa aldea. Isto produciulle unha ferida irreparable. A partir de entón Patiño pintará continuamente unha especie de ollal, de deseño chachemir que á veces se contamina coas elipsoides do seu admirado Franz Marc. Esta forma é a aldea perdida, un recurso ás raíces e á estirpe que as veces se tornará figurativa e presentará o rostro dunha muller anciá. Todo o proceso abstracto de Patiño procede, por tanto, da vivencia simbólica e punxente dunha aldea destruída, así como tamén a súa atormentada e complexa liña figurativa intermitente. Patiño nace á plástica, na Coruña, dese modo. Hoxe, o seu corpo descansa no cemiterio desa aldea perdida, no cemiterio de S. Cristovo das Viñas.

Xusto en Nadal de 1958, recen incorporado ao seu destino no Banco da Coruña da Rúa do Príncipe de Madrid, Patiño encontra a quen esto escribe, a modo que xa foi relatado, que chegaba á Corte para seguir os estudos de Filoloxía. E encontra ao mesmo tempo a Xosé Fernández Ferreiro, a Herminio Barreiro, a Bernardino Graña, a Ramón Lorenzo, a César Arias e a Bautista Álvarez. A maioría traballadores xoves emigrados, algúns (os menos) estudantes universitarios, todos preocupados pola cultura e entregues a un gale-

guismo e a un antifascismo profundo con diversos matices, entre os que, individualmente, xa contaba o marxismo e o independentismo.

Ferreiro vocacionalmente orientado á novela, Herminio Barreiro ao ensaio teórico, Graña ao poema, Cribeiro ao cine, Ramón Lorenzo á filoloxía, Bautista Álvarez amosaba vocación política nacionalista de modo moi especial, mentres César Arias asumía un claro papel aglutinador e de relación con círculos galegos democráticos de persoas maiores ca nós. De contado, todos estes homes nados para comprenderse, integráronse nunha irmandade. Ocuparon sedes (o café Los Mariscos, o bar La Región Gallega) fixeron actos (homenaxe a Pimentel, a Cabanillas, a Otero Pedrayo, manifestacións de repulsa a Fraga Iribarne, intentos de derrocar ao xeneral Lobo Montero do Centro Galego, magostos incendiarios, películas de prácticas na Escola de Cine) dos que Julius Petersen chama “xeneracionais” e puxéronse un nome: Brais Pinto, en memoria dun afiadador de Nogueira de Ramuín que, tras de dar a volta ao mundo, viñera a morrer a Madrid. Nin mencionarei o feito de o afiadador nunca existir, aínda que Fernández Ferreiro (o seu creador) tivera o atrevemento de publicar en ABC unha entrevista fraudulenta con el, sumamente pavera –iso si. Tamén foi creada unha editorial de poesía, actividade que interesaba en diversos graus a todos os membros do grupo.

Pero nada máis lonxe dun grupo poético, ou mesmo cultural en exclusiva, ca aquel Brais Pinto do que Reimundo Patiño era figura sobranceira, do modo que axiña veremos. Era un centro de reflexión política, filosófica, literaria e naturalmente artística, de carácter radical democrático, bordeando o anarquismo e con elementos marxistas, que pretendía unha reconstrucción nacional no que a cultura, certamente, ocupaba un lugar privilexiado. Era a “a lóxica cultural”, (por lle pedir emprestada a expresión a Jameson) da Galicia asoballada.

No interior de Brais Pinto, Reimundo Patiño falaba sen cesar, de forma profética. Arrastraba coa súa paixón e coa incandescencia volcánica do seu verbo. Intimamente tensionado, vitalmente poseso dun demonio ao mesmo tempo constructor e escachador, fiel á estirpe e achandador da tradición, aberto a un futuro de novidade absoluta, Patiño era, por moitos motivos, un guía de todos nós, ao que se discutía, así é todo, constantemente. Coido que a irmandade de fortes individualidades que Brais Pinto era, na segunda metade dos anos cincuenta, foi unha escola de autoaprendizaxe na que nos educabamos os uns aos outros, na que a información se facía convivida e comunal, si, pero foi Reimundo Patiño de todos nós aquel que máis e mellor influíu e aquel que menos facilmente se submetía á influencia dos demais.

Lonxe e fora de Brais Pinto estaba a dirixencia galeguista dun Ramón Piñeiro cuxo círculo de asfixiante disciplina “stalinista” –no que se purgaba, se silenciaba, se vixiaba e castigaba ao disidente– proclamaba a liquidación

da idea de Galicia-Nación, practicaba o máis estricto macarthysmo e postulaba a unión europea como panacea das eivas multiseculares de Galicia. Alén diso, dominaba neste cenáculo un filosofismo vagamente heideggeriano e a prescripción dunha literatura galega unidimensionalmente orientada ao lirismo puro, á fantasía e ao humor.

Reimundo resistiuse con teimosía a este estado de pensamento que, con sede en Santiago, presionaba sobre o grupo Brais Pinto. Repristinou daquela Patiño a súa fundamentación nacionalista, negouse ao anti-comunismo (gardando as distancias a respecto do PCE) e non participou en absoluto do europeísmo neoliberal ou socialdemócrata.

Chegando o momento, Patiño, que desde os primeiros anos 50 insistía na necesidade da organización política de esquerda nacionalista, participou en 1963 no Consello da Mocidade, foi expulso del polos delegados piñeiristas xunto con outro elemento de Brais Pinto, identificouse coa figura e as propostas de comunismo galego de Lois Soto e participou na fundación da UPG, da que rematou por se arredar con posterioridade.

Naquel tempo, Patiño negábase a aceptar, igualmente, as canonizacións de Cunqueiro (o humor e a fantasía) e Fole (o relato rural e decimonónico) como modelos de narrativa. Alíñase cos seus contrarios Xohán Casal (aínda inédito) e Mourullo na aspiración a un relato –de preferencia breve– que fose intenso, raibosamente existencial e político, alén de incorporador de todos os recursos retóricos do século XX, que el achaba a menos nos autores citados –erixidos en paradigma polo grupo Galaxia–, ao mesmo tempo que se fechaba totalmente á novelística mesetaria do realismo social (digamos García Hortelano, Goytisolo) ou menos (Cela). Esixente, Patiño propugna a necesidade dunha nova narrativa galega e mesmo contribúe a ela con algún relato como pode ser o titulado “Homes Bielas”. Morto Xohán Casal, constitúese no compilador dos textos narrativos deste, que reúne no libro titulado “O Camiño de Abaixo” editado polo Castro.

Semellante actitude adopta a respecto do poema. Rodeado en Brais Pinto de poetas que procuran a innovación, Patiño teoriza un rachamento e unha desaturación terminante coa poesía galega anterior. Nin Cunqueiro (outravolta) nin Aquilino. Necesítase unha poesía da vivencia existencial profunda dita nunhas falas nas que o que por entón se chamaba (Bousoño) imaxe visionaria que corta o fío de inmovilidade retórica que parte do Renacemento e chega aos nosos días. En pintura e poesía sempre estará contra o Renacemento. A escura emanación do inconsciente é convocada, e atopa en Pimentel un precursor recoñecido. Cuña Novás abre o camiño que el postula imprescindible e mailo Manuel María de *Advento* (“Ou ti home de bombillas rabiosamente roxas” canta o “Poema do home disgregado” cuxo título lle servirá a Patiño para un manifesto plástico que chegará a facer época). Logo, os seus amigos: Graña, Ramón Lorenzo, Cribeiro e todo o que el mesmo batiza como Escola

da Tebra e que define a revolución de Brais Pinto. Escribe poemas que, significativamente, levan o título de “Bandeiras Neboentas”. Patiño, entre outras diversas e entrambolicadas cousas, foi un poeta insignia da Galicia dos derradeiros anos cincuenta. Foi un dos poetas que enterraron as fórmulas retóricas imaxinistas, neotrovadoristas e neoclásicas de anteguerra. O seu pathos e o seu berro conecta, de lonxe e sen o saber, coa radicalidade formal e existencial da beat generation norteamericana.

Pro Reimundo Patiño, dende os días da súa doenza infantil, desde os días da adolescencia coruñesa patriótica e morbosamente crítica, desde a raíz da súa utopía nacional e social, foi sobor de todo un artista plástico.

Parte Patiño de dúas formas que o acompañaran sempre e que definirán de por vida a súa pintura. Unha, abstracta, que é o ollal a que antes nos referíamos e que nos reclama ao territorio da dor e das carencias existenciais e políticas da infancia do artista. Outra, figurativa; o retrato da muller anciá, de rostro pétreo, na que se acumula, como un icono, a repetición sintética da Patria.

O ollal abstracto, (por outra parte relacionado, igual que en Kandiski, co tecido popular de chachmir) irase completando e ampliando en solucións que sempre nos levan a dous pálpitos: o da terra cósmica e o da Terra como patria. Algunhas destas amplías variacións estarán relacionadas cos petroglifos e terán permanencia durante toda a traxectoria artística de Patiño: o labirinto (deseñado segundo o ritual dos catro puntos que usan os indios hopi) o cal evoca o enigma racionalizado, a loita contra o escuro monstro Minotauro e a ordenación do Caos (Fernández Ferreiro escribiría sobre iso a súa mellor novela); a espiral, que se relacionará co materialismo, coa noción de progreso, no senso de Engels, e será o primeiro símbolo da UPG e de todos os intentos de organización política nos que participará Patiño; a svastica, que é o movemento solar, o optimismo utópico, o sistema celeste cargado de esperanza e de ledicia activa. Pero o ollal pode tamén derivar en grafismo e, así, a mao de Patiño aplícase á recorrencia infinita, ao ritornello ao centro de si mesmo, ao embeleño interminabel do deseño adeprendido no entrelazo irlandés e escandinavo, que el pretende, mesmo, levar ao espacio da poesía. Ou pode o ollal primixenio adelgazarse, esencializarse e, baixo a impronta de Franz Marc, converterse en encadre racional que domine os elementos da natureza animal e vexetal.

Os rostros de muller, as Matres Gallaeciae de Patiño, a Grosse Mutter indoeuropea, tal como pode verse, por exemplo no cartel litográfico da homenaxe a Cabanillas de 1959, obviamente a Patria, será o ponto de partida (xunto coa forma paralela: a do varón individual atormentado e torturado e perseguido) da persoal agit-prop de Patiño, con intermitencias derivadas da oportunidade histórica, que podemos ver na súa serie de banda deseñadas (de carácter mural ou non) coma “O home que falaba vegliota” ou, de forma máis

directa, anteriormente, nos linolea da Estampa Popular Galega que el inspirara e que en 1966 levara mesmo á detención de varios dos seus membros (Lodeiro, Pedrosa, Pousa) e á disolución do organismo pola acción policiaca e xudicial.

Como xa teño dito nalgunha ocasión, entre 1958 e 1960, Reimundo Patiño chega á conclusión de que a pintura galega non tivera ningún artista equivalente a Manuel Antonio nos anos vinte. Non achaba que a renovación da Xeración Nós atinxira á pintura, deplorando o “modernismo” de Corredoyra ou Castelao. Non se explicaba como Risco, en 1916, era capaz de escribir que nin a el nin a Edison lles gostaba a Venus de Milo, e que abenzoaba a bomba que partira en dous o Partenón para ben da arte nova, sen que despois de tal “Preludio a toda Estética Futura” se dira un futurismo naquel Ourense que o vello mestre desexaba - por entón - máis próximo a Nova York ca a Madrid. Patiño (e Brais Pinto), con efecto, non se identificaba coa pintura galega anterior. Aínda que respeitaba a algúns artistas, máis ca nada por razóns de patriotismo e de lealdade política, detestaba claramente a un Prego de Oliver a quen erixía en modelo da pintura “galega”, isto é dun novo academicismo, que debería ser abolida. Colmeiro e Maside non eran dos seus, e había que rachar terminantemente co seu exemplo.

Tras dunha inicial reflexión e identificación co espírito e a práctica do expresionismo alemán, etapa na que se aproxima sentimentalmente a Emil Nolde e ao citado Franz Marc, sobre todo, Reimundo Patiño evoluciona ao informalismo e invade o territorio do que, en termos da teorización de Michel Tapié chamabamos daquela a Arte Outra.

A posición do discurso de Patiño en vésperas de 1960 fora exposto por min nun artigo/manifesto que viu a luz o 6 de xaneiro daquel ano e é como segue: a abstracción soviética e nerlandesa logra liberar da pintura e a escultura (dende Tatein e Malevich) toda ilusión figurativa, pero permanece unha frialdade deshumana. Das cinzas fumegantes da II Guerra Mundial nace unha arte “outra”. Humanizada e con raíces na revolución surrealista e no expresionismo, infantiza a mancha, a textura e a liña, así como o xesto da acción de pintar. De todo o aglomerado da “arte outra”, Patiño preferirá netamente a supervivencia do figurativismo expresionista de Appel e De Kooning e, sen dúbida, a abstracción dinámica norteamericana: Tobey, e sobre todo, Jackson Pollok, quen deixará unha permanente pegada na súa obra. Respetará, a distancia, o texturalismo de Fautrier, Burri ou Tápies (aínda que a defensa deste fronte ao reaccionarismo de Cunqueiro nunha sonada polémica foi evidente), mentres que de Jean Dubuffet prefería a brutalidade neofigurativa ao “realismo de campo limitado” dos seus “solos e terreos”. Mostra interese polo grafismo (Michaux, non Mathieu).

Como resultado de múltiples debates ocorridos entre 1958 e 1960, promediando a aprendizaxe e descuberta do gravado por Reimundo Patiño da

mao do artesán Repila no taller de Perdikiris / Papageorgios (coincide con Saura e fai intercambio de formas) e logo de diversas exposicións e debates na prensa nos que participan numerosos intelectuais mozos e o mesmo Vicente Risco, Reimundo Patiño funda o grupo A Gadaña e se presenta no mundo. O cumio do proceso resultou, como xa teño explicado en diversas ocasións, a exposición “Illa nova da pintura galega: A Gadaña”, en Lugo, no mes de xuño de 1960, que foi acompañada dun artigo do propio Patiño no que a súa especulación estética sobre o Informismo discorre por un vieiro de materialismo cósmico que nel fora sempre unha constante: “Comparemos o texturalismo con paredes feridas polo tempo, as liñas dun cadro/acción coas vetas dun mármore, a confusión ordenada de manchas explosivas con fotos dunha nebulosa. Nembargantes isto é simplemente accesorio; ver somentes isto no informismo sería ser miope ou querer desvirtuar as súas intencións. O que se quer dicir –e isto está lonxe de ser unha groma de mau gosto ou unha afirmación gratuíta– é que o Informismo, polo camiño do ascetismo, da negación, da introversión máxima, chega a formar as leis do movemento, do Cosmos, da Obxectividade”.

Velaí, pois logo, as “novas matemáticas” das que Patiño para a miña admiración, me falaba na ocasión do noso primeiro encontro na biblioteca do Centro Galego de Madrid.

Con Patiño formaban A Gadaña, na súa derradeira exposición, Virxilio, María Cremaes, Antón G. Arias “Pinturillas”, González Doreste, Ánxel Johán, Alfonso Gallego e o escultor Manuel Coia Franco. Era o cálido setembro de 1962, en Vigo. Algo nos dicía que unha época estaba a terminar. Invadíanos a malenconía, era a hora das despedidas. Moi consciente, eu fixen a crónica da exposición so o título: “A Gadaña se despide del informalismo”. Na realidade A Gadaña despedíase de ela mesma. O Brais Pinto desintegrábase; os seus compoñentes pillan cadanseu camiño. Sola se queda Fonseca. Patiño casa con María Vicenta, para ben. Coma un signo do cambio, Novoneyra fai solemne aparición en Madrid, onde Patiño ficará falando e pintando ate a súa morte, que el quixo que fose na Coruña.

En outono, xa Reimundo Patiño exhibía en *Vieiros* de México o presentimento dunha arte diferente: sen unidade orgánica, politextural, polimórfica, na que alguén podería albiscar a trivialidade post-modernista se non estivese presente no discurso o pensamento forte e a radicalidade sentimental inherentes ao noso amigo. Terminaban por entón os anos de aprendizaxe de Reimundo Patiño, e el estaba xa a ser o artista poderoso que hoxe todos parecen recoñecer. Estes versos da ODA MARINÁ ÁS FORZAS DE PATIÑO E JACKSON POLLOK, de Bernardino Graña, dirán mellor que eu dixen o que Patiño era para nós nos días da súa, da nosa iniciación:

I

Atrévete nos mares / de babexiña ou golpe / con aguación e coso / pra dar aínda na pedra e dar coas formas / tencionada aínda escuro entre os troncos / tempestade dos tempos / (¿ Que ten que caian follas? / Ti pintarás máis dentes)

Mira / bucía / palpa / no mar os carrameiros mestos / no mar / na terra / no ámbar de sague / dentro / descontrolando estatísticas e reixas / xurde / zurricha / vente / ollo de iodo / isco / batume / esencia / anque doan as tripas / envísgate nos océanos / neste gran mar que miro / (¡ah, que gran mar amigo!) / sé máis feliz que os congresos máis lóxicos e serios / sé laño que está a cebarse en marés e invernos / xordamente / agarda a dar un bo golpe / ti que vives ti que andas ti que sabes do vento /

II

Como o sol ou o mar non hai nada / como as formas xurdindo ou preguntas / non hai nada máis grande que o tigre / ou o peixe que no átomo xa agroma / e por iso defendo / unha lingua de carne e de lama / unha lingua de lama que aprenda / que non todo é falar e hai materia / e hai que andar e marchar decontado / e fender no Universo ou na nada / en máis frescos e inéditos celmes / polo que é necesario aguantarnos / contra todo ese medo de estrelas / ANQUE DOAN AS TRIPAS / contra todo o futuro horizonte / e a distancia terrible das presencias. /

E haberá máis diluvios e loitas / e a noite arredando aos que son febles / pra que poida saberse se é preciso / sementar con máis paixón homes nas femias / co semáforo en ritmo do pulso / devalando no espacio, por sempre

III

E Jackson Pollok vive e Jackson Pollok tenta /

porque nas mans buligan células e bacterias / e fillos de pais naceron e remaneceron e repetíronse todos / os movementos / E HABERÁ MÁIS DILUVIOS E DESASTRES / e cambiaran os semblantes das nubes de osíxeno das galaxias / e novos guelmos e lígamos darán / outros máis novos víveres e cadáveres tenros / comeremos falaremos cubriremos o chan de papeles / cruzaremos contigo e Jackson Pollok e Mark Tobey e os amigos / moitedumes de xente e cidades / puntos e liñas / kilombos e mares / guerras e baleiros”.

UN FUTURO

AUTISMO GALICIA

PARA EL AUTISMO

Sumario

113

Editorial

UN FUTURO PARA EL AUTISMO

117

GALICIA EN EL AÑO EUROPEO DE LUCHA CONTRA LA POBREZA

Santiago González Avión

133

LA EDUCACIÓN DE ADULTOS PARA LAS PERSONAS CON TEA:
ANÁLISIS EPISTEMOLÓGICA Y ALGUNAS PROPUESTAS PARA SU
DESARROLLO

Domingo García Villamisar e Araceli del Pozo Armentía

149

RECONOCIMIENTO DE LAS EMOCIONES EN PERSONAS CON TEA

Manuel Ojea Rúa

159

TRASTORNOS DEL ESPECTRO DEL AUTISMO:
TERAPIA GRUPAL Y TEATRO DE TEXTO

Ermel Morales Ramón

167

LOS DERECHOS DE LAS PERSONAS ADULTAS CON TEA
Y LA CONVENCIÓN DE LA ONU DE DERECHOS DE LAS PERSONAS
CON DISCAPACIDAD

Inés de Araoz Sánchez-Dopico

173

EL FUTURO DE LAS PERSOAS CON DISCAPACIDAD ENVEJECIDAS

Cipriano Luís Jiménez Casas

183

CLAVES PARA LA REFLEXIÓN SOBRE LA ATENCIÓN A PERSONAS
ADULTAS CON TRASTORNOS DEL ESPECTRO DEL AUTISMO EN
GALICIA

M^a Teresa Tiemblo Marsal e José Manuel Varela Rodríguez

201

EL CASO BEGONIA

Manuel Rivas Barrós

207

REIMUNDO PATIÑO EN SUS AÑOS INICIALES

X. L. Méndez Ferrín

UN FUTURO PARA EL AUTISMO

Editorial

“A Future for Autism–Un futuro para el Autismo”. Este es el slogan que Autismo Europa (AE), va a utilizar para su IX Congreso Internacional, que se celebrará en Catania-Sicilia (Italia), del 8 al 10 de octubre de 2010. Los temas a debatir en este Congreso giran entorno a la neurociencia, funcionamiento cognitivo, neurobiología, epidemiología e genética, tratamiento y servicios de cara a un mejor futuro para las personas con trastornos del espectro del autismo (TEA) y a sus familias. Cada cuatro años, AE trata de poner al día e informar de los descubrimientos que sobre los TEA, están llevando a cabo equipos interdisciplinarios de investigación a nivel internacional, dando a conocer a través de los expertos más sobresalientes en este campo, los progresos más recientes tanto en el abordaje como en el tratamiento que este colectivo necesita.

Estas actividades que desarrolla AE, así como la Organización Mundial del Autismo (OMA), tratan de romper con las falsas creencias del pasado sobre un trastorno, considerado enigmático. Frente a la posición de AE, nos encontramos en el día a día con noticias e informaciones sobre los TEA, que tratan de ofrecerle a la población en general y sobre todo a las familias, descubrimientos y expectativas, no siempre rigurosas y que crean estados de opinión especulativos, por non decir tendenciosos. Esto muy conocido por los profesionales y las propias familias de las personas con TEA, en la medida en que estamos frente a uno de los problemas más complejos y problemáticos, tanto en el terreno científico, como humano y por supuesto social.

A esta circunstancia hay que añadir una incidencia del autismo, que paso de los 4-5 casos por 10.000 personas, a una tasa en la que 6 de cada 1000 menores de 10 años, podrían tener afectadas su capacidad de comunicación, relación e imaginación. En Galicia, con una población de 224.292 niños y niñas menores de 10 años (2008), nos encontraríamos con 1.345 casos de

niños y niñas con autismo en edades escolares. Sin embargo, el incremento de la prevalencia en este tipo de trastornos, actualmente se considera en 1 de cada 110 nacimientos, por lo que nos encontramos con un trastorno que esta creando gran preocupación sanitaria, económica y por supuesto social, considerando al autismo, en ciertos sectores, como una crisis de salud publica.

Las Naciones Unidas, profundamente preocupadas por la elevada incidencia del autismo en los niños y niñas de todas las regiones del mundo y por los consiguientes problemas de desarrollo que afectan a los programas a largo plazo de salud, educación, capacitación e intervención emprendidos por los gobiernos, las ONGs y el sector privado, así como por sus terribles consecuencias en los niños y niñas, sus familias, las comunidades y la sociedad, proclamo que el día 2 de abril y desde el año 2008 se celebre: “El Día Mundial de Concienciación sobre el Autismo”.

El autismo puede aparecer en cualquier tipo de familia, independientemente de su pertenencia a un grupo étnico o social y daña de forma severa y profundamente al modo en que la persona se comunica y relaciona con su medio. El autismo es un trastorno complejo, que perdura a lo largo de la vida. Sus causas son múltiples y perturba el funcionamiento cerebral pudiendo ser identificado desde la infancia. Los mecanismos implicados en su disfunción neurológica todavía son imprecisos.

No existe a actualmente ningún tratamiento para este trastorno generalizado del desarrollo. Sin embargo, las personas con autismo pueden hacer verdaderos progresos si el diagnóstico precoz es seguido por un tratamiento temprano y una educación especializada y adaptada a cada persona.

La mayoría de las personas con autismo y sus familias tienen necesidad de un apoyo intenso a lo largo de su vida de cara a reforzar su potencial y suavizar el día a día duramente afectado por el autismo.

En este número de *Maremagnum*, coincidente con el: “Año Europeo de lucha contra la pobreza”, Santiago González Avión, aborda este tema, especialmente referido a su situación en Galicia. La revista trata de desarrollar toda una serie de temas fundamentales de cara a ser partícipes y apostar por: “Un futuro para el autismo”, tal como AE, va a tratar en su Congreso de Catania (2010). Domingo Garcia Villamisar y Araceli del Pozo Armentia desarrollan una cuestión fundamental y de hace tiempo demandada; “La educación de adultos para las personas con TEA. Análisis epistemológica y algunas propuestas para su desarrollo”; Manuel Ojea Rúa, trata un tema de máximo interés, al que se están dedicando actualmente otros investigadores; “El reconocimiento de las emociones en las personas con TEA”; Ermel Morales Ramón, hace una aproximación interesantísima sobre; “Terapia de grupo y teatro de texto en personas con TEA”, como modelo que procura el desarrollo de la capacidad comunicativa en los TEA. Inés de Araoz Sánchez-Dopico, como responsable del área jurídica de la Confederación Autismo España nos acer-

ca a un tema capital para las personas con TEA; “Los derechos de las personas adultas con TEA y la convención de la ONU de derechos de las personas con Discapacidad”; Cipriano L. Jiménez Casas, trata de introducir el debate sobre las futuras residencias para personas con autismo envejecidas, con el artículo; “El futuro de las personas con discapacidad envejecidas”. M^a Teresa Tiemblo Marsal y José Manuel Varela Rodríguez, en función de su experiencia y de su puesto de trabajo como directores gerentes de ASPANAES y Fundación Menela, respectivamente, nos dan una visión de la situación en Galicia de las personas adultas con TEA, en su trabajo: “Claves para la reflexión sobre la atención a personas adultas con trastornos del espectro del autismo en Galicia”.

En nuestra “sección cultural”, ya consolidada, contamos con la colaboración de dos académicos excepcionales X. L. Méndez Ferrín y Manuel Rivas Barrós. El profesor Méndez Ferrín, Presidente de la Real Academia Galega y propuesto por varias instituciones como candidato al Premio Nobel de Literatura, escribe sobre la figura de Reimundo Patiño. Manuel Rivas, el mas internacional de nuestros escritores gallegos contemporáneos, nos regala una historia fantástica: “El caso Begonia”.

Cipriano Luis Jiménez Casas
Director de *Maremagnum*

GALICIA EN EL AÑO EUROPEO DE LUCHA CONTRA LA POBREZA

Santiago González Avión*

Red Gallega de Lucha contra la Pobreza (EAPN-Galicia)

RESUMEN

A finales de los años 80, el equipo de Jacques Delors, por aquel entonces presidente de la Comisión Europea, llegó a la conclusión de que para crear cohesión social en Europa era necesaria una estrategia decidida a favor del empleo (Crecimiento, competitividad, empleo - Retos y pistas para entrar en el siglo XXI - Libro blanco - COM (93) 700, diciembre de 1993). Al poco tiempo, se agregó a esa agenda de trabajo, como un añadido, aún no como un sistema integrado, una apuesta por los servicios sociales, como un pilar más de la construcción europea (Política social europea - Un paso adelante para la Unión - Libro blanco. COM (94) 333, julio de 1994). Completó la reflexión una indicación clara de que la educación y la formación debían avanzar hacia un sistema integrado, y formaban parte del futuro del bienestar en Europa (Libro blanco sobre la educación y la formación - Enseñar y aprender - Hacia la sociedad cognitiva. COM (95) 590, noviembre de 1995).

